

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

XI lexislatura
Serie Pleno
Número 131

Sesión plenaria
28 de xuño de 2023

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA (continuación)

Punto 4. Propositions non de lei

4.4 53851 (11/PNP-004462)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia, Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e G.P. dos Socialistas de Galicia

Sobre a abordaxe por parte da Xunta de Galicia de diferentes medidas para afrontar o problema de saúde pública que representan a enfermidade renal crónica e a diabetes mellitus tipo 2

Publicación da iniciativa, BOPG nº 499, do 31.05.2023

4.7 54249 (11/PNP-004505)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Sanz Arias, Cristina e seis deputados/as máis

Sobre as demandas que debe facer a Xunta de Galicia ao Goberno de España respecto da xestión dos fondos europeos de recuperación

Publicación da iniciativa, BOPG nº 506, do 14.06.2023

Punto 5. Interpelacións

5.1 54065 (11/INT-002613)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e dous deputados/as máis

Sobre a planificación da atención sanitaria na época estival

Publicación da iniciativa, BOPG nº 506, do 14.06.2023

5.2 54173 (11/INT-002621)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Otero Lago, Noelia

Sobre a loita contra a violencia machista

Publicación da iniciativa, BOPG nº 506, do 14.06.2023

5.3 54234 (11/INT-002625)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria e dous deputados/as máis

Sobre as políticas para afrontar os delitos de odio e a fobia ao colectivo LGBT

Publicación da iniciativa, BOPG nº 506, do 14.06.2023

Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia

6.1 54631 (11/POPX-000111)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre os cambios que pensa introducir nas políticas de emprego da Xunta de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 510, do 21.06.2023



6.2 54632 (11/POPX-000112)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana**

Sobre o balance dos catorce anos de goberno do Partido Popular en materia de transferencias

Publicación da iniciativa, BOPG nº 510, do 21.06.2023

Punto 7. Preguntas ao Goberno**7.1 50325 (11/POP-007844)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma**

Sobre o fraccionamento de tres contratos por parte da Axencia de Turismo de Galicia no ano 2022

Publicación da iniciativa, BOPG nº 461, do 01.03.2023

7.2 54292 (11/POP-008311)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana e dezaioito deputados/as máis**

Sobre a investigación xudicial aberta contra unha parte da dirección da Corporación Radio e Televisión de Galicia

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 506, do 14.06.2023

7.3 54124 (11/POP-008291)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Balseiro Orol, José Manuel e seis deputados/as máis**

Sobre o estado das infraestruturas viarias de competencia estatal en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 506, do 14.06.2023

7.4 49721 (11/POP-007673)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e dous deputados/as máis**

Sobre a valoración por parte do Goberno galego das sentenzas xudiciais contrarias ao desenvolvemento eólico promovido pola Xunta de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 458, do 22.02.2023

7.5 53786 (11/POP-008252)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Arias Rodríguez, Raquel e seis deputados/as máis**

Sobre a valoración que realiza a Xunta de Galicia acerca do compromiso de manter a gratuidade para o cen por cento do alumnado das escolas infantís de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 499, do 31.05.2023

7.6 54593 (11/PUP-000344)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Otero Lago, Noelia e Díaz Varela, Noa Susana**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do grao de mantemento da modalidade de ensino presencial nos ciclos de Formación Profesional

Publicación da iniciativa, BOPG nº 510, do 21.06.2023



7.7 54624 (11/PUP-000345)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes**

Sobre as previsións da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades respecto da modalidade, presencial ou telemática, da docencia na Formación Profesional

Publicación da iniciativa, BOPG nº 510, do 21.06.2023

7.8 45914 (11/POP-006872)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e Otero Rodríguez, Patricia**

Sobre as previsións do Goberno galego en relación coas medidas que limitan a extracción da mexilla

Publicación da iniciativa, BOPG nº 431, do 04.01.2023

7.9 54634 (11/PUP-000346)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Prado del Río, Paula e sete deputados/as máis**

Sobre as políticas impulsadas en materia de prevención e de loita contra a violencia de xénero nos últimos anos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 510, do 21.06.2023



SUMARIO

Retómase a sesión ás dez e catro minutos da mañá.

Antes de entrar na orde do día, a señora Rodríguez Rumbo (S) solicita a palabra para informar de que o señor Álvarez Martínez, voceiro do G. P. dos Socialistas de Galicia, no transcurso da súa viaxe cara ao Parlamento, tivo un incidente co seu vehículo e que por esta razón non vai poder formular a súa pregunta ao señor presidente da Xunta de Galicia. Ao mesmo tempo, manifesta a súa desconformidade coa decisión da Cámara de impedir que un vicevoceiro ou unha vicevoceira poidan formulala. (Páx. 11.)

O señor presidente do Parlamento discrepa da opinión manifestada pola señora Rodríguez Rumbo (S) e comunícalle que a vicevoceira pode formular a pregunta, tal e como lle manifestou el personalmente ao señor Álvarez Martínez (S). O señor presidente e a señora Rodríguez Rumbo(S) manifestan os seus distintos pareceres verbo desta cuestión e, finalmente, o presidente concédelle a palabra á señora Rodríguez Rumbo (S) para que formule a pregunta e insiste en que por parte da Cámara non se puxo ningún impedimento para que así se fixese. (Páx. 11.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Luis Manuel Álvarez Martínez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre os cambios que pensa introducir nas políticas de emprego da Xunta de Galicia. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: Sra. Rodríguez Rumbo (S). (Páx. 12.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Rueda Valenzuela. (Páx. 13.)

Réplica da autora: Sra. Rodríguez Rumbo (S). (Páx. 15.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Rueda Valenzuela. (Páx. 17.)



Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o balance dos catorce anos de goberno do Partido Popular en materia de transferencias. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: Sra. Pontón Mondelo (BNG). (Páx. 19.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Rueda Valenzuela. (Páx. 20.)

Réplica da autora: Sra. Pontón Mondelo (BNG). (Páx. 21.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Rueda Valenzuela. (Páx. 24.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego e do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a abordaxe por parte da Xunta de Galicia de diferentes medidas para afrontar o problema de saúde pública que representan a enfermidade renal crónica e a diabetes *mellitus* tipo 2. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente informa de que, por ser unha proposición non de lei que presentan conxuntamente os tres grupos, cada grupo parlamentario terá unha rolda única de cinco minutos, sen réplicas. (Páx. 27.)

Intervención dos grupos autores da proposición non de lei: Sr. Torrado Quintela (S) (Páx. 27.), Sra. Carreira Pazos (BNG) (Páx. 29.) e Sra. Amigo Díaz (P). (Páx. 31.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Cristina Sanz Arias e seis deputados/as máis, sobre as demandas que debe facer a Xunta de Galicia ao Goberno de España respecto da xestión dos fondos europeos de recuperación. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 33.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Sanz Arias (P). (Páx. 33.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: Sra. Presas Bergantiños (BNG). (Páx. 36.)

Intervención do grupo parlamentario non emendante: Sr. Seco García (BNG). (Páx. 39.)

A señora Sanz Arias (P) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 43.)

Votación das proposicións non de lei

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Noelia Otero Lago e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para desenvolver a Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais: *rexeitada por 32 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 45.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Julio Torrado Quintela e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para determinar normativamente os criterios de destino das doazóns de material ao sistema público de saúde: *rexeitada por 32 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 46.)



O señor Rodríguez Pérez (P) pide a votación por separado dos puntos 2 e 5 na proposición non de lei presentada polo G. P. do Bloque Nacionalista Galego e que se vai votar a seguir. (Páx. 46.)

Votación dos puntos 2 e 5 da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Daniel Castro García e D. Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, sobre as medidas que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para mellorar a situación das o dos emigrantes galegos en Suíza: *aprobados por 73 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención. (Páx. 46.)*

Votación dos puntos 1, 3 e 4 da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Daniel Castro García e D. Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, sobre as medidas que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para mellorar a situación das o dos emigrantes galegos en Suíza: *rexeitados por 32 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención. (Páx. 46.)*

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego e do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a abordaxe por parte da Xunta de Galicia de diferentes medidas para afrontar o problema de saúde pública que representan a enfermidade renal crónica e a diabetes mellitus tipo 2: *aprobada por 73 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención. (Páx. 47.)*

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e dous deputados/as máis, sobre as solicitudes que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno central, logo das eleccións xerais, no que se refire á ampliación do autogoberno e á axenda de traspaso de competencias: *rexeitada por 18 votos a favor, 41 en contra e 14 abstencións. (Páx. 47.)*

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Manuel Balseiro Orol e seis deputados/as máis, sobre a demanda que debe facer a Xunta de Galicia ao Goberno de España para seguir impulsando o proxecto do corredor atlántico ferroviario, no que se integran as comunidades do noroeste peninsular: *aprobada por 55 votos a favor, ningún en contra e 18 abstencións. (Páx. 48.)*

A señora Presas Bergantiños (BNG) pide a votación por separado do segundo parágrafo da proposición non de lei presentada pola señora Sanz Arias (P). A señora Sanz Arias (P) acepta a petición. (Páx. 48.)

Votación do primeiro parágrafo do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Cristina Sanz Arias e seis deputados/as máis, sobre as demandas que debe facer a Xunta de Galicia ao Goberno de España respecto da xestión dos fondos europeos de recuperación: *aprobado por 41 votos a favor, 14 en contra e 18 abstencións. (Páx. 49.)*

Votación do segundo parágrafo do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Cristina Sanz Arias e seis deputados/as máis, sobre as demandas que debe facer a Xunta de Galicia ao Goberno de España respecto da xestión dos fondos europeos de recuperación: *aprobado por 59 votos a favor, ningún en contra e 14 abstencións. (Páx. 49.)*



Suspéndese a sesión ás once e cincuenta e seis minutos da mañá e retómase ás catro e un minuto.

Interpelación de D^a María Montserrat Prado Cores e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a planificación da atención sanitaria na época estival. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: Sra. Prado Cores (BNG). (Páx. 49.)

Resposta da Xunta: Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña). (Páx. 53.)

Réplica da autora: Sra. Prado Cores (BNG). (Páx. 56.)

Réplica da Xunta: Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña). (Páx. 59.)

Alteración da orde do día

A señora presidenta (Candía López) comunica unha alteración da orde do día consistente en debater a seguir dúas preguntas orais ao Goberno. (Páx. 61.)

Pregunta de D. Pablo Arangüena Fernández e D^a Paloma Castro Rey, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o fraccionamento de tres contratos por parte da Axencia de Turismo de Galicia no ano 2022. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: Sr. Arangüena Fernández (S). (Páx. 61.)

Resposta da Xunta: Sr. vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Calvo Pouso). (Páx. 62.)

Réplica do autor: Sr. Arangüena Fernández (S). (Páx. 64.)

Réplica da Xunta: Sr. vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Calvo Pouso). (Páx. 65.)

Pregunta de D^a Ana Pontón Mondelo e dezoito deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a investigación xudicial aberta contra unha parte da dirección da Corporación Radio e Televisión de Galicia. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: Sra. Rodil Fernández (BNG). (Páx. 66.)

Contestación da Xunta: Sr. vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Calvo Pouso). (Páx. 68.)

Réplica da autora: Sra. Rodil Fernández (BNG). (Páx. 69.)

Réplica da Xunta: Sr. vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Calvo Pouso). (Páx. 69.)

Interpelación de D^a Susana Díaz Varela e D^a Noelia Otero Lago, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a loita contra a violencia machista. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: Sra. Díaz Varela (S). (Páx. 71.)

Resposta da Xunta: Sra. conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade (Rivo López). (Páx. 75.)

Réplica da autora: Sra. Díaz Varela (S). (Páx. 77.)

Réplica da Xunta: Sra. conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade (Rivo López). (Páx. 79.)

O señor Puy Fraga (P) pide a palabra para facerlle unhas aclaracións á señora Díaz Varela (S). (Páx. 81.)



Interpelación de D^a Iria Carreira Pazos e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as políticas para afrontar os delitos de odio e fobia ao colectivo LGBT. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Carreira Pazos (BNG)*. (Páx. 83.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade (Rivo López)*. (Páx. 86.)

Réplica da autora: *Sra. Carreira Pazos (BNG)*. (Páx. 89.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade (Rivo López)*. (Páx. 90.)

Pregunta de D. José Manuel Balseiro Orol e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o estado das infraestruturas viarias de competencia estatal en Galicia. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Balseiro Orol (P)*. (Páx. 92.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 93.)

Réplica do autor: *Sr. Balseiro Orol (P)*. (Páx. 94.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 95.)

Pregunta de D. Xosé Luís Bará Torres e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a valoración por parte do Goberno galego das sentenzas xudiciais contrarias ao desenvolvemento eólico promovido pola Xunta de Galicia. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Bará Torres (BNG)*. (Páx. 96.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Economía, Industria e Innovación (Lorenzana Somoza)*. (Páx. 97.)

Réplica do autor: *Sr. Bará Torres (BNG)*. (Páx. 98.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Economía, Industria e Innovación (Lorenzana Somoza)*. (Páx. 99.)

Pregunta de D^a Raquel Arias Rodríguez e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración que realiza a Xunta de Galicia acerca do compromiso de manter a gratuidade para o cen por cento do alumnado das escolas infantís de Galicia. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Arias Rodríguez (P)*. (Páx. 100.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social e Xuventude (García Martínez)*. (Páx. 101.)

Réplica da autora: *Sra. Arias Rodríguez (P)*. (Páx. 102.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social e Xuventude (García Martínez)*. (Páx. 103.)

Alteración da orde do día

A señora presidenta (Prado Cores) comunica o debate acumulado de dúas preguntas. (Páx. 104.)



Pregunta de D^a Noelia Otero Lago e D^a Noa Susana Díaz Varela, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do grao de mantemento da modalidade de ensino presencial nos ciclos de formación profesional. (Punto sétimo da orde do día.)

Pregunta de D^a Mercedes Queixas Zas, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades respecto da modalidade, presencial ou telemática, da docencia na formación profesional. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención das autoras: *Sra. Otero Lago (S) (Páx. 104.) e Sra. Queixas Zas (BNG). (Páx. 106.)*

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (Rodríguez González). (Páx. 107.)*

Réplica das autoras: *Sra. Otero Lago (S) (Páx. .) e Sra. Queixas Zas (BNG). (Páx. 109.)*

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (Rodríguez González). (Páx. 110.)*

Pregunta de D. Julio Torrado Quintela e D^a Patricia Otero Rodríguez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións do Goberno galego en relación coas medidas que limitan a extracción da mexilla. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Torrado Quintela (S). (Páx. 112.)*

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro do Mar (Villares Bermúdez). (Páx. 114.)*

Réplica do autor: *Sr. Torrado Quintela (S). (Páx. 115.)*

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro do Mar (Villares Bermúdez). (Páx. 116.)*

Alteración da orde do día

A señora presidenta (Prado Cores) informa de que a pregunta que figura na orde do día en noveno lugar foi retirada por petición dos seus autores. (Páx. 117.)

Remata a sesión ás sete e vinte e cinco minutos da tarde.



Retómase a sesión ás dez e catro minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Reanudamos a sesión.

Primeiro, saudar os novos conselleiros e conselleiras que hoxe xa nos acompañan.

(A señora Rodríguez Rumbo pide a palabra.)

Señora Rodríguez Rumbo, ¿para que quere a palabra?

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Bo día, señoras e señores deputados.

Grazas, señor presidente.

Pido a palabra para informar de que o noso voceiro no transcurso da súa viaxe cara a esta cámara tivo un incidente co seu vehículo. Está ben, non é nada grave, pero impídelle estar aquí para formular a pregunta ao presidente.

E tamén quero manifestar a nosa desconformidade coa rixidez desta cámara, que para outras cousas é bastante máis laxa e non obstante impide que unha vicevoceira ou un vicevoceiro deste grupo poida formular a pregunta e ese control ao Goberno ao que temos dereito cada vez que hai un pleno neste parlamento.

Nada máis e moitas grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Lamento discrepar, porque o portavoz falou comigo. E eu díxenlle: pode formulala a viceportavoz, e el díxome: non vou mandar ningún escrito. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Si, si, ben, ¡por favor! O que falou comigo falouno comigo. Eu ofrecínlle esa posibilidade tamén, porque... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Pero ¿como me vai dicir vostede que non, se acabo de falar con el? Eran as oito da mañá ou oito e pico, falei con el e díxenlle que hai un mecanismo que contempla e ademais eu invítoa a que, se quere, faga vostede a pregunta. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Pero, claro, iso non é un problema, que nós esteamos obstruíndo. Así llo transmitín ao portavoz. Agora, se quere vostede formular a pregunta, hai acordo de todos os grupos, formule a pregunta.

Hai cousas que hai que matizar un pouco primeiro.

Cando queira.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Señor presidente, eu creo que de todas formas non é exactamente así; hai que facer un escrito, tense que reunir a Mesa e, polo tanto, parece ser que había un impedimento para poder formular neses termos.



O señor PRESIDENTE: ¡Por favor!, señora Rodríguez Rumbo, ¿quen lle puxo ese impedimento ao portavoz? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Se falou comigo, e eu díxenlle: non fai falta, arreglámolo. ¿Pode formulala a túa viceportavoz?

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Ben, pois xa está. Formulamos a pregunta.

O señor PRESIDENTE: Quero que iso quede absolutamente claro. Nós non poñemos atrancos nese asunto.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Luis Manuel Álvarez Martínez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre os cambios que pensa introducir nas políticas de emprego da Xunta de Galicia

O señor PRESIDENTE: Formule cando queira a pregunta.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Señor Rueda, hoxe vimos preguntarlle sobre as políticas de emprego da Xunta de Galicia e vimos coa pregunta sabendo que a súa resposta, que a resposta do Partido Popular, vai ser de todo menos confiable. Pero imos falar de emprego, para que despois non nos diga que non falamos sobre a pregunta que aquí traemos. Que tamén hai que ter cara para dicir iso, cando vostede, señor Rueda, escasas veces vén aquí falar sobre o que se lle pregunta. En fin, despois de todo o visto, xa non nos sorprendemos do descaro do Partido Popular.

Señor Rueda, o mercado laboral en España e, por ende, en Galicia está vivindo un período positivo, pero non se engane: non é grazas á Xunta de Galicia, non; é grazas, maioritariamente, ás políticas de emprego que puxo en marcha o Goberno do Estado, encabezado polo presidente Pedro Sánchez, e ás que vostedes, coma sempre, se opuxeron. Pero os datos falan por si sós, porque, grazas ás medidas adoptadas polo Goberno de España, o mercado laboral acadou o récord de 20,8 millóns de ocupados.

Como dicía, isto non é grazas á Xunta de Galicia, porque, ademais, grazas ás ineficaces por non dicir inexistentes políticas de emprego da Xunta de Galicia a sociedade galega ten que ver como cae menos o paro en Galicia, como se cambian sen explicación ningunha as modalidades de formación, como existe unha brecha de xénero ou como se deixan de investir millóns asignados para políticas de emprego.

Pero non o digo eu, señor Rueda, dino os datos, dino os datos facilitados por este parlamento zobre a execución orzamentaria, nos cales se ve claramente que dende 2009 a 2022 o Goberno galego deixou sen gastar 1.954 millóns de euros dos 5.977 millóns de euros asignados a políticas de emprego, 1.954 millóns de euros, o 34,2 por cento, señor Rueda.

Estes datos tamén din do pouco interese que ten a Xunta de Galicia en canto á formación para o emprego, porque dos fondos asignados para esta cuestión 1.604 millóns de euros quedaron sen gastar, 656 millóns para persoas paradas e 207 millóns para persoas ocupadas.

Sostén a CRUE, a Conferencia de Reitores das Universidades Españolas, que Galicia está no podio da fuga de cerebros, sendo a segunda comunidade autónoma con máis peso de egre-



sados no exterior. Para que se fagan unha idea, no pasado ano tiveron que marchar 8.257 traballadores galegos con titulación universitaria.

O estudo realizado polo sindicato UXT pon de manifesto a brecha de xénero que sofre Galicia, xa que a brecha salarial é do 19,1 por cento; é dicir, as traballadoras galegas perciben case 5.000 euros menos ao ano.

Dedícanse a criticar a suba do salario mínimo interprofesional, que está beneficiando xa de forma directa 100.000 traballadores e traballadoras galegos e galegas. Dedícanse a votar en contra da igualdade, pero non nos asombra, xa que o señor Feijóo dixo que as políticas de igualdade lle molestan. Dedícanse a opoñerse ás iniciativas deste Grupo Socialista, que trouxemos reiteradas veces a esta cámara, para que implementara o Goberno galego as medidas de emprego que perseguían acadar a igualdade.

E, por se fora pouco, señor presidente, agora dedícanse a cambiar a modalidade da formación profesional para adultos sen aviso previo ao alumnado e ao persoal docente, porque consideran acertado que case unha vintena de ciclos de formación profesional para adultos se impartan soamente en modalidade *on line*.

Mentres o Goberno de España quere e fai que este país avance, o Goberno galego, vostede, señor Rueda, quere e fai que Galicia retroceda.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Danlle igual os galegos e as galegas.

En definitiva, señor presidente, ¿que cambios pensa introducir nas políticas de emprego da Xunta de Galicia?

Moitas grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Señora Rodríguez Rumbo, celebro poder contestar esta pregunta, celebro poder falar de emprego nesta cámara e que poidan facer a pregunta. Espero que o do señor portavoz non sexa nada e espero que cando estea recuperado poida coordinarse un pouco máis dentro do seu grupo parlamentario, non teñamos que ver o que acabamos de ver, sinceramente.



Mire, faime graza. Ao final, desta pregunta que vostede leu ¿o obxectivo cal é? ¿Dicir que as cousas van ben en Galicia a pesar da Xunta de Galicia, a pesar do Goberno de Galicia? Ben, eu admítolle o primeiro: as cousas van ben en Galicia, por suposto que teñen que ir mellor e por suposto que para iso traballamos. Pero mire, van ben pese a ese slogan que teñen vostedes de *la mejor España e deixar a pel*. Pois mire, en Galicia a situación é que estamos tres puntos por encima en diferencial en taxa de desemprego respecto ao conxunto de España. Polo tanto, se na mellor España hai tres puntos máis de desemprego do que hai en Galicia alégrome moito de estar en Galicia e de gobernar Galicia, sinceramente. (Aplausos.)

Eu pídolle, xa que falamos de emprego, que é un tema moi serio, que o falemos en serio, de verdade. Eu compréndoo, vostede non tiña preparada a pregunta e tivo que ler o que ía dicir o señor Álvarez, pero iso non impide que poidamos falar en serio, sen consignas. Xa sei que agora chegan as eleccións e vostedes teñen a orde de intentar defender en todas as partes o que fixo o Goberno de España. Pero o Goberno de España aquí tampouco o fixo ben, señora Rodríguez Rumbo. Xa digo: tres puntos de diferenza. Non son capaces de mantelo en España, si en Galicia. Algo terá que ver a Xunta de Galicia en que teñamos bastantes mellores cifras.

Mire, eses anuncios que teñen vostedes agora, por exemplo, bombardeando os pensionistas dicindo que quen lles paga as pensións é Pedro Sánchez e quen lles sobe as pensións é Pedro Sánchez, todo iso non é serio, non é de políticas serias. E eu creo que este debate hai que facelo doutra maneira.

Se falamos en serio, hai que facer políticas de emprego dende as comunidades autónomas, que temos capacidade de facelo. E aproveito tamén para darlle a benvida á nova conselleira de Emprego, que ten experiencia no eido académico, no eido profesional, no eido político, e creo que seguirá o magnífico labor que estaba facendo a anterior conselleira e que nos levou a esas boas cifras de paro.

Estará vostede de acordo comigo en que a mellor política de emprego é aquela que é capaz de compaxinar as demandas da xente que quere traballar ou mellorar de emprego coa oferta do mercado laboral e ao mesmo tempo favorecer a iniciativa económica para que se poidan crear postos de traballo. Estará de acordo comigo en que todo empeza para unha oferta formativa. Vostedes non lle dan ningunha importancia nunca á revolución silenciosa da formación profesional en Galicia; nós si, e conseguimos que haxa moitísimos máis alumnos matriculados na formación profesional, agora un 75 por cento máis que no ano 2009, e unha FP dual, que está compaxinando cun cen por cento de empregabilidade, e un 85 na FP dual, que é implicación de todo o tecido produtivo.

É así como se fan políticas activas de emprego. E supoño que, se quere falar disto, podemos falar en serio. Se teñen esa consigna de vir dicir que todo o bo é grazas a vostedes e todo o que non é bo é sen culpa de vostedes, así é imposible falar, incluso dun tema tan serio como o emprego.

Mire, ¿hai que facer políticas activas de emprego? Si. No que poidamos facer nós, estámolo facendo: unidades formativas en empresas, para que poidan ter a formación que eles queiran; miniactividades de formación, rápidas; aprobamos o outro día no Consello da Xunta de Galicia



para que unha necesidade formativa puntual poida ser atendida rapidamente; 200 millóns de euros para programas formativos en xeral, moitos en colaboración cos concellos.

Mire, houbo 15.000 galegos no que levamos de ano, apenas medio ano, que se puideron beneficiar das accións formativas para empregabilidade que promove a Xunta de Galicia. Estamos avanzando cara a uns servizos de formación e orientación cada vez máis profesionais, cada vez máis individualizados, máis pendentes de que a persoa que acode a eles despois poida atopar emprego.

E temos ferramentas de intelixencia artificial.

Temos ese seguimento especial dos parados de longa duración, os que levan máis de cinco anos apuntados nos servizos de emprego. Hai que ver o que pasa aí, hai que intentar axudalos.

Tamén hai que intentar —e niso tamén están de acordo os sindicatos— evitar calquera tipo de fraude.

E hai 136 novos orientadores laborais, que se engaden aos profesionais que xa están traballando e que van mirar todo isto.

Por suposto, está o programa Retorna, para que a xente poida vir traballar aquí.

Hai moitísimas cousas que facer, Rodríguez Rumbo.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Podemos falar disto en serio. Agora, se vostede vén aquí cumprir unha consigna, é dicir, que todo o que vai ben é grazas a vostedes e en todo o que vai mal non teñen nada que ver, así vai ser moi difícil.

Moitas grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Señor presidente, mire, Galicia vai ben a pesar do voto en contra do Partido Popular ao salario mínimo interprofesional, do voto en contra do Partido Popular ao ingreso mínimo vital, do voto en contra do Partido Popular á reforma laboral e do voto en contra do Partido Popular ao incremento das pensións públicas. *(Aplausos.)*

E tamén lle podo recordar ese voto en contra ao Plan de recuperación, transformación e resiliencia, ou esas visitas a Europa, nas que a vostede aínda non o recibiron hoxe, nas que intentaron por todos os medios que os fondos europeos non chegaran a España e, polo tanto,



a Galicia. E síntome en condicións de afirmar que Galicia vai ben a pesar da Xunta de Galicia e do seu Goberno. (*Aplausos.*)

Mire, señor Rueda, a pesar de que estamos acostumados nesta cámara a que o Partido Popular veña sempre con mentiras e que no Partido Popular non imos facer isto e logo fan de todo e todo o contrario do que din e enganar a xente, a verdade é que o descaro que están tendo ultimamente de cara á sociedade galega xa nos parece impresentable. Non se sorprendan, porque é así; é así, aínda que non lles guste oír as verdades.

Non hai tantos días que dicían —cito palabras da señora Paula Prado—: «Non apoiaremos a Jácome no concello, de ningunha maneira». (*Murmurios.*) E días despois sae á luz o acordo firmado con Jácome. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Ou o señor Feijóo, que dicía que non ía pactar con Vox, e aquí está anunciando pactos con Vox.

Por certo, señor presidente, gustaríanos que nos dixera que lle parece que, por exemplo, nas Cortes de Castela e León retiraran a bandeira LGBTI. Supoño que iso é motivo deses pactos con Vox que o señor Feijóo dicía que nunca ía ter e que está tendo xa en moitos lugares. E, polo tanto, están negando a igualdade, están negando as persoas que teñen diferentes orientacións sexuais e están negando moitos dereitos que custou moito traballo acadar. (*Aplausos.*) E vostedes tíranos pola borda, porque se someten a esas premisas dese partido, que, por certo —é verdade— eles non enganar a ninguén; os que menten son vostedes, porque dicían que estaban de acordo con todos estes avances sociais e en canto poden, por ter un sillón e por acadar eses acordos, pactan con quen sexa; non teñen vergonza.

Señor Rueda, ¿tamén pode confirmarnos que o señor Baltar non vai ser presidente da Deputación?

Polo tanto, creo que a credibilidade que esperamos de vostede, señor Rueda, do Partido Popular, tamén do Partido Popular de Galicia, é ningunha.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: E dicímoslle máis: os galegos e as galegas tampouco esperan ningunha credibilidade do Partido Popular, porque xa non enganar a ninguén, nin vostedes nin o señor Feijóo.

Señor Rueda, ¿é que non se cansa de vir aquí soltar datos inventados, soltar sempre o mesmo discurso? Vén aquí vender máis do mesmo: nada para Galicia. Vén aquí dicir sempre que se somos nós os que seguimos en campaña, cando en realidade son vostedes, que fan —e aínda por riba mal— iso que tanto lles gusta, ese facer que fan tan típico do Goberno do Partido Popular.

O señor PRESIDENTE: Grazas. Remate, señora Rodríguez, Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Ben, pois como non teño máis tempo, só unha cuestión, señor presidente. Como foi todo así un pouco, ben, abrupto, quería aproveitar tamén dende



o noso grupo para felicitar tanto os deputados e deputadas que se acaban de incorporar como os novos conselleiros. Esperamos que teña moitos acertos, porque os acertos que puideran ter con Galicia serán en beneficio dos galegos e das galegas, e, polo tanto, este grupo sempre vai estar a favor de que se governe para favorecer a todos os galegos e a todas as galegas.

Moitas grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche da pregunta, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Rodríguez Rumbo, acabaráselle o tempo porque o adica, en vez de falar de emprego, a outras cousas, jeh! (Risos.) (Murmurios.) Mire, se quere falamos dos pactos de Ourense, nos *parkings* e nos descampados, (Murmurios.) antes da investidura e despois. (Aplausos.) Señora Rodríguez Rumbo, ¡un pouco de decencia, un pouco de decencia!

Mire, non se enfade tanto facendo a pregunta. Galicia vai ben; moitas grazas; ímosllo recordar moitas veces. Póñanse de acordo, porque normalmente din que non. Pero, ben, Galicia vai ben, estou de acordo. Non estou de acordo co que di vostede de que vai ben pero vostedes fan todo o posible para que vaia mal. Non é certo, intentamos acertar tamén. Pero ao final o resultado é o que nos interesa. Galicia vai ben, dío o Partido Socialista e dío o Partido Popular. Alégrome moito de que coincidan con nós. Moitísimas grazas. (Aplausos.)

E mire, fala de que invento datos. Eu diríalle que fora un pouco máis exacta, votamos a favor do ingreso mínimo vital. Vostede acaba de dicir que non. (Pronúncianse palabras que non se perciben.) Infórmese un pouco máis. Iso si, votamos porque nos dixeron que nolo ían traspasar; promesa, como todas as que fan vostedes, a día de hoxe nada de nada. Xa non son nin escusa, xa nin se poñen ao teléfono, nin contestan. Saben que o prometeron, pero, como tantas cousas que prometeron e que non pensan cumprir dende o seu Goberno, este é un exemplo máis. Pero votamos a favor do ingreso mínimo vital.

Miren, non podíamos estar a favor dalgunhas cousas. Acaba de saír a EPA. En España trabállanse menos horas que nunca, pode haber máis contratos precarios, agora fixos, pero trabállanse menos horas que nunca; polo tanto, aí non melloramos, sseñora Rodríguez Rumbo, e vostede sábeo de sobra.

Melloramos en xeral en moitas cousas, e vólvollo dicir: a máis de 3 puntos de diferencial con respecto á taxa de desemprego en España. Algo estaremos facendo aquí diferente a outras comunidades autónomas para ter unha taxa bastante mellor.

Efectivamente, Galicia vai ben —xa digo—, ten que ir moitísimo mellor, hai moitas cousas que corrixir, nós somos moito máis humildes que vostedes, pero, ¡home!, hai datos que son



bastante elocuentes: a cifra de paro máis baixa de toda a serie histórica dende o ano 1996, a mellor en case trinta anos; a cifra de persoas en paro en menos de 30 anos e de mulleres desempregadas son as menores da serie histórica tamén; dende maio do ano 2009 tampouco se rexistraba unha cifra tan baixa de persoas paradas de longa duración. Todo isto son datos que nos animan a seguir por este camiño.

Vostede dicía tamén que os fondos europeos non chegaron a España. Si, si que chegaron, o que pasa é que os teñen retidos e non os están distribuindo. Case 30.000 millóns de euros en PERTE industriais, que xa non sei cantas veces nos anunciaron que os ían convocar, señora Rodríguez Rumbo, e non os convocan. E aquí en Galicia hai un montón de proxectos que van crear miles de postos de traballo, con investimentos privados moi importantes, que están esperando e desesperándose ante a súa lentitude.

Así tamén se crean postos de traballo. ¿Que razón hai para ter retido todo iso? Vanse ir vostedes do Goberno dentro dun mes con 30.000 millóns de euros embalsados, que non foron capaces de mobilizar, ante a desesperación non só da Xunta de Galicia senón de moitas comunidades autónomas que ata o mes de maio estaban gobernadas polo Partido Socialista. ¿Ou cre que non falamos entre nós? ¿Ou cre que isto non o comentamos e todos coincidimos no mesmo? Que se meteron nunha maraña, que España tiña unha oportunidade magnífica para crear emprego, emprego estable, emprego de futuro, e a deixaron pasar absolutamente, señora Rodríguez Rumbo. Isto tamén é importante, disto creo sinceramente que tamén hai que falar.

Mire, nós imos seguir traballando mentres. Este ano aumentaron un 12 por cento os fondos da Consellería de Emprego, 433 millóns, récord absoluto en materias, máis dun 20 por cento directamente aos emprendedores, directamente aos autónomos. (*Murmurios.*) Si, si, son os datos. E por iso Galicia vai ben, é que non é unha casualidade, señora Rodríguez Rumbo. (*Murmurios.*) Algo estaremos facendo ben. Gustaríame ter máis colaboración do Goberno de España. Probablemente con isto as cousas terían ido moitísimo mellor aínda.

Falaba vostede de execución. Mire, estamos na media de execución e incluso un pouco por enriba da media de execución estatal en fondos de emprego. Por certo, cada vez nolos transfiren máis tarde, e por iso é máis difícil executalos. Aínda así, executámoslos. A ver se nos transfiren tamén os fondos Next Generation. Farémolo. Eu espero que o seguinte Goberno de España sexa moito máis sensible con isto.

Somos a terceira comunidade autónoma en ritmo de crecemento dos salarios, tamén a sexta onde máis diminúe a fenda salarial. Hai un montón de estatísticas que lle podería dicir, pero sinceramente non me dá tempo, creo que isto require un debate máis sosegado. Alégrome polo menos de ter a oportunidade de ter falado nesta sesión de control destes temas e alégrome moito do seu recoñecemento. Efectivamente, Galicia vai ben.

Moitas grazas.

(*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.



Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o balance dos catorce anos de goberno do Partido Popular en materia de transferencias

O señor PRESIDENTE: Cando queira, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas, presidente.

Eu quero empezar este día, o Día do Orgullo, facendo un recoñecemento a todas as persoas e a todos os colectivos que ergueron a bandeira da diversidade e da liberdade para amar. Eu quero dicirles que van ter sempre ao seu lado o BNG para traballar por unha Galiza inclusiva e tolerante na que cadaquén poida amar a quen queira amar e ser quen queira ser. ¡Feliz Día do Orgullo! *(Aplausos.)*

Señor Rueda, seguro que lembra que en 2009 vostede pois criticaba o escaso balance que tiña o Goberno da Xunta en materia de autogoberno. Alegaba que ese goberno en menos de catro anos só fora capaz de conseguir catorce competencias e mostrábase moi preocupado polo autogoberno. Nese mesmo ano, na campaña electoral, o Partido Popular tamén pregoaba aos catro ventos a cantidade de competencias que ía conseguir para Galiza. Pero ¿cal foi a realidade? En 2010, o Partido Popular conseguiu cero competencias, en 2011 cero competencias, en 2012 cero competencias —por certo, xa cun goberno amigo de Mariano Rajoy en Madrid—, en 2013 cero competencias, en 2014 cero competencias, en 2015 cero competencias, en 2016 cero competencias, en 2017 cero competencias, en 2018 cero competencias. E chegamos a 2019, e aí non sei se viron a luz, se caeron do cabalo camiño de Damasco, porque en xaneiro dese ano aprobaron unha iniciativa do BNG para que conseguiramos o máximo teito competencial. E quero lembrarlle que dicían literalmente nese debate: «Galicia non é unha comunidade nin de terceira nin de cuarta división, queremos estar na división de honra, como está o País Vasco e Cataluña, e tamén queremos negociar as transferencias de competencias, todas, todas».

Pero, efectivamente, o falar non ten cancelas, e estas palabras quedaron en nada, levounas o vento, porque inmediatamente recibiron unha chamada de Génova e vostedes recuaron, co seu habitual servilismo a Madrid.

E, finalmente, ¿cal é o balance? É que Galiza, nin en primeira nin en división de honra, vostedes fan que Galicia xogue na terceira rexional, despois de catorce anos con cero competencias. *(Aplausos.)* E, mentres, outros avanza, porque fíxese: Cataluña conseguiu once novas competencias, Andalucía catorce e Euskadi conseguiu vinte e seis, en ámbitos moi importantes. E mire, ¿sabe, señor Rueda, por que en Galiza temos en catorce anos cero competencias? Pois hai realmente dúas razóns: a primeira é porque vostedes, como boa sucursal que son de Génova, son o cabalo de Troia do centralismo neste país; e a segunda é porque o Partido Popular é completamente inútil á hora de defender os intereses de Galiza en Madrid.

E por todo isto, señor Rueda, preguntolle: ¿cal é o seu balance en materia de autogoberno? ¿Como valora vostede ter conseguido cero competencias en catorce anos?

(Aplausos.)



O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Grazas, señor presidente.

Nós, por suposto, o Goberno, e estou seguro que o grupo, tamén nos sumamos ás felicitacións do Día do Orgullo. ¡Feliz Día do Orgullo!, nunha Galicia aberta, tolerante e en liberdade; sentímolo e dicímolo. (*Aplausos.*)

Dito isto, señora Pontón, pregúntame vostede polo balance das competencias transferidas a Galicia. Fixo un relatorio, co que estou de acordo. Co Goberno socialista, primeiro Goberno socialista do señor Zapatero, non foi posible; non será porque non nos reunimos en comisións mixtas de transferencias, sen ningún resultado; non foi posible —e denunciámolo— co Goberno do señor Rajoy; e vostede, claro, para o contador no ano 2019, por unha razón: porque alí investiron vostedes co seu voto decisivo, que ía cambiar o mundo, o señor Pedro Sánchez. Se lle fago caso ao que dixeron vostedes, agora mesmo estamos cheos de competencias. Investírono, creo que dixeron literalmente «por un feixe de competencias para Galicia», a cambio de todo iso. ¿Cal é o balance, señora Pontón?, ¿cal é o balance dese voto decisivo que vostedes fixeron a base de competencias?

Claro, a culpa é nosa, a vostedes non os enganou ninguén, (*Risos.*) non o puxeron alí como requisito e dixéronlle que si e despois nunca máis. Nós seguímolo reclamando. Pero, ¡joia!, non fomos os únicos enganados; aí vostedes teñen un papel moi protagonista respecto a ese engano.

Mire, teñen vostedes un triste récord —xa llo dixen na sesión anterior de control—: son o único partido nacionalista que non conseguiu sacarlle absolutamente nada a Pedro Sánchez, (*Risos.*) o único. As causas, ben, non lle vou dicir que teñan a culpa exclusivamente. É certo que ese deputado estrela que teñen en Madrid agora non lles vale nin para debater, (*Murmuros.*) nin para debater. ¡Home!, moita capacidade negociadora non demostrou ter. Pero é certo tamén que fixeron un pacto cun presidente que fixo de negarlle o pan e o sal a Galicia unha marca de identidade, iso si, coa súa complicidade. E contra iso e coa complicidade dos seus socios pois comprendo que é moi difícil loitar.

E diciállo tamén o outro día. Hai unha canción de Serrat que di: *nunca es triste la verdad, lo que no tiene es remedio*. Pero eu négome a que isto non teña remedio, é verdade, pero ten que ter un remedio, señora Pontón.

Voulle dicir unha cousa —e espero que, como se enfada por todo, non se enfade por isto—: é vostede moi previsible, moi previsible, e cando chegan as eleccións xerais sempre saca este tema; o malo é que esta vez ten que enfrontarse a un compromiso que vostede vendeu como un gran logro, e o balance efectivamente é cero. Non será porque non o pedira a Xunta de Galicia. Vostedes non o pediron demasiado, aquí si, pero cando chegan a Madrid nunca pediron esas transferencias que lles prometeran a cambio da investidura.



Pero mire, o problema é que dá igual, agora estamos asistindo a un curioso plantexamento mingunte. Vostedes empezaron con ese grupo parlamentario propio, cinco máis, agora xa están baixando a un grupo importante —defíneme o que é importante— e agora xa están supoño que desenvolvendo a teoría de que grupo é todo aquilo que sexa máis dun deputado. (Risos.) Ben, e queda un mes para as eleccións, veremos en que acaba todo isto; o malo é que o resultado vai ser o mesmo.

Mire, tiveron un deputado —segundo vostedes, decisivo: cero—; se teñen dous —que parece ser que é o que din algunhas enquisas—, pois dous por cero é exactamente o mesmo: igual a cero. E así é moi difícil. Despois poden vir aquí dicir que a culpa a temos os demais, pero, mire, a culpa téñena os que nos dixeron un montón de cousas que despois non foron capaces de facer valer.

Mire, e non será porque os seus socios non lle estean avisando. Onte houbo aquí un debate sobre transferencias. Voulle dicir —lamento que non estea o señor Álvarez— o que dixo exactamente, é que destrizou a súa proposta, o partido co cal vostedes volverán negociar; se teñen algunha ocasión, que ninguén teña ningunha dúbida. O que os enganou unha vez volverá enganalos, pero non se engana a quen sabe que está sendo enganado; iso chámase doutra maneira.

Dicía o señor Álvarez que a petición do Bloque respecto das transferencias —isto é de onte, non é de hai cinco anos— «parece feita para a galería, sabendo da súa inviabilidade; en definitiva, cremos que é unha iniciativa de escasa solvencia e que só se entende pola urxencia dos seus promotores en rexistrala». Estou totalmente de acordo.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Señora Pontón, ¡vaia socios, vaia panorama! Mire, alá vostedes. Se queren seguir enganando os seus socios, enganándose a vostedes mesmos, alá vostedes; o que non poden é seguir enganando a Galicia.

Moitas grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Señor Rueda, empeza vostede a ser unha caricatura de si mesmo, (Murmurios.) si, si. Catorce anos gobernando o Partido Popular e a culpa é do Bloque Nacionalista Galego, porque vostedes non foron capaces de conseguir nin unha soa competencia. (Aplausos.) En todo caso, eu doulle a razón nunha cousa: ten que gobernar o BNG para que neste país haxa máis capacidade para poder tomar as nosas decisións. (Aplausos.) Si, si, claro, porque é que son vostedes unha caricatura.



Fíxese, vén aquí, ben, xa non dixo que quería máis competencias —non o dixo—, claro, imaxino porque no fondo ten un pouquiño de pudor; porque é que dentro de cinco minutos vostede vai apertar o botón do «non» a reclamar que este parlamento lle pida a Madrid trinta e cinco novas competencias para mellorar a vida dos galegos e das galegas. Son vostedes o Partido Popular do «non» a todo o que beneficia a este país, son o Partido Popular do «non» a máis transferencias. E ¿sabe por que? —xa llo teño dito máis veces—: porque vostedes non queren competencias, porque cada vez que teñen unha nova competencia véselles a incompetencia á hora de poder defender os intereses deste país. *(Aplausos.)*

E mire, señor Rueda, unha mentira repetida mil veces segue sendo unha mentira. Vostede leva aquí toda esta última temporada dicindo que o BNG non conseguiu nada, e sabe que é falso; entre outras cousas, sábeno os vinte mil galegos e galegas que cada día pasan pola AP-9, que, grazas a ese acordo de investidura do BNG, hoxe teñen unha rebaixa histórica nas peaxes da AP-9. *(Aplausos.)* E, claro, efectivamente, o BNG, cun só deputado, o noso compañeiro Néstor Rego, conseguiu máis que os dez deputados do Partido Popular, que ¿que conseguiron para Galiza? Nada. *(Aplausos.)*

Por iso, señor Rueda, vostede non quere debater comigo. Si, si, vostede, señor Rueda, non quere e non acepta un debate electoral comigo, porque ten medo a debater; *(Murmurios.)* porque, efectivamente, é que o papelón dos deputados..., *(Murmurios.)* si, si, o papelón dos deputados e das deputadas...

O señor PRESIDENTE: Silencio.

A señora PONTÓN MONDELO: ...do Partido Popular en Madrid é indefendible. Como foi indefendible a subordinación que tivo o Partido Popular a toda a discriminación que lle fixo o Goberno central con Mariano Rajoy. *(Murmurios.)*

Por iso vostede, señor Rueda, foxe do debate, e, ademais, faino con argumentos machistas. E voules explicar por que..., *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: ...se a bancada popular se tranquiliza..., *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Silencio, por favor. *(Murmurios.)*

Silencio, por favor. *(A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.)* Señora Prado, silencio, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: O dano ao feminismo fano os pactos con Vox. *(Aplausos.)* Iso si que fai dano ao feminismo, señoras e señores deputados do PP.

Se me permiten..., *(Aplausos.)* Se me permite...

O señor PRESIDENTE: Brevemente.



A señora PONTÓN MONDELO: Ben. Miren, cando un home, como era o señor Feijóo nas eleccións xerais de 2008, pedía un debate, para vostede era un campión dos debates. Cando en 2023 unha muller —neste caso, eu— pide exactamente o mesmo debate, temos que soportar descualificacións persoais dicindo que estou «necesitada de atención». Este tipo de comentarios non os temos que soportar as mulleres... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

A señora PONTÓN MONDELO: ...nin na política nin na vida, *(Aplausos.)* e non nos van calar na denuncia de machismo.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

(Aplausos.)

Silencio.

Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: Mire, señor Rueda, cando o señor Feijóo dixo nesta cámara que eu estaba necesitada, polo menos tivo a decencia de rectificar. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

A señora PONTÓN MONDELO: Eu pídolle a vostede que polo menos teña esa mesma decencia e rectifique, pola dignidade do cargo que ocupa...,

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: ...pola dignidade do cargo que ocupa e por respecto ás mulleres.

O señor PRESIDENTE: Terminou o tempo. Grazas.

A señora PONTÓN MONDELO: Porque, desde logo, o que lle teño que dicir é que menos machismo...,

O señor PRESIDENTE: Ben, mire o reloxo.

A señora PONTÓN MONDELO: ...menos paternalismo...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PONTÓN MONDELO: ...e máis debate e máis talante democrático, señor Rueda.

(Aplausos.)



O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Peché da pregunta, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Pontón, sempre estamos igual, estamos no debate das ofensas persoais. Eu estaba pensando mentres vostede o dicía: ¿que diría vostede se eu lle digo que vostede é unha caricatura de si mesma? ¿Como se poría? (*Murmurios.*) ¡Sempre estamos igual!

Mire, eu non dixen que vostede estivera necesitada de atención, dixen de protagonismo; pero, se quere, dígollo doutra maneira: o BNG, á vista das enquisas que ten e coas expectativas que tiña, está necesitado de protagonismo nestas eleccións xerais, (*Aplausos.*) e vostede, como portavoz do BNG, está necesitada dese protagonismo. E é así e vostede sábeo, seino eu e sábeno todos os galegos.

Mire, machismo e dano ao machismo é apoiar unha lei que ten cen violadores na rúa. (*Aplausos.*) Iso si que é realmente, iso si que é realmente. (*Aplausos.*)

Agora, resulta que imos votar trinta e cinco novas competencias. E diríxese a min. Diríxase tamén aos seus socios. Pero se llo acabo de dicir; ben, despois sabe Deus o que votarán, porque aquí ás veces levamos moitas sorpresas. (*Murmurios.*) Pero, ¡home!, dicir que é unha petición inviable, que é unha iniciativa de escasa solvencia, que só vén pola urxencia das eleccións e todo iso, pero despois dimo a min.

E fáleme de trinta e cinco novas competencias; xa non sei cantas tiñan nese pacto, do que xa vexo que non quere falar. Vostede, sempre patada para adiante; do de atrás, do de investir a Pedro Sánchez a cambio de quince ou vinte novas competencias, diso xa non quere falar; iso é: auga pasada non move muíño. Vamos, apostamos dobre, ¿non nos deron dezaseis?, que nos dean trinta e dúas, e se non llelas dan a culpa é nosa; e os seus socios, que tampouco llelas queren dar, aí non teñen nada que ver.

E mire, fáleme das bonificacións. Falamos do traspaso da AP-9 e vostedes estaban de acordo e deixaron, cunha complicidade vergonzante, que o Partido Socialista caducara esa tramitación. E mire, no pacto fala do cen por cento da bonificación... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): ...e vostedes non o conseguiron.

Polo tanto, ¿de que vén presumir agora? Como todo o demais que estaba alí e que non conseguiron, señora Pontón.

Mire, nós imos ser moito máis exixentes co futuro Goberno de España do que foron vostedes co presidente actual. (*Risos.*) O nacionalismo de Ferraz que teñen vostedes valeulles de moi pouco; polo tanto, haberá que intentar algunha cousa nova, señora Pontón.



Mire, eu xa sei que o Goberno que está a punto de rematar en España fixo da mentira e do ninguneo, de negarlle todo a Galicia, un trato habitual; coa súa complicidade, jeh!, iso si.

E na anterior sesión de control xa lle falei das competencias —non teño tempo para falar de todo aquilo que estaba nesa lista que vostede agora quere ignorar e enterrar a vinte metros baixo terra, de todo o que dicían que ían conseguir e non conseguiron—. Creo que é mellor mirar para adiante; estou de acordo. Claro que temos moitísimas reclamacións.

Dicía vostede que o BNG é —e leo textualmente— a mellor opción para deixar de ver con envexa o que fan os demais. Mire, señora Pontón, ¿envexa de que? Nós estamos moi orgullosos de Galicia e do que facemos en Galicia, non temos nada que envexar a ninguén. Mire, somos orgullosamente galegos, sentímonos españois —xa sei que vostede non— e sentímonos europeos. Polo tanto —isto téñao moi claro—, non envexamos a ninguén. *(Aplausos.)*

Ao final, iso é o autonomismo coherente, o que vale para conseguir cousas nun Estado descentralizado, lealdade e reclamacións. ¿Sabe como se avanza no autogoberno? Como avanzamos ata o de agora.

Mire, eu aínda recordo —xa estaba no Goberno e vostede na oposición— cando nos pedía un partido nacionalista, o Bloque, que nos deixaramos intervir polo Goberno de España para perder autonomía financeira. E nós negabámonos e vostede dicían: si, si, canto antes, póñanse vostedes en mans do Ministerio de Facenda. Si, si, señora Pontón. *(Murmurios.)* Señora Pontón, ¡menudos nacionalistas! Iso é como a lista do seu deputado estrela, queren esquecelo, pero iso está aí e acordámonos todos.

¿Sabe como se pode conseguir máis autogoberno e potenciar máis Galicia? Imos falar de competencias que queremos reclamar e que imos reclamar a partir do mes de agosto; espero que estean con nós.

O traspaso da AP-9 é inescusable; xa lle digo: o seu silencio é vergonzante.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Cando o Partido Socialista deixou caducar toda esa tramitación, iso hai que revertelo.

A defensa do litoral. A ver que fan coa defensa, a ver que fan coa Lei do litoral. Tanto falar dela e agora xa están buscando excusas para intentar non apoiala, porque saben que é boa e é algo no que recoñecerían o traballo deste goberno. Xa están buscando excusas. Xa veremos, cando se vote, o autonomistas que son e o nacionalistas que son.

Un novo modelo de financiamento autonómico. Hai que reclamálo e reclamálo en serio e con forza dende Galicia. Iso é o que lles interesa aos galegos, señora Pontón.

A cogobernanza real e efectiva dos fondos europeos, que é unha vergonza —xa llo dixen á señora Rodríguez Rumbo— que sigan embalsados, sen aproveitarlle a ninguén, nin a nós nin a ninguén.



As medidas que tantas veces reclamamos para garantir unha boa sanidade pública dependen do Ministerio de Sanidade. Onte o señor Feijóo dicía que as vai facer, a ver se temos o seu apoio aí.

O desenvolvemento do corredor atlántico noroeste. ¡Que calados estiveron esta semana!, cando se viu unha vez máis que o Goberno de España ignora as infraestruturas do noroeste en favor doutros territorios; o BNG, calado.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): A chegada plena da alta velocidade ferroviaria a todas as cidades galegas. Parece que non lles interesa a vostedes absolutamente nada, é un problema da Xunta de Galicia e da xente que quere usar o tren.

A cogobernanza no ingreso mínimo vital —vou rematando, señor presidente—. O cumprimento da Lei de dependencia, ese 50 por cento que se nos debe e non se nos paga. A creación de xulgados exclusivos de violencia de xénero; acábanos de dicir o Ministerio de Xustiza outra vez que non, señora Pontón. O cen por cento dos efectivos da Policía Autonómica. A rebaixa do IVE da carne e do peixe (*Murmurios.*); iso tamén é moi importante para Galicia. Esas son as cousas que nos interesan, esas son as cousas que se deberían reclamar.

Mire, xa lle digo que imos ser moi exixentes co futuro presidente do Goberno de España. (*Murmurios.*) Xa sei que a vostede lla van intentar colar outra vez; xa sei que o Partido Socialista, se tivera a oportunidade —que eu creo que non—...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): ...vai intentar outra vez prometerlles todo o mundo; espero que esta vez non piquen.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Ten a oportunidade de traballar co partido político que representa a maioría social de Galicia. Seremos exixentes...,

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): ...e de verdade intentaremos ser eficaces —remato xa, señor presidente—.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor, remate.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Mire, se non o fan, estarán no de sempre: en menos Galicia...,

O señor PRESIDENTE: Grazas.



O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): ...menos España e menos Europa. Nós estaremos en todo o contrario.

Moitas grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Agora debateremos unha proposición non de lei conxunta dos tres grupos parlamentarios.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego e do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a abordaxe por parte da Xunta de Galicia de diferentes medidas para afrontar o problema de saúde pública que representan a enfermidade renal crónica e a diabetes *mellitus* tipo 2

O señor PRESIDENTE: Por ser unha proposición non de lei que presentan conxuntamente os tres grupos, os antecedentes da Cámara son dunha rolda única de cinco minutos por cada grupo parlamentario, sen réplicas.

Entón, comeza formulando o Grupo Parlamentario Socialista. Ten a palabra o señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Bo día a todas e todos.

Despois de escoitar o señor Rueda explicarnos o que vai pasar cando Pedro Sánchez negocie para volver ser presidente, alégrame que empece a entender o que vai ocorrer.

Imos debater unha proposición. «Debater» sempre é un verbo que a min me gusta moito e se fai tamén moitas veces en positivo. E creo que é moi importante ter a oportunidade de debater ou de trasladar tamén moitas veces acordos que se producen nesta cámara, especialmente tamén no eido da sanidade, onde se producen algúns deles, probablemente non os das cuestións de calado, pero si nalgúns cuestións que nós entendemos. Nós sempre imos estar en apoio das iniciativas que producen avances. Esta ten que ver cunha cuestión moi existencial neste termo, moi técnica, e cremos que os aportes que fan as sociedades e os colectivos, como neste caso, pois hai que apoialos cando evidentemente teñen todo o fundamento, como é o caso.

Oxalá tiveramos máis iniciativas así, oxalá tiveramos a oportunidade de desenvolver moitas máis veces acordos que promovan iniciativas das sociedades científicas, dos profesionais e tamén dos pacientes. Do por que non é posible creo que queda para outro debate ou para outras reflexións. Pero é certo que non sempre é posible, ou é posible moitas menos veces das que debера —iso é certo—, e creo que tamén nos debe levar a algunha reflexión.

Os obxectivos fundamentais que teñen os colectivos científicos, os colectivos profesionais que apoian e as sociedades de pacientes que apoian esta iniciativa teñen que ver basicamente



ou fundamentalmente con dúas cuestións. En realidade, o que está detrás dos pacientes da enfermidade renal crónica é a relación coa diabetes tipo 2. Aos pacientes que sexan conscientes do seu proceso, é dicir, que sexan máis partícipes do proceso asistencial que viven, tanto no que ten que ver co plano do diagnóstico como despois co tratamento, informalos é parte do procedemento. É unha evidencia a todas luces coñecida que os pacientes que se senten máis partícipes do seu proceso son máis colaboradores, pero, sobre todo, senten que o proceso funciona moito mellor, e iso en certa maneira sempre vai sumar na capacidade de ser mellor tratados e de sentirse mellor.

E, en segundo lugar, o que é máis específico, o máis necesario, que é o tratamento máis particular, máis personalizado, máis individualizado destes pacientes. Cuestións que, ademais, neste plano asistencial e neste caso do que estamos a falar, pois teñen moitísima relevancia, que é máis difícil, que é máis custoso, que é máis complexo, pero que, sendo posible, hai que aspirar a todo iso.

E ten que ser en realidade un obxectivo xeral do sistema para todas as cuestións que sexan máis partícipes os pacientes, os profesionais, as sociedades científicas. E isto merecería tamén unha reflexión de por que moitas veces non o son, ou de maneira máis particular por que nalgúns casos si o son e noutros nunca o son. Ten que ver probablemente con que se lles fai máis caso no plano asistencial, lóxico e habitual, aos profesionais que desenvolven o plano asistencial, e aí é onde hai que poñer todo o necesario para que as decisións sexan partícipes, copartícipes, e, en moitas ocasións, sexan practicamente tomadas unicamente desde o plano clínico máis achegado á realidade do día a día.

Pero tamén é certo que na xestión política deberamos escoitar máis, e non o facemos de todo. Creo que este parlamento tamén deba reflexionar por que é tan fácil chegar a acordos cando hai planos asistenciais, pero resulta que este parlamento ou algunhas forzas deste parlamento ou algún goberno deste parlamento non escoita cando están os médicos de urxencias protestando diante das urxencias, cando os de medicina interna protestan, cando os de atención primaria protestan e cando reclaman e propoñen dende hai moito tempo medidas moi consensuadas. Deberamos de entender tamén por que nese caso os profesionais parece que importan menos ou que se lles atende menos.

En todo caso, non podo esconder tamén unha pequena curiosidade —nós, insisto, estamos a favor desta iniciativa, é obviamente conxunta, e imos votala a favor—: esta iniciativa está propoñendo cousas que este goberno xa anunciou. Isto é bastante sorprendente.

Permítanme outra vez a broma —a señora Amigo sábeo, porque o fago habitualmente na comisión cando se dan circunstancias como esta—: se o que propoñemos xa o Goberno o anunciou; hai aproximadamente un mes vostede, señor conselleiro, xa falaba do proxecto GaliOn e a través dese proxecto PADRE e do proceso asistencial integrado especialmente en enfermidade renal crónica; imaxinen que votamos todos en contra; tería vostede que darlle para atrás á máquina do tempo e cambialo. Porque, en realidade, o que estamos facendo aquí é unha proposición conxunta —insistimos: boa idea, importante idea— sobre unha cuestión que o Goberno xa iniciou hai tempo.



Por tanto, non estamos impulsando unha idea, estamos servindo de caixa de resonancia, case de rolda de prensa. E nós o que reivindicamos é que este parlamento, como é posible chegar a estes acordos, debería ter protagonismo político na definición das estratexias, polo menos na participación delas, non en servir de caixa de resonancia.

É moito máis importante o traballo dos parlamentos antes das decisións que despois das decisións, que é importante tamén, pero resulta un pouco minusvalorado o traballo do Parlamento se primeiro se toman decisións, se poñen en marcha e logo se vén aquí propoñer que o Parlamento as tome por acordo. Non ten sentido que non o fixeramos, pero a realidade é que estamos debatendo sobre algo que xa se fixo.

E, unicamente como última cuestión, cabe lembrar que estamos falando sobre todo de especialidades de nefroloxía e endocrinoloxía, onde, xa que hai debate sobre prazas MIR, volvo recordar: Galicia este ano non convocou todas as prazas MIR que podía. Porque despois hai que escoitar dalgúns discursos sobre as prazas MIR.

En definitiva, nós estamos non só a favor e non só apoiamos, senón que celebramos os acordos e agradecemos aos colectivos que os impulsan, porque o seu labor é imprescindible para ter unha mellor sanidade. E, nese sentido, nós sempre imos estar de acordo, como nesta ocasión.

Moitas grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Iria Carreira.

A señora CARREIRA PAZOS: Moi bo día.

Grazas, señor presidente.

Antes de nada, agradecerlles o traballo realizado á Federación Española de Diabetes, á Sociedade Española de Nefroloxía e á Federación Nacional de Asociacións para a Loita contra as Enfermidades do Ril polo traballo que realizan tanto como coas propias pacientes como tamén o traballo que se realiza de portas cara a fóra, o traballo que fan para divulgar, para dar a coñecer, para concienciar sobre estas patoloxías e tamén para exixir os dereitos de todas estas pacientes.

A diabetes tipo 2 é unha patoloxía crónica que, ao contrario do que sucede coa súa homóloga tipo 1, pode evolucionar de xeito lento e de xeito silencioso moito tempo antes de chegar a dar a cara, antes de producir ningunha outra manifestación.

Esta é unha patoloxía cunha alta prevalencia, unha alta prevalencia no noso medio, que se incrementou despois do gran cambio que se ten producido nas últimas décadas sobre os há-



bitos, sobre os estilos de vida da poboación; e, conxuntamente a este cambio nos hábitos de vida, tamén co incremento na lonxevidade, que tamén conduce a un incremento nas complicacións, como sucede co caso da enfermidade renal crónica.

Compartimos a preocupación que estas tres asociacións, que as pacientes con diabetes nos trasladan. Entendemos que é imperativo atender a estas enfermidades secundarias que van limitar a calidade de vida e a supervivencia das pacientes. E, neste sentido, resulta imprescindible a detección precoz tanto da propia diabetes como das complicacións, a enfermidade renal crónica neste caso.

Son precisas medidas que axuden a mellorar o curso evolutivo da diabetes, minimizando as complicacións e as repercusións sobre a vida diaria das pacientes.

Cómpre asegurar o bo control glicémico diario das pacientes, por exemplo a través de medidores, detectores subcutáneos da glicemia, que sexan accesibles para todas as pacientes que así o requiran e poidan ter un mellor control da súa patoloxía.

Son precisas tamén medidas decididas para deter a incidencia da diabetes, para evitar que aparezan novas pacientes.

E, coñecendo cales son os factores de risco, é preciso actuar tamén sobre as condicións de vida da poboación. Son precisos cambios profundos e decididos para que a saúde deixe de estar supeditada a un modelo capitalista atroz e poder poñer por fin a vida das persoas no centro das políticas.

E xa falando desde o punto de vista do sistema sanitario, entendemos que a atención primaria ten que xogar un papel protagonista, porque este é o punto no que van ser seguidas a maior parte das pacientes diabéticas. E, en calquera caso, este é o nivel asistencial máis asequible e máis próximo a elas, que permite un control máis próximo e máis estreito. Precisamos unha atención primaria que sexa áxil, que sexa funcionante, que teña a capacidade de actuación e que poida actuar de xeito dilixente; unha atención primaria que, ademais, poida estar ben coordinada coa atención hospitalaria, especificamente coas áreas de endocrinoloxía, coas áreas de nefroloxía, para poder ter ese manexo multidisciplinar que se demanda precisamente na iniciativa.

Desde o BNG cremos que queda moito traballo por facer, queda moito traballo para poder mellorar as condicións de vida das pacientes diabéticas e para minimizar o impacto que esta patoloxía ten sobre as súas vidas, así que desde o BNG seguiremos traballando para mellorar a situación de todas estas pacientes.

Grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Carreira.

Grupo Parlamentario Popular, señora Amigo.



A señora AMIGO DÍAZ: Bos días a todos.

Moitas grazas, presidente.

Efectivamente, hoxe traemos aquí os tres grupos parlamentarios unha iniciativa conxunta, despois de escoitar, como escoitamos sempre, as responsables da Federación Galega da Asociación de Diabetes, a xerente da Federación Española de Diabetes e o coordinador de ALCER Galicia; asociacións, por outro lado, coas que o Goberno da Xunta de Galicia traballa de forma constante e ás que, como cuestión previa, quixera agradecerlles dun xeito expreso o labor que están facendo en prol dos pacientes.

E, efectivamente, é unha cousa rara, señor Torrado, pero eu desde logo persoalmente penso que isto de chegar a conclusións que podemos traer os tres grupos agradecería que se fixera noutras ocasións, falando de maneira coordinada e para mellorar e traballar en favor dos pacientes.

Tanto a diabetes como a insuficiencia renal crónica son dúas patoloxías crónicas. ¿E que son? Pois son enfermidades. As patoloxías crónicas están consideradas pola OMS como enfermidades que representan unha longa duración, máis de seis meses, e que non se transmiten de persoa a persoa.

E imos falar por tanto destas dúas enfermidades, que, ademais, teñen unha elevada prevalencia e representan un importante problema de saúde pública, que requiren unha abordaxe multidisciplinar.

Sabemos que a diabetes *mellitus* tipo 2 é a principal causa de enfermidade renal crónica no noso medio e que estes pacientes representan un grupo de especial risco, porque presentan unha maior morbilidad. E, ademais, o risco neste tipo de pacientes de sufrir unha hipoglicemia é moito maior nos que teñen unha función renal alterada que unha función renal normal. Aproximadamente unha de cada tres persoas con diabetes chegan a padecer unha nefropatía diabética.

E coñecedores de que a mellor maneira de previr ou atrasar esta nefropatía diabética é precisamente manter un estilo de vida saudable e controlar de maneira adecuada tanto a diabetes que presenta a persoa como a tensión arterial, no Servizo Galego de Saúde estase traballando desde hai tempo, señor Torrado, non desde agora.

Mire, xa no ano 2014... (*O señor Torrado Quintela pronuncia palabras que non se perciben.*) Non, é que parece que imos empezar agora mesmo, hai un mes. No ano 2014 empezouse a traballar nunha liña de traballo presentando un proceso de asistencia integrada, que é un proceso que permite aos sistemas sanitarios homoxeneizar a actividade e estandarizar os procedementos de diagnóstico, tratamento e seguimento en todos os seus centros sanitarios, todos os centros da Comunidade. E, como lle dicía, empezouse a traballar neste PAI, en diabetes *mellitus* tipo 2, desenvolvendo ese proceso asistencial integrado, e o obxectivo principal era orientar as actuacións dos profesionais no diagnóstico e seguimento da persoa que padecía esta diabetes tipo 2. ¿Para que? Para reducir precisamente a morbilidad asociada que presentan.



No ano 2015 fíxose unha actualización e novamente no ano 2022, e dados os novos avances no coñecemento científico do Servizo Galego de Saúde, iniciouse unha nova actualización para precisamente, como nas anteriores ocasións, elaborar contidos técnicos con profesionais do Servizo Galego de Saúde e sempre coa participación de representantes de persoas con esta patoloxía, mantendo reunións periódicas para obter unha visión completa da situación actual de abordaxe e identificar cales eran as áreas de mellora e determinar os retos desta abordaxe.

E, recentemente, como vostede nomeou tamén, señor Torrado, presentouse o proxecto GaliOn, no que o persoal profesional do Servizo Galego de Saúde, en colaboración coa asociación ALCER Galicia, estivo traballando durante máis dun ano e medio neste novo proceso asistencial para a enfermidade renal crónica, que está dirixido tanto a persoas con risco de desenvolver esta patoloxía como a aquelas que xa a padecen. E o obxectivo fundamental non é outro que ser capaces de realizar ese diagnóstico precoz que é imprescindible nunha enfermidade, que, segundo datos da Sociedade Española de Nefroloxía, ten unha prevalencia de 1.295 pacientes por cada millón de habitantes e onde se estima que existe un infradiagnóstico do 40 por cento. Baséase nun enfoque multidisciplinar que integra os ámbitos da atención sanitaria e social e que está centrado no paciente, buscando acadar unha abordaxe de calidade desde o mesmo momento en que aparece ese primeiro fallo renal ata o inicio da enfermidade renal crónica, en calquera dos seus estadios e ao longo de todo o proceso clínico do paciente. Isto, señorías, vai situar Galicia na vanguardia da atención da enfermidade renal crónica, coa posta en marcha dun algoritmo automatizado para a detección precoz desta enfermidade por medio desa historia clínica electrónica coa que contamos en Galicia desde o ano 2004, en que deu os seus primeiros pasos.

É fundamental reducir o impacto desta patoloxía, favorecer a continuidade asistencial nos distintos niveis, desde a primaria ata a especializada, aumentar o coñecemento sobre a enfermidade renal crónica entre os profesionais sanitarios e mellorar o acceso dos pacientes a unha información completa e de calidade.

Diante desta situación, os grupos parlamentarios que hoxe estamos aquí instamos o Goberno, efectivamente, a continuar facendo esa aposta decidida, real e efectiva de, en permanente diálogo coas asociacións de pacientes e coas sociedades científicas relacionadas coas ditas patoloxías, promover esas campañas de información e sensibilización sobre a vinculación entre estas dúas enfermidades crónicas; desenvolver esa abordaxe temperá e multidisciplinar do paciente con diabetes *mellitus* tipo 2 e enfermidade renal crónica nas fases iniciais da patoloxía, tratando de que progrese; impulsar plans específicos con dotación económica por medio dos que protocolarizar a realización das probas descritas nas guías clínicas de manexo da enfermidade renal crónica; e asegurar que se garante o acceso a toda a innovación que permita ese manexo adecuado de pacientes con diabetes *mellitus* e insuficiencia renal crónica.

Máis nada e moitas grazas.

(Aplausos.)



Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Cristina Sanz Arias e seis deputados/as máis, sobre as demandas que debe facer a Xunta de Galicia ao Goberno de España respecto da xestión dos fondos europeos de recuperación

O señor PRESIDENTE: Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da súa deputada Noa Presas Bergantiños e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Débese substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

«O Parlamento de Galiza insta a Xunta a:

1. Dirixirse ao Goberno do Estado para que rectifique o centralismo e a falta de planificación na xestión dos fondos europeos de recuperación e ofrezca certezas para poder levar a cabo e financiar proxectos tractors estratéxicos para Galiza desde o diálogo e o respecto ás competencias propias da comunidade e transferindo para a xestión directa os fondos necesarios en cumprimento dos reiterados acordos do Parlamento Galego.

2. Corrixir a súa falta de transparencia e diálogo democratizando e fomentando a participación e a transparencia respecto da definición e da execución de proxectos, prioridades e políticas a impulsar a través do Consello Económico e Social de Galiza e do propio Parlamento Galego».)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Sanz.

A señora SANZ ARIAS: Moitas grazas, presidente.

Bo día, señorías.

Martes, 6 de xuño de 2023, declaracións da ministra Calviño tras a celebración do Consello de Ministros en que se aprobou a addenda ao Plan de recuperación: «Na addenda incorporáranse todos os proxectos que propuxo a comunidade autónoma, salvo un proxecto no que parece que teñen especial interese» —referíndose ao proxecto de Altri—. Hoxe, mércores 28 de xuño de 2023, vinte e dous días despois daquelas declaracións, o Goberno galego segue sen ter información sobre o apoio que finalmente vai obter a candidatura galega aos fondos europeos, nin para Altri, que parece excluído en principio desas declaracións, nin para o resto da candidatura.

Señorías, dende o Grupo Parlamentario Popular temos presentado numerosas iniciativas sobre os fondos europeos, e seguirémolo facendo ata que academos a resposta que os galegos merecemos. Non podemos deixar pasar esta oportunidade histórica para a transformación da nosa economía. Por iso hoxe volvemos insistir coa presentación da proposición non de



lei, xa que o Goberno de Sánchez está incumprindo con nós, pero sobre todo está incumprindo con aqueles empresarios que están dispostos a investir os seus recursos na nosa comunidade. Os prazos corren. A pesar dos globos sonda que lanzan desde o Executivo sobre a posibilidade de encaixe destes proxectos nos PERTE, a realidade é que non se materializan no financiamento de ningún proxecto concreto, e a realidade é que o Goberno de Sánchez ten abandonados, ten paralizados e non permite avanzar a ningún dos proxectos tractores presentados por Galicia. Necesitamos xa un punto de inflexión para que a transformación industrial á que aspira Galicia, a través de proxectos como Sentury Tire, Stellantis, Resonak, Forestal del Atlántico ou Altri, sexa unha realidade.

Con todo, a situación dista moito de ser desexable. É unha evidencia incontestable o baixo ritmo de adxudicación dos PERTE que maior impacto poderían ter no tecido industrial galego, moitos dos cales aínda incluso non foron convocados. Voulles dar uns datos: dos máis de 49.900 millóns de euros anunciados polo Goberno para os PERTE, ata o momento tan só se lanzaron licitacións e subvencións por importe de 13.668, o que supón que aínda quedan máis do 66 por cento dos recursos sen convocar; e o que é aínda peor, ata o momento tan só foron adxudicados uns 8.900 millóns de euros, o que supón que aínda quedan máis do 78 por cento dos fondos de carácter industrial sen asinar a un proxecto, ¡máis do 78 por cento! O tempo pasa, os prazos corren e os fondos seguen gardados nun caixón, non sabemos moi ben para que.

¿E cales son os datos en Galicia? Pois á nosa comunidade tan só se lle asignaron 337 millóns de euros, o que supón menos do 4 por cento dos fondos adxudicados polos PERTE, e o que aínda é peor, menos do 1 por cento do total dos fondos dispoñibles para proxectos industriais. A maiores, os fondos do Mecanismo de recuperación e resiliencia recibidos directamente pola Xunta ao abeiro da compoñente 12 —que, como saben, é a compoñente de política industrial— ascenden tan só a 32 millóns de euros; fondos que, polo momento, seguen sendo para a reciclaxe.

Un goberno autonómico que ten a competencia exclusiva en política industrial recibe 32 millóns de euros para realizar actuacións en política industrial, cando ten preparada a máis grande carteira de proxectos de toda a súa historia. ¡A ver quen o entende, porque nós non o entendemos!

Pero as voces de alarma non veñen só do Partido Popular. A situación é de tal gravidade que se está convertendo nun clamor. Lembráballes no pleno pasado algo que aos socialistas non lles gustaba moito, como foi a visita, no mes de febreiro, dunha delegación da Comisión Europea —homes de negro— para fiscalizar sobre o terreo a situación e protexer os intereses financeiros da Unión, ante as dúbidas que estaba xestionando a xestión sanchista dos fondos. O que constataron foi a falta de claridade na información precisa para seguir o rastro dos fondos. O Goberno di que é pública, pero a Comisión destaca que é difícil de atopar.

E o pasado mes de maio a presidenta desta Comisión, Monika Hohlmeier, volveu comparecer para denunciar que o Goberno de España seguía sen dar a información requirida con posterioridade á visita. Literalmente dixo: «Non sabemos a quen foi o diñeiro nin os proxectos aos que se adxudicaron os fondos». Por outra parte, o Banco de España alertaba esta semana



de que os fondos europeos non chegaban ás empresas de menor tamaño, que son as que conforman a maior parte do noso tecido empresarial.

Desde a entidade sinalan que as licitacións que recaen en grandes empresas axudarán a unha maior actividade a curto prazo, pero existe un custo de oportunidade neste feito, porque apoiar as pequenas empresas axuda a estimular o seu crecemento e conleva un maior dinamismo no investimento agregado.

Na mesma liña, Cepyme, a Confederación das Pequenas Empresas, apunta que tan só o 65 por cento das pemes considera que non recibirá subvencións do Plan de recuperación. Identifican como dificultades a excesiva carga burocrática, os curtos prazos de presentación das solicitudes e os longos prazos de resolución por parte da Administración. Identifican a falta de capacidade de anticipación con respecto ao lanzamento de convocatorias e tamén a falta de apoio para comprender os complexos requisitos destas.

Esta situación afasta as pemes do noso país dun acceso aos fondos e limitaas a programas de moi escasa entidade, de moi escasa dotación económica, como é o Kit dixital, que lles permite tan só obter fondos, obter bonos, por un importe entre dous mil e —como máximo— doce mil euros por empresa.

A mesma percepción tena o presidente dos empresarios de Galicia, o señor Vieites, que declaraba que temen un novo freo na repartición dos fondos europeos co precipitado adiamento electoral do señor Sánchez. Insistía o señor Vieites na necesidade de aumentar o ritmo de publicación e resolución dos PERTE, de ampliar os prazos de solicitude, que son extremadamente breves, de ampliar o prazo de execución máis aló do 2026, así como, en definitiva, de simplificar a burocracia. O mesmo pensan outras comunidades como a vasca, desde a que se critica o atraso da repartición dos fondos europeos e se pide a xestión directa destes desde Euskadi.

Por outra banda, o último informe de EY, chamado Radar de fondos europeos, pon de manifesto un dato extremadamente preocupante. Segundo este informe, *(A señora Sanz Arias mostra o informe.)* que é unha referencia no estudo dos fondos europeos, España é líder en recibir fondos, porque xa temos completados tres tramos ingresados desde Bruxelas por valor de 37.000 millóns de euros, pero, con todo, somos duodécimos en execución. Repito, primeiros en recibir; décimo segundos en executar.

O informe conclúe que España apenas executou nos anos 2021 e 2022 o 10,4 por cento dos 70.000 millóns de euros que ten preasignados, o que a sitúa por debaixo de once países da Unión Europea. Pon de exemplo o caso de Italia, que, recibindo cifras similares na repartición das asignadas a España, conseguiu o dobre da absorción do diñeiro.

Do mesmo xeito, a Airef vén reclamando repetidamente máis transparencia e —moi preocupante— detecta unha limitada aportación dos fondos ao crecemento económico. Ou a Fundación das Caixas de Aforros, Funcas, que, nun artigo recente, apuntaba as dificultades na implementación dos proxectos estratéxicos cun claro exemplo no PERTE do vehículo eléctrico e conectado. Este PERTE, na súa primeira convocatoria, unicamente repartiu 794 mi-



llóns de euros dos case tres mil millóns de euros que ten presupostados. A Stellantis, a primeira fábrica de automoción de España, emprazada en Vigo, tan só se lle asignaron 15,15 millóns de euros, o que supón menos dun dous por cento do total, mentres que á empresa SEAT se lle asignou o 45 por cento do total. ¡Dous por cento fronte ao 45 por cento, pero Sánchez non nos prexudica! — ¡non, que va! —.

O resto quedou pendente de repartir nunha segunda convocatoria que, en principio, ía saír en maio, pero estamos a finais de xullo e seguimos agardando, e agora mesmo, co adianto electoral, supoñemos que xa non sairá antes do 23 de xullo. Esperemos, non obstante, que a nova convocatoria se faga cun Goberno popular, e así esta empresa Stellantis terá as mesmas oportunidades de competir que se estivese noutra comunidade autónoma, que é o único que pedimos, un trato igualitario, nin máis nin menos.

Ben, Comisión Europea, Banco de España, Cepyme, empresarios galegos, consultoras independentes, Airef, Funcas, etc., etc., todos suspenden a xestión que o Goberno Sánchez está a facer dos fondos europeos.

Señorías do Grupo Socialista, ¿necesitan algún informe máis para recoñecer que o sistema de xestión adoptado polo Goberno central é absolutamente ineficiente? Recoñezan o erro e actúen xa, aínda están a tempo, porque o tempo aprema, e o Regulamento europeo marca que todos os proxectos teñen que estar finalizados o 31 de agosto do ano 2026, sen posibilidade de prórroga. Queda moito por facer e queda moi pouco prazo.

Por iso, por medio desta iniciativa, pretendemos, primeiro, que o Goberno central rectifique na improvisación e falta de planificación que caracteriza a xestión dos fondos europeos feita ata o momento; e, segundo, que ofrezca as certezas que permitan financiar a importante carteira de proxectos que están esperando para asentarse en Galicia. Non hai un minuto que perder.

Máis nada e moitas grazas nesta primeira quenda.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Sanz.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Presas

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, presidente.

Bo día a todos e a todas.

Señora Sanz, eu voulle ler unhas palabras que lle soarán: «A pesar dos múltiples acordos acadados no Parlamento nese sentido e das peticións que, en coherencia, vén facendo a Xunta de Galicia, o Goberno que preside Pedro Sánchez segue amosando unha improvisación absoluta e unha falta de planificación na xestión dos fondos europeos de recuperación, obviando, ademais, a posibilidade de traballar da man das comunidades autónomas e dos axentes económicos e sociais».



Sóalle supoño. É o primeiro parágrafo da súa iniciativa, co que nós poderíamos estar de acordo. Cambiando «Galicia» por «Galiza», poderíamos case incluír estas palabras nunha iniciativa redactada por nós mesmos. E é máis, dígolle que estou de acordo case no setenta e cinco por cento da súa intervención desde esta tribuna.

Pero ¿sabe cal é o problema? A súa intervención, a iniciativa escrita, os acordos aos que temos chegado neste Parlamento recorrentemente en materia de fondos europeos, moitos deles apoiados tamén polo Bloque Nacionalista Galego, din moito do que está facendo mal o Goberno central, pero din moito tamén do que non están facendo vostedes. Entón, eu quero poñer o acento, porque, claro, vostedes falan desde esta tribuna como se non gobernasen neste país e como se non tivesen responsabilidade nesta cuestión.

Realmente, toda a súa crítica o que amosa tamén é a falta de autocrítica do seu propio papel, do propio papel do Goberno do Partido Popular. Porque o certo é que cada día que debatemos desta cuestión dos fondos europeos e cada día que pasa di moito en negativo do centralismo do Goberno central, pero di moito tamén da falta de peso político que ten o Goberno galego e da absoluta incapacidade que teñen vostedes para defender os intereses deste país, porque quedan vostede directamente co cu ao aire.

E teñen dúas estratexias. Eu quero falar un pouco diso, de que fixo o Goberno galego para defender os intereses de Galiza na cuestión dos fondos europeos ou case en calquera outro asunto. Pois hai dúas estratexias: unha é a epistolar. É o Goberno das cartas, das epístolas. Xa case poderían facer vostedes a publicación dun libro de xénero epistolar, recollendo as cartas e as ladaíñas que envían ao Goberno central. Basicamente a súa estratexia foi mandar cartas. Pouco máis fixeron... Bueno, designaron a Feijóo como senador por este Parlamento para que directamente impulsase cero iniciativas no seu traballo do Senado respecto de defender os intereses de Galiza en xeral e desta cuestión en particular. E despois basicamente o que vimos tamén foron episodios de ridículo do Goberno galego indo a Bruxelas, e xa non me vou referir a cando intentou ir Rueda e lle deron plantón. Pero é que que veña vostede sacar peito desa visita do conselleiro de Facenda da que basicamente o que nos trouxo de resultado foron cero consecucións para Galiza, pois... Realmente hai veces nas que é mellor calar que recordar algún episodio de ridículo deste goberno.

E a segunda estratexia, despois da epistolar e a literaria que ten o Partido Popular, é traer recorrentemente a este Parlamento esas mesmas ladaíñas que envían vostedes por carta. Entón, veñen vostedes aquí recorrentemente a dicir: ¡Que mal o Goberno central!, temos que chegar a un acordo, pedir un PERTE singular, pedir un PERTE para o téxtil, outro día un PERTE para a automoción, agora un remexido de empresas privadas ás que queren favorecer vostedes, outro día tócalle á xestión descentralizada dos fondos, etc., etc. E basicamente a nós parécenos estupendo debater sobre estas cuestións, pero o problema é: ¿que significa esta estratexia? Porque se fan isto desde o Partido Popular é porque vostedes o que están é achairando o camiño para xustificar a súa falta de dilixencia e a súa falta de peso político, e o máis importante, para tapar algo moi grave, que é que vostedes fan exactamente o que critican do Goberno Sánchez. Iso é o que fan vostedes neste país exactamente: a falta de transparencia, a falta de diálogo e a chapuza na xestión. A cada un dos puntos que vostede critica do Goberno central pódese aplicar a mesma crítica con vostedes mesmos.



E mire, non será porque non foron advertidos, porque desde o minuto un o Bloque Nacionalista Galego estivo traendo a este Parlamento este debate e pedíndolles a vostedes que fosen intelixentes, que aplicasen unha estratexia de país, que dialogásemos aquí, co conxunto da sociedade, que decidísemos cantos fondos tiñamos que recibir e que loitásemos por unha cifra concreta; que decidísemos neste Parlamento tamén cales eran os sectores estratéxicos, como tiñamos que orientar eses fondos e que houbese transparencia, control, eficacia e participación democrática nos procesos de toma de decisión. E vostedes o que fixeron foi o contrario, absolutamente o contrario.

Hai que facer un pouco de hemeroteca. Vostedes —que ademais hoxe facemos 87 anos da conmemoración do Estatuto do 36—, que son tan defensores do autogoberno e tan autonomistas, o que fixeron foi pasar polo forro os organismos estatutarios deste país, do Parlamento galego ao Consello Económico e Social, directamente; ignoráronos, como se non existisen. E fixeron algo moi grave, constituíron unha empresa privado-pública, de maioría privada, onde —e non será que non temos que repetilo outra vez nesta Cámara— Abanca, unha entidade bancaria, ten máis coñecemento e máis capacidade de decisión sobre os fondos europeos, sobre como traelos a este país e a que dedicalos que calquera deputado ou deputada deste Parlamento. (*Aplausos.*) Fixeron iso, pero non estaban conformes, parecíalles pouco. Entón, impulsaron unha «lei ómnibus», a Lei de axilización administrativa, para seguir dando manga ancha ao Consello da Xunta, e é o Consello da Xunta o que discrecionalmente, coa coartada dos fondos europeos, o que fai é perpetuar unha política de absoluta liberalización do sector da industria, do sector económico, desde o enerxético a calquera outro. Directamente son vostedes quen a dedo, sen transparencia, sen remitir a información a este Parlamento e sen criterios obxectivos, facilitan que proxectos teñen que ser considerados estratéxicos ou non. Basicamente iso é o que fixeron, e hai que recordalo, pero tamén lles parecía pouco. Parecíalles pouco, entón, tamén coa coartada dos fondos europeos e buscando lavar a súa imaxe da falta de retorno dos beneficios da produción enerxética ou industrial deste país, anuncian vostedes unha nova lei, que é absolutamente escandaloso o borrador que hai. Aínda non a trouxeron a este Parlamento e xa abren os procesos de manifestación de interese para que haxa máis capital privado internacional que veña saquear este país, mentres aquí non vemos os beneficios.

Esa é basicamente a súa folla de servizos respecto dos fondos europeos. Entón, poden vir aquí criticar que o Goberno central nos dá pouco —que, efectivamente, é así—, criticar que o Goberno central non fai ben as cousas —que é así—, pero non fixeron o seu traballo a tempo. E tampouco en materia de defender a soberanía deste país, porque a vostedes lles acordou o cogoberno e a defensa do autogoberno cando xa era tarde, porque nós dixemos desde o minuto un: pidamos a xestión galega dos fondos europeos, pidamos a transferencia deses fondos, basicamente porque era de sentido común. Porque, se falamos de transformación económica, de recuperación, de resiliencia, de todos eses titulares que teñen os fondos, falamos de planificación da actividade económica, de industria, de comercio, de aproveitamento forestal, de turismo, de medio ambiente, de patrimonio, de cultura, de educación, de ordenación do territorio, de infraestruturas, de sanidade, de coidados, etc. Todo, competencias exclusivas deste país.

Pero vostedes, como en realidade ao único que obedecen é aos intereses do Partido Popular no Estado, dicíano coa boca pequena. Defenderon o autogoberno deste país coa boca pequena.



E hai que recordarllo aquí porque é responsabilidade súa como goberno non ter defendido que Galiza tiña que ter unha xestión propia dos fondos europeos con todas as da lei. O que fixeron foi defender coa boca pequena ou aprobar algunha declaración de intencións neste Parlamento, pero despois, ¿que fixeron para defender isto ante o Estado? ¿Que fixeron con eses grandes dez deputados e deputadas electos do Partido Popular por este país? ¿Condicionaron vostedes a política do Estado para que Galiza tivese dereito a decidir sobre os seus fondos? Non. ¿Condicionaron vostedes a política no Estado para que Galiza recibise o que merecía? Non, tampouco. E así con absolutamente todas as cuestións de planificación económica e industrial deste país. Non serviron as e os deputados do Partido Popular en Madrid para absolutamente nada e non serviu o Goberno da Xunta de Galiza para absolutamente nada. E o único que lles interesa a vostedes é ter unha coartada, unha exoneración, para, cando chegue o resultado final dos fondos europeos —que vai ser basicamente tendente a cero—, cando si imos ter que pagar a factura, porque si que imos ter que pagar a condicionalidade, si que imos ter retrocesos no ámbito das pensións, dos dereitos sociais, si que imos ver como o noso país vai perder posicións en competitividade aínda máis, despois desta ondanada de fondos europeos que non están sabendo aproveitar, entón, ter un culpable, ¡un culpable!; así, cando non é culpa do Bloque Nacionalista Galego, é culpa do Goberno central. E hai unha gran responsabilidade no modelo centralista que somete este país, pero sabe vostede coma min que se gobernase o Partido Popular no Estado estaría pasando absolutamente o mesmo, porque cando se trata de secundarizar a Galiza —e de facelo, sobre todo, en materia económica— e de centralizar, a política do Partido Popular e do Partido Socialista no Estado é absolutamente a mesma.

Polo tanto, nós presentamos unha emenda. A ver se vostedes seguen facendo propósito de corrección e os convencemos un pouco en dous sentidos: por unha banda, de dirixirse ao Estado, defendendo os nosos intereses —por suposto, os nosos intereses do país, non os das empresas que a vostedes lles apeteza—, porque teremos que defender os intereses como país, a capacidade de decisión, e despois decidir a onde e como queremos destinar os fondos europeos; e, en segundo lugar, de que se apliquen o conto, que corrixan a falta de transparencia, a falta de diálogo e que, por fin, o Consello Económico e Social ou este Parlamento galego teñan algo que dicir nos fondos europeos. Mentres, a súa folla de servizos en materia industrial é perder 20.000 postos de traballo durante os seus gobernos e tamén deixarnos na cola de poder aproveitar os fondos europeos, porque aplican exactamente a mesma política que o Goberno central. Cando decidan cambiar de actitude e facer desde esta tribuna algo máis que achairar o camiño para a súa propia exoneración de responsabilidades terannos aí, nunha posición de país, para defender os nosos intereses.

Nada máis e moitas grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Martín Seco.

O señor SECO GARCÍA: Grazas, presidente.



Déixeme que empece por felicitarnos no Día do Orgullo e por reivindicar hoxe máis que nunca a capacidade de ser, de existir e de vivir a sexualidade cada un como desexe, en liberdade. (*Aplausos.*)

Xa perdín a conta das iniciativas que o Partido Popular presentou sobre este tema en comisión, en pleno, e das numerosas resolucións, como a de hoxe, que se aprobaron coa súa maioría absoluta. Isto recórdame ao que fixeron no seu partido durante ano e medio co tema de Navantia, en Ferrol, para facerlle crer á sociedade galega que o actual Goberno do Estado maltratara o estaleiro ferrolán, coa falla de carga de traballo intermedia ata a construción das novas fragatas, cando o que fixo o actual Goberno foi sanear unha empresa pública que o Partido Popular deixara en causa de disolución económica, sen carga de traballo e sen futuro ata que o Goberno actual contratou a construción das novas fragatas, que supoñen o maior investimento do Estado no estaleiro ferrolán e con el a creación de miles de postos de traballo.

Pero o Partido Popular dicía que estaba moi preocupado —iso si, a preocupación simplemente estaba no papel—, posto que en todo ese tempo intermedio o Goberno da Xunta de Galicia non tomou nin unha soa iniciativa para darlle un pulo industrial á comarca ferrolá.

E neste caso sucede o mesmo, señores do Partido Popular. Vostede vén aquí contradicándose e utilizando unha serie de mentiras destas tipo *fakes* que se utilizan agora na política, dicindo que de todos os proxectos que presentou Galicia, que estaban incluídos na venda, tanto de Stellantis, como de Resonac, como de Sentury Tire ou de Forestal do Atlántico, o único que quedaba fóra era o de Altri. Por certo, o de Altri non é que estea fóra, é que non encaixa nun PERTE concreto, pero pode concorrer a varias liñas de PERTE e, polo tanto, ter todas as axudas necesarias. Pero vostedes prefiren, logo de dicir iso ao inicio, dicir que o Estado maltrata a Galicia. Non é certo o que di na súa iniciativa de que o Goberno comprometése xa 450 millóns de euros en Asturias para Arcelor. Esa non é a noticia; a noticia é que Arcelor foi a unha liña pedindo 450 millóns de euros, e a ver o que lle toca. Non é certo que a Comisión Europea visitase España para analizar os fondos Next Generation, sabe vostede que non é certo. Quen visitou España foi unha delegación do Parlamento Europeo, que non é a Comisión. Non é o mesmo a Xunta de Galicia que o Grupo Parlamentario Popular. E quen visitou España foi unha delegación do Parlamento Europeo, sobre todo formada por deputados conservadores do seu partido, que, por certo, se foron de aquí dicindo que non atopaban ningún tipo de anomalía. (*Aplausos.*) A que falou da Comisión Europea foi a señora Von der Leyen, por certo, que é membro do seu partido, do Partido Popular Europeo, precisamente para poñer en valor o ben que se estaban a distribuír os fondos europeos en España e o plan español para os ditos fondos. Iso dío a señora Von der Leyen. Esa si que é a Comisión Europea.

Señora Sanz, entendemos que vostedes teñen que atacar o Goberno progresista en Madrid e que non poñan encima da mesa ningunha proposta, porque realmente nada teñen que ofrecerlles aos galegos e a todos os españois. Só temos que observar o que fai o seu líder en Madrid, o señor Feijóo, observar como se lle está a facer moi longa esa precampaña —e descúlpenme a broma— e se lle está poñendo cara de Chiquito de la Calzada —descanse en paz, por certo—. Eu xa o imaxino paseando polos pasillos do Senado dicindo: «*No puedo, no puedo, la cosa se está poniendo moi malamente*», (*O señor Seco García pronuncia esas frases imi-*



tando o citado cómico.) (Murmurios.) xa que cada día que escoitamos sae a relucir a súa incompetencia e tamén a mala fe. Hai uns días reinventando a táboa do 2 para dicir que 2 por 10 son 22, *(Murmurios.)* ou onte, no que o líder de Chiquitistán tiña a desfachatez de culpabilizar o presidente do Goberno pola morte dun agricultor andaluz por un golpe de calor, dicindo algo tan grave *(Aplausos.)* e máis propio de Bolsonaro como que esta morte era o que buscaba Pedro Sánchez ao convocar eleccións no mes de xullo. Todo un estadista o noso querido expresidente, que xa esqueceu que convocou eleccións galegas no mes de xullo, no medio dunha pandemia e coa comarca da Mariña confinada, pese a que vostedes nas redes sociais din que había consenso. E saben vostedes, porque está nos documentos, que os partidos da oposición non querían as eleccións nesas datas.

Imos ao tema, á industria manufactureira en España... *(O señor Pazos Couñago pronuncia palabras que non se perciben.)* Si, si, señor Pazos, vostede sabe —porque está escrito, ¡está escrito!— que a oposición non quería as eleccións. Convocáronas no mes de xullo, en medio dunha pandemia, e cunha comarca confinada. E, por certo, logo resolveuse coa peor participación de toda a historia da Autonomía en Galicia. *(O señor Pazos Couñago pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Non dialoguen, por favor.

Ese tema xa pasou, agora imos coa actualidade. *(Murmurios.)*

O señor SECO GARCÍA: Imos ao tema. A industria manufactureira en España, se excluimos o sector enerxético, supón o 12,3 por cento do valor engadido bruto da nosa economía; unha porcentaxe que vostede sabe que é inferior á dos países do noso contorno, e iso supón un elemento de vulnerabilidade, dada a maior resiliencia deste sector ante as crises, así como unha maior produtividade que outros sectores económicos. A industria para este goberno, para o Goberno do Estado, é un elemento esencial para vertebrar a economía e supón o principal xerador de cohesión social e territorial do noso país, xa que un sector industrial e moderno dinamiza a actividade económica, achega un emprego de maior calidade e mitiga o impacto das recesións. E por iso o noso principal desafío debe ser o incremento do peso da industria na economía nacional para achegalo ao das economías máis competitivas do noso contorno. E para iso saben vostedes, no Partido Popular, que é necesaria unha actuación pública, estratéxica e coordinada a nivel estatal que impulse a produtividade da industria e a prepare para os retos da dixitalización, da transición ecolóxica e da eficiencia enerxética. Por iso xorde a Estratexia española para o impulso industrial, que conta coas directrices xerais para os próximos anos, que crea figuras como a reserva estratéxica, baseada nas capacidades nacionais de produción industrial para responder ás posibles crises do abastecemento de produtos industriais e para fomentar a competitividade e modernizar o sector industrial. Esta enumera e regula varias medidas a adoptar, incluíndo ferramentas como o visualizador de chan industrial, fixa disposicións sobre a calidade e seguridade da industria e inclúe obrigas que terán os beneficiarios das axudas públicas, que deberán manter a súa actividade produtiva durante períodos de tres a cinco anos.

No Plan de recuperación e resiliencia, na súa compoñente 12, onde está enmarcada esta estratexia, figuran os principais retos aos que se enfronta a industria española. España dispón



dun importante tecido produtivo nalgúns sectores tractores que son claves para abordar a transición ecolóxica e a transformación dixital da economía e que se impulsan mediante este plan, entre eles, sectores como o da automoción e a súa transición cara ao vehículo eléctrico, o sector agroalimentario da saúde, o sector aeronáutico ou tamén o sector do naval. O plan, nesta compoñente, ten un investimento de preto de 4.000 millóns, e leva consigo uns proxectos estratéxicos chamados PERTE que suman case un valor duns 40.000 millóns de euros. Certamente, o grao de execución dos PERTE non é tan alto como noutras partes do Plan de recuperación, pero tamén hai que saber a dificultade da posta en marcha dos ditos proxectos, e o grao de execución vaise incrementando pouco a pouco para que os proxectos cheguen no prazo establecido.

Pero eu creo que para vostedes esta non é a preocupación. Vostedes estiveron sempre traballando á contra para intentar impedir a chegada dos 140.000 millóns de euros que van supoñer os ditos fondos para España; uns fondos que intentaron sistematicamente boicotear en Europa e tamén en España —aí a hemeroteca—, tratando de que fracasase o esforzo do presidente español para investir en modernizar a nosa economía tras os efectos dunha crise como a xerada por unha pandemia mundial e cambiar a orientación que tiña Europa nos anos que gobernaba Mariano Rajoy, por certo. A realidade é que o noso país lidera na Unión Europea a implantación xeral de investimentos no seu plan nacional —como lle dicía antes—, sendo o único país membro da Unión Europea que xa recibiu tres pagos do orzamento comunitario por un total de 37.000 millóns de euros e cun pago de 7.000 millóns, que se materializará no segundo semestre deste ano.

Se vostedes no Partido Popular de Galicia están preocupados por eses proxectos tractores —que vostedes, por certo, estableceron unilateralmente sen ningún tipo de criterio nin transparencia—, deberan de estar aportando iniciativas para que isto sexa unha realidade e deberían de estar a traballar para que estes proxectos teñan todo o asesoramento e apoio posible para ter éxito nos procesos de adxudicación dos ditos fondos. Pero nós temos a impresión de que simplemente tratan de ensuciar a imaxe do noso país no exterior por cálculos meramente electorais, cando é o propio Goberno europeo —esa Comisión Europea da que vostede fala— o que pon en valor a xestión dos fondos no noso país.

Os PERTE están xestionados polo Goberno do Estado e están dentro dunha estratexia a nivel de todo o Estado, con mecanismos de participación das autonomías que vostedes obvian, como a celebración de conferencias sectoriais —onde participa a Xunta de Galicia— e mantendo máis de trinta e cinco reunións bilaterais coas comunidades autónomas e numerosas comunicacións por escrito. Pero a vostedes non lles importa se estes serven para modernizar a economía e a industria de todo o noso país, só tratan de criticar o malvado Pedro Sánchez e ese sanchismo, cando vostedes levan catorce anos continuados no Goberno galego cuns nefastos datos industriais e de emprego industrial que sufrimos todos os galegos e galegas.

Dediquen unha décima parte do tempo que dedican a criticar o Estado e a criticar a Pedro Sánchez a traballar para que estes proxectos sexan unha realidade e seguro que estes proxectos tractores serán unha realidade no futuro. Sigan apoiando e sigan traballando para que se fagan realidade os proxectos que Galicia terá con Stellantis, con Sentury Tire e con



outros moitos que se aportan dende as empresas galegas, coas que a Xunta de Galicia simplemente o único que fai é darlles apoio e criticar o Goberno do Estado.

Nada máis e moitas grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Seco.

Polo grupo autor da proposición non de lei, a señora Sanz.

A señora SANZ ARIAS: Grazas, presidente.

Bo día de novo, señorías.

Na miña primeira intervención fixen un repaso da decepcionante xestión do Goberno de Sánchez dos fondos; e nesta segunda quenda centrareime, señora Presas, en analizar a situación dos proxectos industriais en Galicia. Vou poñer nomes e apelidos a algúns deses proxectos tractores preparados para ser implantados na nosa comunidade que apostaron por Galicia e que no día de hoxe non teñen garantía de obter financiamento, que existe e que lles corresponde.

Temos o máis complexo, temos as ideas, temos os proxectos, temos os recursos, temos o desenvolvemento da tecnoloxía e temos os investidores; pero o que non temos é a resposta do Goberno central ao seu financiamento. Señorías, Galicia fixo os deberes e artellou a maior carteira de proxectos que xamais se viu nesta terra. Proxectos que desde o primeiro día contan co apoio institucional da Xunta de Galicia, proxectos que contan co apoio e co acompañamento da Oficina Galicia Empresa e da Sociedade Impulsa; sociedade, señora Presas, que o que fai é asesorar e acompañar, pero non decide os proxectos; os proxectos decídenos os empresarios, que son os que arriscan os seus cartos. Proxectos que contan tamén cun marco legal pioneiro que culmina coa Lei de simplificación administrativa, norma que recolle novidadesas figuras como as iniciativas empresariais prioritarias ou os proxectos empresariais e industriais estratéxicos. De feito, neste momento, xa hai cinco iniciativas declaradas polo Consello da Xunta proxectos industriais estratéxicos que son grandes proxectos porque — como saben — se lles require, entre outros requisitos, que invistan polo menos 20 millóns de euros ou que xeren 100 empregos directos. Falamos do proxecto de Altri de novo, da fábrica de fibras téxtiles, que suporá un investimento duns 800 millóns de euros en Palas de Rei.

Señorías, ¿lembran cando foi a última vez que Galicia captou capital estranxeiro para un investimento industrial por este importe? Penso que non hai precedente cercano no tempo, e por iso todos nós, representantes das galegas e dos galegos, temos a obriga de facer todo o que estea nas nosas mans para que ese proxecto se implante na nosa comunidade e non marche a outro territorio. Que, por certo, lembremos que Portugal xa anunciou 130 millóns de euros de fondos europeos para unha fábrica deste grupo nese país.

Ben, neste punto teño que confesar que o pasado domingo lin con moita ilusión a portada do diario *El Progreso*. Nela o que foi delegado do Goberno en Galicia, o señor Besteiro, decla-



raba literalmente: «Altri ten garantidos fondos para instalarse en Palas». Por un momento pensei que por fin Sánchez ía cumprir o seu compromiso acordado co presidente Rueda hai dez meses, pero cando cheguei ás páxinas 8 e 9, onde se desenvolvía a entrevista ao señor Besteiro, vin que a ledicia me ía durar pouco. Á pregunta sobre se haberá financiamento para que Altri se instale en Palas de Rei, o señor Besteiro respondía literalmente: «Penso que Altri ten garantido o financiamento a través de distintos plans que se abren cos fondos de recuperación». Señorías, non é o mesmo que o que foi o máximo delegado do Goberno en Galicia declare que Altri «ten garantido» que declare «penso que Altri ten garantido»; ou sexa, que o pensa el, non é que sexa unha certeza. E se a maiores a frase continúa cunha expresión ambigua e nada concreta, como é «a través de distintos plans que se abren cos fondos de recuperación», pois estamos como estabamos. ¿Que plans, señorías do Grupo Socialista?, ¿xa están convocados? ¿Saben xa canto lle asignarán a ese proxecto? No día de hoxe o que temos é cero certezas.

Ben, sigo xa cos outros proxectos industriais estratéxicos preparados na nosa comunidade. Falamos do proxecto como a fábrica de pneumáticos de Sentury nas Pontes, cun investimento de 523 millóns de euros; falamos do proxecto Triskelion, promovido por Forestal do Atlántico, para implantar unha fábrica de metanol verde en Mugardos, por importe de 175 millóns de euros; falamos do proxecto H2Pole, un centro de produción de hidróxeno verde promovido por Reganosa e de EDP renovables, nas Pontes tamén, cun investimento de 165 millóns de euros; ou falamos do máis recentemente aprobado a semana pasada, a biofábrica de Ence —tamén nas Pontes—, cun investimento de 125 millóns de euros, que permitirá producir pasta reciclada branqueada a partir de papel reciclado. Falamos de cinco proxectos que suman máis de 1.788 millóns de euros para investir en Galicia, señorías; proxectos transformadores na nosa comunidade que, con todo, tan só teñen recibido fondos dun xeito excepcional e, en todo caso, mínimos con respecto ao investimento global dos proxectos.

Lembremos o PERTE VEC. Stellantis recibiu 15,15 millóns de euros, e a fábrica de SEAT, 357 millóns de euros —15 millóns respecto de 357 euros—, Ou o proxecto H2Pole, que concorreu ao PERTE sobre o hidróxeno renovable e que obtivo 15 millóns de euros para un proxecto de 175 millóns de euros, nin o 10 por cento. Pero é que a carteira de proxectos de Galicia vai moito máis alá: falamos de Resonac, na Coruña, do polo aeroespacial de Galicia, da cidade das TIC tamén na Coruña, da nova fábrica de Estrella Galicia en Arteixo, da planta de hidróxeno verde en Meirama, do campus tecnolóxico e da planta de aluminio verde de Cortizo, da microacería de Celsa, na Laracha, ou da nova liña de extrusión de precisión Exlabesa en Padrón.

Señorías, todos estes proxectos foron remitidos polo Goberno galego, a petición da vicepresidenta primeira, como propostas para addenda a fondos de recuperación, pero ata o momento nin temos nin teño recibido resposta ningunha. ¿A que están agardando? Están esgotando a paciencia dos investidores e arriscando que decidan executar os seus proxectos noutros lugares nos que serán recibidos cos brazos abertos.

Gustaríame rematar esta intervención cunha mensaxe positiva, lembrando tamén unha entrevista publicada o pasado domingo, neste caso ao noso presidente Rueda, onde declarou que un dos seus obxectivos nesta recta final do mandato será intentar pechar o financia-



mento dos proxectos tractores, poñéndose esta tarefa como prioridade porque, obxectivamente, é unha prioridade para Galicia.

Polo contrario, señorías do Grupo Socialista, permítanme que lles diga que vostedes non defenden os intereses de Galicia, que vostedes tan só aspiran a ser voceiros do señor Sánchez; e Pedro Sánchez, coa súa obsesión de prexudicar a Feijóo, o que está é prexudicando a nosa comunidade. Pero, afortunadamente, a Sánchez acábaselle o tempo. España e Galicia saben que hai alternativa a ese desgobierno.

Nada máis e moitas grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: ¿Sobre a emenda? ¿Acepta a emenda?

A señora SANZ ARIAS: Sobre a emenda do BNG, quero dicir que aceptamos como engádegala o punto primeiro.

O señor PRESIDENTE: Como engádegala, o punto primeiro.

Bueno, pois imos votar. Entón —xa remataron os debates—, comezamos votando as proposicións non de lei.

Votación das proposicións non de lei

O señor PRESIDENTE: A primeira é a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de dona Noelia Otero Lago.

Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario Popular.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Noelia Otero Lago e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para desenvolver a Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de don Julio Torrado Quintela.

Votamos.



Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Julio Torrado Quintela e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para determinar normativamente os criterios de destino das doazóns de material ao sistema público de saúde.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro.

Parece que hai unha proposta de acordo...¡Ah!, non, perdón eu aquí tiña notado... Levouna don Daniel Castro. Vale, perfecto. (*Murmurios.*) Desculpe, pero eu tiña aquí...

¿Hai acordo? (*Pausa.*) Parece ser que hai acordo e, entón, o acordo —segundo me informan— é que pide vostede unha votación por puntos. Se nos explica cal quere separar...

O señor RODRÍGUEZ PÉREZ: Pois a votación sería o punto 2 e 5, si, conforme o texto do transacción. O punto 2 sería: «Realizar os trámites necesarios para que a CRTVG emita, a través das súas canles dixitais, con cobertura internacional, programación infantil e xuvenil en galego», ese o texto que está acordado. E despois o punto 5 quedaría igual que está na súa proposta.

O señor PRESIDENTE: Correcto. ¿É así? Vale.

Pois, entón, facemos a votación por puntos.

En primeiro lugar, votamos os puntos 2 e 5.

Votación dos puntos 2 e 5 da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Daniel Castro García e D. Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, sobre as medidas que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para mellorar a situación das o dos emigrantes galegos en Suíza.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 73.

O resultado da votación é positivo

En consecuencia, quedan aprobados estes dous puntos.

O señor PRESIDENTE: E agora votamos os puntos 1, 3 e 4.

Votación dos puntos 1, 3 e 4 da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Daniel Castro García e D. Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, sobre as medidas que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para mellorar a situación das o dos emigrantes galegos en Suíza.



Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitados estes puntos.

O señor PRESIDENTE: Votamos a do Grupo Parlamentario Popular, do Bloque Nacionalista Galego e do Grupo Parlamentario Socialista.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego e do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a abordaxe por parte da Xunta de Galicia de diferentes medidas para afrontar o problema de saúde pública que representan a enfermidade renal crónica e a diabetes mellitus tipo 2.

Efectuada a votación deu o seguinte resultado: votos a favor, 73.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de don Xosé Luís Bará.

Hai unha emenda do Grupo Parlamentario Popular que foi aceptada como engádegas.

Entón, procedemos a... *(Pide a palabra o señor Pazos Couñago.)*

¿Si, señor Pazos?

O señor PAZOS COUÑAGO: Nós aceptaríamos esa engádegas, sempre e cando se nos permita a votación separada, por puntos. *(Murmurios.) (Risos.)*

O señor PRESIDENTE: ¿Acéptalla? ¿Acéptalle esa...? *(Negación.)* Non, vale. Pois, entón, votamos. *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Non acepta a votación por puntos, entón, votamos tal e como está.

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e dous deputados/as máis, sobre as solicitudes que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno central, logo das eleccións xerais, no que se refire á ampliación do autogoberno e á axenda de traspaso de competencias.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 18; votos en contra, 41; abstencións, 14.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.



O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa de don José Manuel Balseiro.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Manuel Balseiro Orol e seis deputados/as máis, sobre a demanda que debe facer a Xunta de Galicia ao Goberno de España para seguir impulsando o proxecto do corredor atlántico ferroviario, no que se integran as comunidades do noroeste peninsular.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 55; abstencións, 18.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: E agora votamos a do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa de dona Cristina Sanz.

Estaba mirando aquí cal foi o acordo, ou se chegaron a algún acordo ou non.

Si, engadiuse un punto primeiro.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.) Aínda a vou ler, para que saiban, e despois matizámos. Porque quedei no medio.

A iniciativa é do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa de dona Cristina Sanz, sobre as demandas que debe facer a Xunta de Galicia ao Goberno de España respecto da xestión dos fondos europeos de recuperación.

A señora Sanz dixo que aceptaba como engádegas o punto primeiro.

¿Señora Presas?

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Apelando á xenerosidade da señora Sanz, pediría, xa que logo, a votación separada do punto segundo.

O señor PRESIDENTE: Pide a votación separada do punto segundo.

¿Señora Sanz?

A señora SANZ ARIAS: Tampouco é tan importante. Somos xenerosos e ímoslla dar. *(Risos.)* *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: ¿Perdón? *(Aplausos.)*

A iniciativa ten dous puntos. Pois, entón, votamos o punto primeiro.



Votamos.

Votación do primeiro parágrafo do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Cristina Sanz Arias e seis deputados/as máis, sobre as demandas que debe facer a Xunta de Galicia ao Goberno de España respecto da xestión dos fondos europeos de recuperación.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 41; votos en contra, 14; abstencións, 18.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado o primeiro parágrafo desta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: E agora votamos o punto segundo desta iniciativa.

Votación do segundo parágrafo do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Cristina Sanz Arias e seis deputados/as máis, sobre as demandas que debe facer a Xunta de Galicia ao Goberno de España respecto da xestión dos fondos europeos de recuperación.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 59; abstencións, 14.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado o segundo parágrafo desta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Tal e como comentamos e xa se falou na Xunta de Portavoces, suspendemos o Pleno ata as 16.00 horas.

Suspéndese a sesión ás once e cincuenta e seis minutos da mañá e retómase ás catro e un minuto.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moi boa tarde.

Reanudamos a sesión co punto quinto relativo ás interpelacións, e comezamos coa 5.1., por iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores.

Interpelación de D^a María Montserrat Prado Cores e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a planificación da atención sanitaria na época estival

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para formulala, por tempo de dez minutos, ten a palabra dona María Montserrat Prado Cores.

A señora PRADO CORES: Moi boa tarde.

Grazas, presidenta.

Boa tarde, señor Comesaña.



Estamos xa no verán, e hai moita preocupación pola situación da sanidade pública e polo seus déficits xa cronificados, polos que hai moitísimo temor a que aínda se multipliquen nesta época estival; unha preocupación que están manifestando moitos profesionais, que está manifestando a poboación e que no BNG consideramos máis que xustificada porque a Xunta, a consellería que vostede representa, non puxo ningunha medida, máis alá de parches e de ocorrencias, para solucionar eses gravísimos problemas. E, polo tanto, facendo o mesmo, non parece intelixente agardar resultados diferentes. E estamos vendo que, diante desa preocupación, vostede anda de rolda de prensa en rolda de prensa, de entrevista en entrevista, co seu monólogo, co que vostede tenta transmitir total tranquilidade, total normalidade: «Todo está baixo control, e non vai pasar o do verán pasado»; iso díxovos absolutamente en todos os lados.

A primeira pregunta que eu lle quero facer é: ¿vostede realmente cre que é crible ese discurso?; e ¿como é posible que ese afán de crear ese relato de normalidade o leve a actuar como se nada pasase, e, máis unha vez, máis un ano, o leve a non planificar e a deixar os centros sen cadro? E a seguinte pregunta é: ¿en que sustenta vostede esa mensaxe de tranquilidade, de normalidade? Porque a situación que vemos o resto dos mortais —os galegos e as galegas, os profesionais— é que a atención primaria segue sen ter os cadros de persoal completos; que segue habendo moitas prazas estruturais sen cubrir; que segue sen substituír os profesionais nin nas vacacións, nin nas baixas, nin nos permisos; que, cando algún profesional solicita un permiso ao que ten dereito, na maioría dos casos o que lle din é que o pode coller, sempre e cando o resto asuma o seu traballo, o cal é unha chantaxe absolutamente permanente; que hai prazas estruturais que seguen sen cubrir desde hai anos; que hai consultorios pechados, eliminación das quendas de tarde e peche de axendas.

A realidade que vivimos —e que coñecen os galegos e as galegas, as nais e os pais— é que son miles os nenos do noso país que non teñen pediatra asignado, o que significa que se teñen consulta de patoloxía aguda, a actividade non urxente —como as revisións periódicas, os controis de saúde, os calendarios vacinais— está sendo relegada, aprazada, e cada vez por períodos máis longos de tempo. O que vemos o resto é que os centros que teñen un aumento exponencial da poboación, agora no verán —podemos falar do Grove, podemos falar de Sanxenxo, podemos falar de Cambados, de Vilagarcía, de Pontevedra, de Baiona, de Vigo, de Nigrán, dos concellos da Barbanza, dos concellos da Costa da Morte, dos concellos da Mariña lucense—, non só non é que non vaian ter un reforzo de persoal para atender esa demanda de poboación —concellos, como o caso de Sanxenxo, que poden chegar case a cen mil persoas; outros duplican a poboación—, ou sexa, non é que vaian ter un aumento, senón que van ter que facer fronte á poboación habitual, para a cal os cadros de persoal xa non son suficientes, con menos persoal. E, diante diso, a súa mensaxe é de tranquilidade e de normalidade.

A situación é que os servizos de urxencia ou de ambulancias seguen sendo totalmente deficitarios e insuficientes, con falta de persoal, con falta de dispositivos, con esperas, con demoras, con ambulancias que seguen chegando tarde porque non hai un número suficiente; cunha folga aí convocada, coa que estes días vimos como, por exemplo, en Cerdedo, tardou unha hora en chegar a ambulancia.



A realidade é que, hai dous días, no titular dun xornal de Vigo dicíase isto: *(A señora Prado Cores le a noticia nun documento.)* «Centros de saúde de Vigo reducirán a consulta á patoloxía aguda». ¿Que din os profesionais do centro de saúde de Vigo?: *(A señora Prado Cores continúa a ler a noticia no documento.)* din que os facultativos afrontan con gran preocupación e preparados para «sobrevivir» no verán, con escasos medios polas vacacións, baixas e a ausencia dos substitutos; din que a situación é mala e que aínda estamos en xuño; din que se prevé un verán con moi pouco persoal e que o afrontan con preocupación porque a situación é especialmente dura por estas cuestións; din que están reorganizando as axendas do mes de xullo e agosto, e o que van facer é «aprazar as revisións periódicas dos doentes crónicos para despois do verán, reducir ao máximo a actividade preventiva»; e que «só atenderán a patoloxía aguda que xurda á demanda».

¿Isto é ao que vostede chama «normalidade», señor conselleiro? Agardo que non faga o que fai o deputado do Partido Popular. Estou lendo textualmente a nova dun xornal que reflicte o que din os profesionais. Dígoo por se ten a tentación de dicir: «¡que cousas dis!».

(A señora Prado Cores continúa a ler a noticia no documento.) Din que iso de que se reduza a patoloxía non é certo; din que segue habendo moita patoloxía respiratoria, que hai un aumento dos casos da covid e que no verán aumentan os accidentes, as queimaduras solares, as gastroenterites, as diarreas, os golpes de calor. É dicir, ese discurso seu de que pode pechar dispositivos nos hospitais porque baixa a actividade, logo os profesionais desménteno, xa que non é que baixe; se vostede pecha camas, se vostede pecha quirófanos, non se reduce de motu proprio, senón que a autorreduce, porque logo nunha nación como a galega, onde hai un aumento no verán de afluencia de visitantes, onde hai unha actividade lúdica moi importante, onde hai moita máis circulación..., iso tamén aumenta a necesidade de atención sanitaria.

Entón, a pregunta é se isto é o ao que vostede chama normalidade. A consecuencia disto que lle estou describindo é que produce a imposibilidade de resposta á demanda. O que din os profesionais e que é imposible dar resposta á demanda, e o que van facer é soamente atender a demanda aguda. Entón, a pregunta é: ¿onde cre vostede que remata toda a po-boación que non dan atendido nos centros de saúde? Sábeo perfectamente: acaban nos servizos de urxencias, ben sexan dos PAC, ou ben sexan hospitalarios; uns PAC que, en moitos casos, seguen con prazas estruturais sen cubrir; en moitos casos seguen sen equipos completos; en moitos casos seguen cun déficit de profesionais. Ou nos hospitais; uns hospitais —voulle poñer un par de exemplos de cal é a situación—, como o de Álvaro Cunqueiro, onde hoxe, pola mañá, había trinta e cinco persoas en espera de cama en urxencias —trinta e cinco persoas— ou como o de Montecelo, onde onte había dezaioito persoas. O caso do Álvaro Cunqueiro: trinta e cinco persoas que agardan cama para ser ingresados, cando vostede vai ter pechadas durante este verán trescentas setenta e cinco camas na área sanitaria de Vigo; vai deixalas inoperativas, nunha área onde hai máis de oito mil persoas en lista de espera —parece que para vostede isto non ten ningún problema—. Asociado ao peche de camas vai asociado o tema de quirófanos, de probas diagnósticas e demais, ou as oito horas de espera no CHUO, de Ourense, para ser atendidos.

Para o Partido Popular e para os máximos responsables da consellería parécelles normal un parón de catro meses, atendendo, en atención primaria, só a demanda de patoloxía aguda e



cunhas listas de espera hospitalarias, que son indecentes, señor conselleiro —as últimas, que tiñan que publicar en decembro e que publicaron hai pouco, din que hai douscentos cincuenta mil galegos e galegas esperando por unha proba diagnóstica; douscentos quince mil agardando por unha primeira consulta ou corenta e seis mil agardando unha intervención cirúrxica—, e o tema é que se aumentan exponencialmente.

Vostedes anunciaron, non hai tanto, un plan para reducir as listas de espera —e resulta que cada plan que anuncian...—, que, por certo, non sabemos en que consistiu porque as últimas listas de espera que publicaron son moito máis avultadas que as anteriores, co cal nos gustaría que explicasen para que serve ese plan que vostedes anuncian.

Entón, hai miles de galegos e galegas que ven como se agravan as súas doenzas; moitos chegan a diagnósticos tardíos e outros xa non chegan a tempo. E vostedes non planificaron nin a curto, nin a medio, nin a longo prazo a pesar de saber o que ía acontecer, e non nos imos cansar de repetirles que sabían o que ía acontecer, mais que non actuaron porque querían chegar a este punto, porque canto menos sanidade pública haxa, máis sanidade privada haberá. *(Aplausos.)* Esa é a realidade.

E, diante da constatación de como ían as cousas, ¿que fixo o Partido Popular? Pois menos orzamento, ¿eh?. Deixaron de investir, de 2009 a 2023, dous mil trescentos millóns de euros en atención primaria. Estamos á cola do Estado en atención primaria; os segundos pola cola. O último informe do ministerio segue dicindo que só Madrid está por detrás de Galiza; o 11,8 por cento fronte á media, que non é para botar foguetes, do 14,2 por cento no Estado. Estamos á cola en investimento en profesionais; á cola en investimento por persoa.

Non tomaron medidas, a pesar de saber o que ía pasar, e practicaron continuamente a precariedade e o abuso do persoal —levan anos facendo isto—. E aínda, no día de hoxe, no ano 2023, con todo o que está pasando, o seguen facendo. Están cos exames para a OPE; e o outro día, en enfermería presentáronse máis de oito mil enfermeiras e a inmensa maioría eran de Galiza. Iso o que significa...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando.

A señora PRADO CORES: ...é que eses miles de persoas non teñen unha situación estable no Sergas, e que o Partido Popular é o responsable; ou o que significa é que os que acaban o MIR —por moito que vostede o negue— non queren quedar en atención primaria, e, pónolle, como exemplo, a área sanitaria de Vigo: dos vinte e un que remataron o MIR este ano, só seis aceptaron un contrato en atención primaria. Esta é a realidade desa normalidade que vostede di e que ninguén ve, señor conselleiro.

Polo tanto, ¿que medidas, que plan de continxencia, que actuacións, que reforzos, puxo en marcha para evitar que este ano 2023...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señora Cores.

A señora PRADO CORES: ...se converta no polvorín que foi o ano 2022.



Moitas grazas.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Ten a palabra o conselleiro de Sanidade, don Julio García Comesaña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Moi boa tarde, presidenta e señorías.

Volve o verán, volve a calor, e, como non pode ser doutro xeito, volven os presaxios apocalípticos do BNG.

A presentación desta iniciativa, a comezos do verán, xa é case un clásico; poderíase dicir que, cando unha iniciativa deste tipo chega ao Parlamento, o período sesións está a volta da esquina. Igual que tamén é un clásico do verán o feito de que deamos conta da actividade estival ao finais do verán —insisto— quede patente como o seu discurso cae polo seu propio peso, non facéndose realidade ningún deses peores augurios que vostedes fan.

Neste punto, eu quero dicir, evidentemente, que temos un problema de profesionais —cóñece todo o mundo— en Galicia, en España e —diría— en máis países; todo o mundo sabe o problema de profesionais que temos, sobre todo, en atención primaria. Todo o mundo traballa para corrixilo, e algúns facemos propostas e outros votan en contra desas propostas. Esa é a fotografía do BNG falando da situación.

Eu quero aproveitar este momento tamén para, por suposto, agradecer aos profesionais —eses poucos que temos, que non son todos os que queríamos ter— o esforzo que fan durante todo o ano e tamén no verán —claro que si—, como todos os anos. (Aplausos.)

Pero como sei que esta explicación-introdución non vai servir, vou intentar ser aínda máis minucioso para que, tanto vostede como o seu grupo, comprendan que a atención sanitaria durante a tempada de verán está, efectivamente, máis que garantida en todo o Servizo Galego de Saúde; e vouno facer por áreas porque a sanidade está clasificada por áreas. Vou comezar polo ámbito hospitalario. O Sergas leva a cabo unha planificación sobre a cal será a ocupación prevista das camas, tanto para ingresos médicos como para ingresos derivados da actividade cirúrxica. Obviamente, esta planificación elabórase tras un estudo, no cal se teñen en conta as frecuencias das distintas áreas hospitalarias, en cada área sanitaria, e tamén se analizan os anos anteriores, en cada centro hospitalario. Durante o período estival está documentada, señora deputada —aínda que a vostede non lle guste e pense que Galicia é diferente—, que a patoloxía e a prevalencia baixan. Evidentemente, non hai tanta gripe.

Acaba de dicir vostede que no verán aumenta a covid —teremos que ver se OMS a ficha para facer previsións—; a covid non aumenta no verán, señora deputada, nin a gripe, nin as patoloxías respiratorias. Vostede parece que quere convencernos aquí de que no verán as patoloxías non só diminúen, senón que aumentan. Pois non aumentan, por desgraza



—supoño—, para vostede. Si, dixo que a covid aumentaba no verán. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Vale, vale, bueno, xa me dirá entón que profesional é o que di que a covid aumenta no verán.

En todo caso —créame—, as patoloxías respiratorias non aumentan, afortunadamente, no verán, nin tampouco outras patoloxías. Isto é o responsable, sen dúbida, de que haxa un menor número de pacientes susceptible de atención sanitaria; é así, o cal, ademais, coincide co momento en que o persoal toma as súas merecidas vacacións. Gustaríame saber que alternativa ten vostede para as vacacións dos profesionais. E —como supoño que saberá—, o que intentamos é que os profesionais se vaian por turnos; en torno ao trinta e tres por cento, cada mes, das plantillas dos distintos dispositivos asistenciais.

Polo tanto, as estimacións de ocupación no período estival do ano 2023 baséanse nos datos de ocupación real —non en ningunha predición agoireira— correspondentes a ese período acumulado de xuño a setembro dos últimos anos, que, por suposto, inclúen xa o efecto da pandemia. A esta estimación engádese —como non— unha marxe de seguridade, de entre o dez por cento e o doce por cento, que garanta unha correcta atención sanitaria dos pacientes. É por este motivo polo cal se reduce o número estimado de camas en funcionamento. Isto é algo que ocorre todos os anos, incluso —diría— dende hai máis de trinta anos —incluído o momento en que vostedes gobernaron—, en todas as comunidades autónomas. E todos os anos vostedes tamén anticipan, curiosamente, o colapso, que —como digo—, afortunadamente, nunca chega.

Por iso —vólvolle repetir, señora deputada— as camas non se pechan; as camas están dispoñibles para ser empregadas no momento en que fagan falta. As camas que vostede cualifica como pechadas atópanse, por suposto, sempre dispoñibles ao cen por cento. Non se quitan as camas dos hospitais; nunca se retiran desas habitacións, e están preparadas todo o verán para ser utilizadas, se os pacientes o precisan e se a situación sanitaria o require. É unha responsabilidade dun Goberno serio adoptar medidas de xestión que prevexan esa eficiencia e esa correcta utilización dos recursos, tal e como debe ser nun sistema sanitario público como é o noso, pero —insisto—, se aínda fose preciso, habilitaríanse todas as camas dispoñibles nos centros hospitalarios; se esa catástrofe, se ese colapso, que vostede augura todos os anos, se producise, estea tranquila: as camas están aí, e pódense abrir absolutamente todas.

Xa, como medida de reforzo operativa, fronte ás posibilidades de que ocorran esas situacións excepcionais e imprevisibles, nos centros sanitarios —como dicía— sempre existe unha marxe que permite adoptar de xeito áxil as medidas necesarias destinadas á adecuación dos recursos asistenciais a esa demanda, por suposto a través de plans operativos de continxencia para ampliar esa capacidade de camas funcionantes, no caso de que fose preciso. Afortunadamente —como dicía—, pese ás predicións catastrofistas do Bloque Nacionalista Galego, isto nunca ocorreu ata o de agora; nunca foi preciso facer isto no verán, pero —insisto— estamos pendentes por se fixese falta.

Levamos dez anos escoitando que se vai producir ese colapso e —como digo—, afortunadamente, nunca se produciu. Sen ir máis lonxe, no ano 2021, aínda coa covid-19 ás voltas, di-



xeron que ese verán ía colapsar o sistema sanitario debido ao peche que faciamos das camas hospitalarias, e que isto era unha imprudencia. Pois ben, ese ano as camas operativas foron do 89,5 por cento, e, ¿sabe vostede que ocupación houbo nos hospitais galegos ese verán? O 72 por cento; o 72 por cento, ocupación real, e camas operativas, case o 90 por cento, isto é, dezaoto puntos máis de dispoñibilidade de camas respecto ao que se ocupou. O mesmo pasou —non foi casualidade— no ano 2022: as camas operativas eran, de novo, de case o 90 por cento —89,3 por cento—, e a porcentaxe media de ocupación foi do 74,2 por cento.

Creo que estes datos son demoledores, señora deputada. Vostede di que pechamos camas, di que logo non chegan, di que se colapsa a sanidade, pois mire, doulle dous exemplos non de hai dez anos, non de hai trinta anos, senón do ano pasado e do anterior: porcentaxe de camas ocupadas en todo o verán, o 72 por cento; porcentaxe de camas dispoñibles, o 90 por cento. Isto é, porcentaxe de camas do 72 por cento, no ano 2021, e do 74,2 por cento, no ano 2022, e camas dispoñibles, o 90 por cento. Pois, ¿que máis datos quere que lle dea? Polo tanto, señoría, remítome a estes feitos, e queda máis que claro que, ano tras ano, a atención hospitalaria está máis que garantida pese a que, ano tras ano, vostedes continúen equivocándose, afortunadamente, nos seus presaxios.

Falei da atención hospitalaria; vou falar agora da atención primaria. Na atención primaria, evidentemente, tamén hai unha reorganización, loxicamente, porque tamén —e sinto ser pesado— a patoloxía de atención primaria diminúe no verán. O traballo dos cupos médicos, tanto de adultos como de Pediatría, diminúe, e coincide, ademais, con que os profesionais tamén teñen dereito a coller vacacións, con ese trinta e tres por cento que dicía que facemos todos os anos.

¡Claro!, vostede di: «é que non substitúen». Mire, nós temos máis de dous mil quingentos médicos en atención primaria, e substituílos todos sería ter dous mil médicos—mil no paro— para contratar; creo que, é máis que evidente, esta proposta de substituílos no verán cae polo seu propio peso. Por certo, como se fixo sempre: nunca se substituíron as vacacións dos médicos de atención primaria no verán —¡nunca!— (*A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.*) ¡Bueno!, será mentira. Pois dígame vostede cando; dígame o nome e os apelidos dun médico de primaria de quen, no verán, se cubrisen as vacacións. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Bueno, home! Si, os contos de...

Deste xeito —como digo—, (*Murmurios.*) non se poden cubrir esas vacacións, e o que facemos todos os anos —como dicía— é ordenar o momento en que os profesionais se van de vacacións; vaise o trinta e tres por cento de vacacións, e queda o sesenta e seis por cento restante, coincidindo —insisto— con esa diminución da actividade, por outra banda, lóxica.

Se falamos do ámbito das urxencias de atención primaria, os PAC, teño que dicir —e vostede debería sabelo— que as presenzas dos PAC no verán non diminúen nunca; esas cóbrense ao cen por cento, é a nosa prioridade cubrir as presenzas dos PAC, tanto de médicos, como de enfermeiras, como de PSX. Non hai diminución de presenzas no verán; si que a hai, efectivamente, como dicía, na ordinaria. Vostedes sempre falan de que na ordinaria Galicia recibe milleiros de visitantes —que é unha noticia boísima—, pero —créame— os visitantes non van facer o programa do Neno San, nin unha revisión de consulta de crónico en atención



primaria. Non é certo. Os visitantes que temos non van á atención primaria ordinaria; van aos PAC, efectivamente, pero non á atención ordinaria. Por iso a demanda en atención primaria ordinaria baixa no verán; baixa, señora Prado, e por iso os profesionais, nunha proporción do trinta e tres por cento, se van de vacacións. Iso non quita que haxa momentos puntuais, cando un dos que vai de vacacións, está fóra, e un dos que está traballando, colle unha baixa; claro que hai momentos puntuais dese tipo, e, aí, de novo, volvo agradecer ese traballo que sempre fan os profesionais de cubrir esas ausencias porque —igual vostede non se enterou— non hai médicos substitutos para contratar, e, cando Galicia quixo facer algo para poder contratar ou para formar máis médicos, obtivemos, como sempre, o voto negativo do Bloque Nacionalista Galego, tanto nesta Cámara como no Congreso dos Deputados en España —cando levamos unha iniciativa para formar máis médicos de Familia—.

Polo tanto —insisto—, señora deputada, a planificación que se fai é baseada nos datos destes últimos anos, é razoable, e —eu o que digo é— cos datos que temos este ano e con eses parches e ocorrencias, que vostede di que fixemos —sobre os que logo falarei—, permítenos dicir que este ano non imos ter ningunha falla en atención hospitalaria, ningunha falla nos PAC, máis aló dos imprevistos; e na ordinaria, faremos exactamente igual que todos os anos: que se vaia o trinta e tres por cento da plantilla en cada un dos meses de verán.

Máis nada e moitas grazas.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señor conselleiro.

Rolda de réplica, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Eu lamento, señor Comesaña —e mire que llo dixen—, que vostede caese na tentación de facer o que fai o deputado do Partido Popular. Eu lin textualmente o que din os profesionais nos medios de comunicación a respecto de que hai un aumento —non que o haxa no verán—, neste momento, dos casos de covid. ¡Bueno!, vaia alí e dígalles: «mirade, estades mentindo». Eu transmitinlle o que estaba lendo; déixollo aquí. E díxenlle: «oia, mire...». Pois vale, dá igual; vostedes sempre coa a descualificación gratuíta. Díxenlle que é textual do que din os médicos de Atención Primaria da Área Sanitaria de Vigo. Pois vaia alí dicirlles que están equivocados.

Igual que eles din que baixan algunhas patoloxías e que soben outras, e vostede non pode negalo. Non pode negar que a actividade hospitalaria baixa porque se pechan as camas. Se non actúan os quirófanos, se cerran consultas, ¿como vai haber actividade hospitalaria? Vostede insiste nunha estatística, dicindo que «con respecto ás camas que se usaron o ano pasado» e tal —¡claro!—, con base exactamente na mesma situación: de camas pechadas, de quirófanos pechados, de probas diagnósticas que non se realizan; ou sexa, iso fai baixar a actividade, pero tamén non será capaz de negar que, sobre todo, nas áreas de costa deste país hai un aumento da sinistralidade, que hai un aumento dos casos de problemas pola calor, polo tema de praia, pola actividade lúdica... ¿Como pode negar que hai un aumento desas cuestións? ¿Que fan vostedes? Derivalas para a privada. Os accidentes mándanos todos



para os hospitais privados. (*Aplausos.*) ¡Claro que si, claro que si! ¿Que fan vostedes? Pois sacan a ambulancia de Vilagarcía e mándana para Sanxenxo. Non aumentan os dispositivos, simplemente deixan descuberta toda unha poboación para trasladala para Sanxenxo. Non aumentan dispositivos, non protexen a poboación, simplemente desvisten un santo para vestir outro. Esa é a realidade.

O clásico non é que o BNG veña aquí con esta situación; é algo que están denunciando os profesionais. Vostede, se mira os dossiers de prensa diarios —non soamente as súas declaracións de autocompracencia—, verá onde están as denuncias dos profesionais, onde está a poboación mobilizándose porque pechan os consultorios, porque están sen profesionais, porque os nenos non teñen pediatra, porque non hai ambulancias.

Sería bo que se sacasen da súa realidade paralela e se instalasen un pouquiño na realidade que vemos todos os galegos e as galegas. Vostede instala uns óculos de cores cos que lle parece fantástica a realidade que ve, pero non é a realidade que ve a maioría da poboación; unha poboación cada vez máis desatendida e unha poboación da que xa non se está atendendo a cronicidade, nin da que se está facendo seguimento —nin de adultos, nin de nenos—. E vostede sabe que é así. Hai cento noventa e catro concellos deste país que non teñen pediatra —os pais e nais están denunciando continuamente esta situación— e que están con menos profesionais, e vostede está dicindo que non pasa nada. Vostede está dicindo que non pasa nada, e no BNG dicímoslle que si; que si que pasa.

Os colapsos, señor conselleiro, non os augura o BNG; os colapsos prodúcense. Se vostede fose unha das trinta e cinco persoas, que levan non sei cantas horas nas Urgencias do Álvaro Cunqueiro, e seguise alí ás oito da mañá, agardando por unha cama porque non hai camas dispoñibles, porque vostedes pechan durante todo o verán trescentas trinta e cinco camas na Área de Vigo, igual non lle parecía que fose unha cuestión menor; se fose o seu familiar, o que está nesa situación, ou moita xente maior, que está nunha cadeira ou nunha padiola, horas e horas, agardando a ser atendidos ou a ter unha cama, igual non lle parecía que todo fose normal —igual non lle parecía que todo fose normal—; ou se estivese oito horas agardando para ser atendido en urgencias, como está pasando en Ourense —e podería seguir poñendo exemplos—, igual non lle parecía tan normal. Entón, ¿isto inventámolo no BNG?; ¿inventa o BNG esta realidade? Está nos medios de comunicación; o BNG non inventa esta realidade. E o tema é que estamos a principios do verán, e isto vai ir a peor, e, diante diso, vostede o único que fai é negar a realidade.

Mire, eu xa lle dixen antes que o que fixo o Partido Popular neste tempo foi baixar o orzamento e practicar constantemente esa precariedade laboral e ese abuso, se non, ¿por que cree que uns profesionais que acaban a súa formación marchan escopeteados de atención primaria? ¿Como é posible que, de vinte e un profesionais en Vigo, soamente queden seis?; ¿como é posible que, de once profesionais en Santiago, só queden dous?; ¿como é posible que prefiran as urgencias dos hospitais, incluso con estas condicións? ¿Por que pensa que prefiren as urgencias?; ¿será porque as condicións laborais son mellores?; ¿será porque non soportan, ou non están dispostos a traballar nas condicións en que ven que traballan os seus titores e titoras, mentres fan a residencia?; ¿non lle parece que ten que ver coas condicións laborais baixo as cales vostedes someteron os profesionais? ¿A vostede parécelle normal que



alguén se forme para unha especialidade e logo non queira saber nada dela? Algunha responsabilidade debería asumir e non botar a culpa ao BNG por que o denunciemos. O problema é que pasa, señor conselleiro, e non que nós o denunciemos; o problema é que está pasando —¡o problema é que está pasando!—. (Aplausos.)

Diante disto, vostede o único que fai é seguir precarizando ou poñéndolles a alfombra vermella para que vaian traballar á privada, porque iso é o que está facendo vostede, señor conselleiro: non coidar os profesionais. En vez de coidalos e de facilitarlles unhas condicións laborais minimamente dignas, o que lles pon é a alfombra vermella para que vaian traballar á privada, atendendo ás demandas da patronal da privada que lle di que precisan de profesionais. (Aplausos.) Por certo, na privada non pechan camas no verán; na privada teñen todos os dispositivos operativos. ¡Que casualidade!, ¿verdade?, péchanse no verán.

Gustárame saber se vostede explorou outras posibilidades...,

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señora Prado.

A señora PRADO CORES: ...como ofertar mellores condicións aos profesionais que collan vacacións fóra da época estival; é dicir, hai opcións, ¿por que non as explora? Porque lle é máis cómodo vir aquí co discurso de «isto é o que hai». Vostede é o responsable: é o responsable de coidar os profesionais; é o responsable de coidar a poboación; é o responsable de non poñela en risco continuamente, de ter dispositivos suficientes, de ter profesionais suficientes, e non o está facendo.

E eu remato dicíndolle, señor conselleiro, que as súas propostas e as súas roldas de prensa serán cribles, cando, primeiro, faciliten información, porque sería bo que dixese porque xa non facilitan...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora Prado.

A señora PRADO CORES: ...esa información sobre cales son os dispositivos do verán —porque lla pedimos, porque lla piden os profesionais—, e xa non a publican; cando fagan actuacións para que os MIR no marchen escopeteados; e cando estean dispostos a aumentar o orzamento para chegar, no mínimo, á media do Estado porque están á cola. Cando tomen algunha medida para solucionar todas estas cuestións, os seus anuncios serán minimamente cribles.

Entre tanto, señor conselleiro, lamento dicirle que non é que non sexan cribles para o BNG; non son cribles nin para os profesionais nin para a poboación...,

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

A señora PRADO CORES: ... que non teñen os seus óculos de cores postos e que ven cal é a realidade dunha sanidade pública que cada vez está peor e peor.

(Aplausos.)



A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Ten novamente a palabra, por cinco minutos, o señor conselleiro

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Señora deputada, non sei a que rolda de prensa se refire vostede. Creo que debe haber dous meses que non fago ningunha rolda de prensa, para apuntar o dato.

Vostede falaba antes de «parches» e de «ocorrencias», e dicía eu que parches e ocorrencias, ao mellor, foi ser a primeira comunidade autónoma que establece o procedemento de concurso de méritos para médicos de atención primaria, cento seis prazas, co voto en contra do Bloque Nacionalista Galego; *(Aplausos.)* ou que repite... *(O micrófono da tribuna deixa momentaneamente de funcionar.)* —non se escoita—... *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Dean son ao micro do escano, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Si, agora, si. Grazas.

Bueno, creo que se escoitou o que dixen, e non o vou repetir, polo tanto.

Dicía que foron cento seis prazas o ano pasado, setenta e unha este ano, tamén sesenta de Pediatría; en total, catrocentas vinte prazas este ano. «Parches» e «ocorrencias», señora Prado —insisto—, co seu voto en contra.

Precisamente, por ese sistema de prazas en propiedade polo concurso de méritos na atención primaria, con dúas gardas de PAC establecidas para cada un deses profesionais, conseguíronse duascenas doce gardas, só o ano pasado, con este sistema, e é polo que podemos dicir que, este ano, en toda Galicia, as gardas de PAC están garantidas, pois temos profesionais de sobra, agora mesmo, para atender todas esas gardas. Insistía antes en que pode haber continxencias: alguén pode poñerse enfermo, por suposto, como en calquera caso; pero —como digo— a situación, no ámbito da urxencia, está garantida con estes reforzos. E seguiremos este ano —como dicía— traballando nesa nova convocatoria que se vai resolver despois do verán.

Di vostede que eu trato de transmitir normalidade. ¡Claro!, é moito máis fácil transmitir alarma —que é o que lle gusta facer a vostede—; transmitir alarma é moito máis interesante para vostede e para algunha alcaldesa do seu partido. É moito máis interesante transmitir á poboación medo, dúbidas...

Mire, o presuposto en atención primaria deste Goberno é moi superior ao que tiña o Grupo do Bloque e, neste caso, o Partido Socialista cando gobernaban; é moi superior —non vou volver dar os datos porque é por todos coñecido—.

Insisto en que o ano pasado non houbo nin un só PAC pechado, ningún PAC pechado. *(A señora Prado Cores fai xestos coa cara.)* Non, non, non poña esa cara de susto. Non houbo ningún PAC pechado, señora deputada, ningún PAC pechado. Pechado é pechado. A vostede moito lle gusta pechar: pecha camas, pecha os PAC...; *(Risos.)* a ver se pecha outra cousa. *(Aplausos.)*



¡Non houbo ningún PAC pechado! *(Aplausos.) (A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.)* Non escoito. ¡Bueno!, agora matiza; si, médicos. Bueno, pero é moi distinto un PAC pechado que un PAC sen médico. *(Murmurios.)* Os PAC sen médicos... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)* ¡Ah!, bueno, está claro, vexo que non é un problema só seu; non pasa nada. Insisto, non houbo nin un só PAC pechado o ano pasado; e este ano —por desgraza para vostedes— tampouco vai haber ningún PAC pechado, tranquilos. Non vai haber ningún PAC pechado este ano tampouco.

E o que non imos facer, señora Prado, é o programa do Neno San en Sanxenxo aos turistas que veñan de Madrid ou doutra parte de Galicia; o programa do Neno San non o imos facer aos turistas, tamén llo digo tranquilamente.

E —diciálle—, temos esas gardas este ano por ese aumento de prazas, xa que veñen con esas prazas ás cales vostede votou en contra.

Falou vostede de trinta e cinco pacientes sen cama hoxe no Cunqueiro. Bueno, ao mellor tería que saber cal é a media de pacientes sen cama no Cunqueiro todos os días ás oito da mañá; eu, despois, se quere, dígollo. Trinta e cinco non é un dato que nos guste, pero non é nada anormal. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Bueno, despois dígolle o dato medio de pacientes sen cama asignada.

Unha opción para vostede sería subir o paciente de Cirurxía a Medicina Interna; o importante é que non estea en Urxencias. Ao mellor hai que esperar ás doce da mañá para que quede unha cama libre na planta correspondente e subilo ao seu sitio —ademais, disto vostede algo debería saber; cousa que, tranquila—. E, logo, dixo: «non, se tivésedes as trescentas camas abertas en Vigo, xa non habería pacientes pendentes de cama». En dez días consumiríamos as trescentas camas que —segundo di vostede— están pechadas; xa lle dixen que non están pechadas, están alí para o que fagan falta. E, tranquila, se nalgún momento en Vigo —ou en calquera outro hospital da Rede— houberse un problema asistencial, esas camas habilitaríanse novamente, como se fixo sempre. Deille o dato antes: o 74 por cento de ocupación no ano 2022, en Galicia; o 90 por cento de camas dispoñibles. Os números son así de tercos, señora deputada.

Falou vostede de listas de espera indecentes; xa dixemos que nos gustaría que as listas de espera fosen máis baixas. Galicia ten setenta e sete días de lista de espera, pero se setenta e sete días lle parecen indecentes, ¿que lle parecen cento cincuenta e un días de Cataluña? *(Murmurios.)* Máis, parécelle máis, claro. Pero se o noso é indecente, o deles ten que ser... E, por exemplo, ¿que fai Cataluña, o Goberno de Esquerra Republicana, neste verán? Abre camas, abre quirófanos e contrata anestesiastas, ¿non?; iso é o que fai Cataluña. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Como? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Se me di que as listas de espera en Galicia son indecentes..., *(Murmurios.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): ¡Silencio, por favor!

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): ...poderei poñelas en contexto. É dicir, Galicia é a terceira comunidade autónoma do Estado que ten menos lista de espera; e



claro que o vou dicir: é polo traballo dos profesionais e polos labores de xestión das áreas sanitarias. *(Aplausos.)* ¡Claro que si! Non lles gustará a vostedes, pero hai que dicilo: é a terceira lista de espera máis baixa en todo o Estado; *(Aplausos.)* en Madrid tamén. Madrid está mellor que nós —mire vostede—, mellor que nós. A ver se se entera dos datos de lista de espera de Madrid.

E, despois, falou vostede...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): ...dos MIR que marchan. ¡Claro!, claro que marchan de primaria para urxencias; por iso levamos pedindo a especialidade de Urxencias. Por iso vostedes, no Congreso dos Deputados, cando tiveron que votar a iniciativa do PP para que houboese a especialidade de Urxencias, votaron que non; hai catro días, votaron que non. E o ministro, que dixo que a ver se a especialidade de Urxencias está no ano 2025, vai ao Congreso da SEMES para anunciar a especialidade. A especialidade non está porque, se estivese, mañá pola mañá —que é o Pleno de Recursos Humanos—, aprobaríanse as convocatorias para o ano 2024, e non se van aprobar, primeiro, porque o ministro non o vai aprobar, e, segundo, porque vostedes votaron que non no Congreso dos Deputados.

Moitas grazas.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor conselleiro.

(Aplausos prolongados.)

Alteración da orde do día

A señora PRESIDENTA (Candia López): Continuamos cunha alteración da orde do día. E damos lugar a unha pregunta; neste caso de don Pablo Arangüena Fernández e de dona Paloma Castro Rey.

Pregunta de D. Pablo Arangüena Fernández e D^a Paloma Castro Rey, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o fraccionamento de tres contratos por parte da Axencia de Turismo de Galicia no ano 2022

A señora PRESIDENTA (Candia López): E para formular a pregunta, por tempo de tres minutos, ten a palabra don Pablo Arangüena.

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: Grazas, señora presidenta.

Inmediatamente antes da marcha do señor Feijóo a Madrid, o ano pasado, a Axencia de Turismo de Galicia pagou cincuenta mil euros á empresa do periodista ultra Javier, mediante tres contratos menores. Fíxoo mediante tres contratos por importes lixeiramente inferiores



ao límite para adxudicar contratos menores, que, como todo o mundo sabe, son contratos que se dan a dedo, e, por tanto, permiten facer todo tipo de falcatuadas, no seu caso, cos cartos públicos; neste caso, a falcatuada consistiu en regalar un total de cincuenta mil euros a un medio marxinal da ultradereita, *Estado de Alarma Televisión*, dirixido polo pseudoperiodista Javier Negre, inmediatamente despois de que o señor Feijóo fose proclamado presidente do Partido Popular e inmediatamente antes de que dimitise como presidente da Xunta de Galicia. Deses contratos, a pesar de que xa preguntamos en comisión por eles, o único que sabemos hoxe é o concepto: *(O señor Arangüena Fernández le textualmente do documento que sostén na man dereita.)* «Creación dunha canle de noticias turísticas na televisión dixital dese medio, publicidade nesa mesma canle e promoción do Camiño de Santiago». Pero os únicos contidos relacionados con eses contratos, que poden atoparse buscando nas redes, son unha pequena serie de vídeos curtos feitos cun móbil e nos cales o propio Negre vai falando mentres fai algúns tramos do Camiño; uns vídeos que podería facer un neno e que non xustifican, nin por asomo, os cincuenta mil euros pagados. Por tanto, dan vostedes cincuenta mil a un medio marxinal da ultradereita practicamente a cambio de nada, e disfrazan vostedes o regalo ao señor Negre de cincuenta mil euros públicos cunha promoción do Camiño de Santiago, pero, na práctica, nin sequera hai tal promoción.

O 20 de abril deste ano, a Comisión 1ª, deste Parlamento acordou, por instancia do Grupo Socialista, que a Xunta entregase os expedientes de contratación e un informe xustificativo dos servizos prestados por eses contratos, pero pasaron xa máis de dous meses e vostedes non entregaron esa documentación a este Parlamento, como tampouco entregaron aínda os contratos da Xunta, por certo, co grupo Eulen —do que é directiva a irmá do señor Feijóo—, que tamén se comprometeron a entregar hai moito máis tempo.

O señor Negre —a quen regalaron cincuenta mil euros dos galegos e das galegas— é un pseudoperiodista e coñecido axitador da ultradereita mediática que foi condenado en varias ocasións pola xustiza, como mínimo —que eu saiba—, en catro ocasións: por difundir bulos e *fake news*; por faltar á ética periodística máis elemental, incluíndo inventarse unha entrevista cunha vítima de violencia de xénero, segundo declarou unha sentenza xudicial. Cincuenta mil euros que vostedes empregan en inflar a ultradereita e en corroer os fundamentos da nosa democracia. A ver se esta vez poden informar de que pasou e para que se empregaron realmente eses cincuenta mil euros.

Nada máis e grazas.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Para dar resposta ten a palabra o vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, don Diego Calvo.

O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): Grazas, presidenta.



Hai xusto un mes, señorías, o pasado 28 de maio, todos os españois foron convocados ás urnas para decidir o futuro político dos municipios; nestes comicios, o Partido Socialista obtivo un dos peores resultados e perdeu moitos gobernos ao longo e ancho de España, e esa derrota levou o presidente do Goberno á desesperación —como vostedes saben—, e tomou unha decisión á desesperada de convocar unhas eleccións na peor data posible. E hoxe, cando quedan xa vinte e cinco días para que volvamos ter un galego na presidencia do Goberno, constátase de novo esa desesperación, señor Arangüena, pero non o digo eu, dino os datos do Rexistro desta Cámara —vostede, que é tan afeccionado a dicir cousas que non son certas—.

Mire, vai facer mañá xusto un ano —xa é casualidade—, de que o BNG trouxese a Pleno desta Cámara, o 29 de xuño do ano 2022, esta mesma pregunta polo procedemento de urxencia, argumentando o seguinte: *(O señor Calvo Pouso le textualmente do documento que sostén nas súas manas.)* «...que a urxencia viña motivada pola necesidade de que a Xunta de Galicia informase sen demora no Parlamento galego sobre os contratos de patrocinio publicitario adxudicados no mes de maio, mediante procedemento negociado, sen publicidade, a medios de comunicación con domicilio social en Madrid». Era a mesma, *(O señor Arangüena Fernández: ¡Non, non!); ¡si, a mesma, a mesma, si, home, si!; (O señor Arangüena Fernández: ¡Non, non!)* vostede ben o sabe *(O señor Arangüena Fernández: ¡Non, non!); ¡que si, home, que si! Atenda; escoite un pouco. (Risos.)*

Como non podía ser doutro xeito, o Goberno veu ao Parlamento e contestou, naquel momento, ao Bloque Nacionalista Galego; respondeu a esa pregunta co máximo respecto. Un pouco máis adiante, o 23 de marzo do ano 2023, o señor Arangüena —vostede, ¡vaia casualidade!— formulou unha pregunta oral, en comisión, á directora da Axencia de Turismo de Galicia, sobre este mesmo asunto. Seguramente, quedaríalle aquel día algunha dúbida; igual non atendeu todo o tempo suficiente, ou non entendeu os datos que lle deu, ou non souberon explicarllos. Quedaríalle algunha dúbida, pero o Goberno xa lle respondeu na Cámara, e, por iso, sete meses atrás démoslle contestación. Pero seguimos pasando datas. O 20 de abril do ano 2023 —é dicir, de alí a uns días—, o señor Arangüena —outra vez, de casualidade— rexistrou unha proposición non de lei en comisión, sobre este mesmo tema, e volvémoslle dar unha contestación. E chegamos ao día de hoxe, ao 28 de xuño do ano 2023, e ao señor Arangüena parécelle boa idea volver inventar que a Xunta non cumpre coa Lei de contratos, porque dixo vostede: «falcatrúadas con cartos públicos». ¡Oia!, iso farao vostede; *(A señora Padro del Río: ¡Claro!) (Murmurios.)* unha falcatrúada faraa vostede. Vostede vén aquí e di: «falcatrúadas con cartos públicos», pero ¿que me di vostede? *(Murmurios.)* ¿Non entende?, ¿vostede non sabe de que vai a lei?; ¿non sabe o que é un contrato menor? *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Si si!, pois se o sabe ou se ten outro tipo de proba, debería acudir á xustiza, *(Murmurios.) (Unha señora deputada: ¡Claro!)* porque aquí, falcatrúadas, o único que as pode facer, dende logo, o Goberno non é; e iso quérollo deixar claro.

Pero a vostede pareceulle boa idea volver preguntar, no día de hoxe, sobre a Lei de contratos para ver se repetindo varias veces a mesma mentira conseguía enganar alguén. E hoxe a señora Pontón xa o dixo...:

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señor Calvo.



O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): «unha mentira repetida mil veces segue sendo unha mentira». (*Murmurios.*) Paréceme que non a escoitou. Pois eu quérolle dicir o mesmo: a información que lle demos está ben dada, señor Arangüena [inaudible].

(*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Ten despois un segundo turno.

Moitas grazas.

Para a replica, o señor Arangüena.

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: Señor vicepresidente, ten vostede a cara, despois de que o 20 de abril deste mesmo ano vostedes mesmos votasen a favor de entregarnos a documentación que pedimos e de que non a entregasen no día de hoxe, de vir vostede outra vez aquí a non dicir nada e a non responder a nosa pregunta. (*Aplausos.*) ¡Isto é escandaloso, absolutamente escandaloso! (*Aplausos.*)

Por tanto —reitero—, inmediatamente antes de dar o salto a Madrid, o señor Feijóo regalou cincuenta mil euros dos galegos e das galegas a un medio marxinal da ultradereita dirixido por un pseudoperiodista ultra, condenado xudicialmente, como mínimo, en catro ocasións, por difundir bulos, *fake news*, inventar entrevistas falsas e faltar á máis elemental ética periodística; ese regalo de cincuenta mil euros vulnera a lei —¡claro que si!— porque os tres obxectos, supostamente diferentes, para tres contratos menores, en realidade, son o mesmo. Debería dar lugar a un procedemento aberto á concorrncia, pero camúflanlo vostedes con tres obxectos diferentes para dálo a dedo a un medio da ultradereita, e, por tanto, para inflar a ultradereita e a un medio marxinal, que, obviamente, non pode compararse con outros medios máis serios e con moitísima máis tradición periodística.

Pero, ademais, nin sequera se presta o servizo realmente porque non hai promoción real do Camiño. E ese fraccionamento irregular dos contratos encobre a mesma cousa —sobre a que non temos ningunha dúbida—, que é: pagar favores ao señor Negro; e iso, na miña opinión, sería ilegal incluso supoñendo que, efectivamente, se prestase o servizo, pero non hai tal servizo porque o único que hai son unha serie de vídeos curtos feitos cun teléfono móbil que podería facer eu mesmo; diría que case incluso podería facelos mellor e mire que non fago bos vídeos eu. E, ademais, politicamente é un auténtico escándalo regalar cartos públicos a un axitador antidemocrático, a un sementador de odio, como o señor Negro.

Dedican vostedes cincuenta mil euros de cartos públicos a socavar a democracia, a difundir *fake news*, a sementar o odio e a polarizar, creando unha atmosfera política irrespirable; cartos que se poderían dedicar a outras cousas, como á atención primaria, pero que se dedican a inflar a ultradereita.



A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor Arangüena.

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: A ver se responde...

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Réplica do Goberno, o señor vicepresidente.

O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora presidenta.

A verdade é que isto de cambiar de opinión no Partido Socialista está moi de moda ultimamente, (*Murmurios.*) pero, mire, verdade só hai unha, señor Arangüena; só hai unha, por moito que vostede intente cada vez deturpala.

¿Legalidade? Toda: estes contratos seguen toda a legalidade porque contan cos informes positivos da Asesoría Xurídica da Xunta e da Intervención. ¿Transparencia? Toda: foron publicados efectivamente. ¿Oportunidade?: pois as cifras do Xacobeo falan por si mesmas; igual as quere tamén cuestionar. Vostede é capaz de calquera cousa; non me estrañaría en absoluto. ¿Eficacia?: pois os datos de recuperación de viaxeiros, de turistas e de compostelas están aí. E a realidade é a que é. E vostede vén aquí utilizar o seu tempo para dicir todo tipo de adxectivos que o único que buscan é deturpar a realidade; e iso é ao que vostede vén aquí: intentar cambiar a realidade porque non lle gusta.

E seguirá preguntando; pois, mire, démoslle contestación ata en tres ocasións, e hai dúas posibilidades: ou vostede non nos fai caso ou non lle interesa facernos caso; eu creo que está claro que é o que busca vostede.

Pero, mire, explicámosllo algunha vez e vólvollo explicar; a ver se desta vez son capaz de que vostede me entenda porque coido que é problema meu. A Axencia Turismo de Galicia ten como finalidade e como misión principal a promoción turística de Galicia —ata aí creo que é fácil de entender—. O contrato de patrocinio, aínda no caso de ser celebrado por unha administración pública, ten a consideración de contrato privado, co cal, tendo en conta a exclusividade destes eventos, só se pode contratar cun promotor do mesmo. Non cabe formulación sobre a súa concorrencia, debido a que non hai outro evento posible para patrocinar na comunidade autónoma.

Pero espere. Este é o contrato que utiliza a Xunta de Galicia, porque as administracións gobernadas polo Partido Socialista e polo Bloque Nacionalista Galego non o utilizan nunca; estas non, jonde vai quedar! Aí utilizan os recursos públicos como hai que utilizalos, pero en contratos menores, non; en contratos menores non os utilizan. Fíxese vostede nos informes do Consello de Contas sobre algún concello importante de Galicia; sobre o máis po-boado, por exemplo, (*O señor Arangüena Fernández pronuncia palabras que non se perciben.*) cos contratos. Pero a vostede aí non lle interesa.



Deputación de Lugo: difusión da marca «Deputación de Lugo» no Resurrection Fest; empresas invitadas, unha; importe do contrato, 123.000 euros —¡carai, carai!—. Deputación de Lugo: patrocinio da imaxe da deputación en promoción turística na Ribeira Saca a través da longametraxe *Live is Life*; empresas invitadas, unha; importe de adxudicación, 82.000 euros —¡bueno!, non ten nada que ver—. Deputación de Pontevedra —imos ir para outro lado, porque, por acaso, igual a Deputación de Lugo se equivocou—: contratación mediante procedemento negociado, sen publicidade, do patrocinio do evento deportivo Vigo Open 2022 World Padel Tour —negociado sen publicidade—; empresa invitada, Setpoint Events, S.A.; importe 70.000 euros; sede social en Barcelona. As outras tamén tiñan sede social alá do Padornelo, (*Murmurios.*) pero non pasa nada; non pasa nada. Deputación de Pontevedra: patrocinio do evento deportivo O Gran Camiño; empresas invitadas, Eze Mosquera Events; importe da adxudicación, 100.000 euros. Bueno, contratos sen publicidade, negociados, non pasa nada, non pasa nada. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Non, non! Como que, ¿que é o que ten que ver? Isto ten que ver todo (*Murmurios.*) porque vostede está cuestionando o tipo de contrato utilizado, señor Arangüena. (*Murmurios.*) E basta xa de dicir cousas que non son verdade.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor conselleiro.

O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): Seguimos todos os procedementos... (*O señor Calvo Pouso pronuncia palabras que non se perciben.*)

(*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Grazas.

Continuamos con outra pregunta ao Goberno; neste caso de dona Ana Pontón Mondelo.

Pregunta de D^a Ana Pontón Mondelo e dezoito deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a investigación xudicial aberta contra unha parte da dirección da Corporación Radio e Televisión de Galicia

A señora PRESIDENTA (Candia López): para formular a pregunta, por tres minutos, ten a palabra dona Olalla Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidenta.

Boa tarde a todas e a todos.

Boa tarde, señor Calvo.

Traemos hoxe, desde o BNG, esta pregunta, despois de coñecer a imputación de oito directivos da CRTVG, incluído o propio director xeral; oito persoas que están sendo investi-



gadas por un presunto delito de acoso laboral institucionalizado contra unha traballadora. É algo inadmisíble en calquera empresa, pero aínda é moito menos admisíble cando falamos dunha empresa pública que pagan todas as galegas e todos os galegos do seu bolsillo, con máis de cen millóns de euros públicos ao ano. Pero este non é o único caso que acaba nos tribunais. A dirección que o Partido Popular puxo a dedo na CRTVG acumulou centenas de condenas nos últimos catorce anos por violar os dereitos das traballadoras e traballadores dos medios públicos, nunha actuación sistemática e sistematizada contra quen se nega a obedecer e a manipular. *(A señora Rodil Fernández le un documento que mostra ao resto da Cámara.)* Decembro de 2011: «Los servicios mínimos de TVG, en huelga, fueron ilegales»; *(A señora Rodil Fernández pasa a páxina e le un novo documento que mostra ao resto da Cámara.)* maio de 2014: «O Tribunal Superior de Xustiza de Galiza declara ilegal a vixilancia do correo persoal, realizada pola dirección da Corporación da Radio e Televisión» —espiaban os traballadores—; *(A señora Rodil Fernández volve pasar a páxina e le un outro documento que mostra ao resto da Cámara.)* abril de 2018: «O Tribunal Superior condena a CRTVG por vulnerar o dereito á folga do 8 de marzo» —contrataban traballadoras de fóra para que non se notase que as mulleres acudían á folga feminista—; marzo de 2022: *(A señora Rodil Fernández pasa novamente a outro documento, que mostra ao resto da Cámara, e leo.)* «Condena firme a la Televisión de Galicia por la persecución política de un periodista durante el mandato de Feijóo» —sentenza de Carlos Jiménez—; marzo de 2022: *(A señora Rodil Fernández volve pasar a outro documento, que mostra ao resto da Cámara, e leo.)* «Condenan a CRTVG por vulnerar os dereitos dunha traballadora, por razóns de sexo, ao negar medidas de conciliación»; xuño deste ano: *(A señora Rodil Fernández volve pasar a páxina e le un outro documento que mostra ao resto da Cámara.)* «A CRTVG discriminou unha traballadora —outra diferente; outra máis— por denegarlle o dereito a conciliar, e o Supremo confirma que terá que indemnizala»; esta semana, onte mesmo: *(A señora Rodil Fernández pasa a páxina e le un novo documento que mostra ao resto da Cámara.)* «A Televisión galega enfrenta tres xuízos seguidos por violar os dereitos fundamentais dos seus traballadores, por moveelos no posto de traballo sen consulta, sen aviso previo, sen negociación, sen nada, por negarse a alterar informacións en beneficio do Partido Popular ou por apoiar as protestas contra a manipulación informativa» que vostedes levan exercendo máis dunha década na Radio e Televisión públicas de Galiza.

E eu preguntolle, conselleiro: ¿que máis ten que pasar?; ¿que máis ten que pasar para que o Partido Popular cese a dirección da CRTVG que vostedes manteñen aí sentada desde o ano 2015, en contra do que di a propia lei? ¿Cantos dereitos máis teñen que esmagar para que vostedes fagan algo? ¿Canto máis vai arrastrar polo chan, o Partido Popular, o prestixio da Radio e da Televisión públicas de Galiza antes de que decidan cesar a dirección da Corporación?

Máis nada.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Para dar resposta ten a palabra o vicepresidente primeiro, don Diego Calvo.



O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): Moitas grazas, presidenta.

Señorías, cada vez que chega un proceso electoral, a maioría dos partidos políticos que concorren a esas eleccións utilizan o tempo para elaborar os seus programas, para organizar mítins, para dar a coñecer os seus candidatos e para participar en todo tipo de accións de campaña. Iso a maioría; a maior parte dos partidos políticos. O BNG ten sempre, sempre, outra estratexia de campaña: cada vez que hai eleccións lémbrese da CRTVG. ¿Para colaborar? Non, non é para colaborar; é para cuestionar e atacar a CRTVG, buscando ese maior protagonismo que escoitabamos pola mañá. Pero iso é o que sempre fai o BNG e é o seu libro de ruta.

Veñen facendo campaña agora que se acercan as eleccións; viñérono facendo vostedes cando convocaron as eleccións municipais. Converteron a televisión pública no centro de todos os seus ataques, cunha estratexia que só pretendía o descrédito dos medios. Non lles importaba nin que os primeiros prexudicados fosen os traballadores, que cada día ven cuestionado o seu traballo; iso, a vostedes, lles dá igual. E, agora, cando falta menos dun mes para unhas eleccións xerais, volven coa mesma teima, que é atacar aos medios públicos. De novo, falan dunha situación insostible e insoportable na CRTVG. E hoxe dicíao a súa voceira, señora Olla; dicía que unha mentira repetida mil veces segue sendo unha mentira. E vostedes están trasladando unha imaxe que non é verdade, tentando que sexa verdade, pero que non se vai converter en verdade nunca; nunca, señora Rodil, de verdade. Nunca se vai converter en verdade; e iso é, precisamente, o que vostedes pretenden.

Fano enmascarado nunha estratexia de suposta defensa dos traballadores que «están sendo acosados e vendo reducidos todos os seus...». Non, non é verdade, señora Rodil; non é verdade a situación que vostede está a mencionar. Proclámanse os seus defensores cando, o que fan, é todo o contrario; é atacalos e sinalalos: atacan os traballadores, atacan a dirección...

Hoxe o BNG presenta unha pregunta sobre a querela por presunto acoso laboral, pero, na formulación da mesma, xa xulgan e condenan o director. Xa non é necesario nada máis; vostedes son xuíz, parte, xurado... Fan de todo; (*Murmurios.*) fan de todo porque non necesitan —¿para que hai outros poderes?— esperar a que ninguén diga nada. É máis, xa rexistraron a súa pregunta no Parlamento antes de que algunha das persoas asociadas á querela recibisen a notificación. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Se isto non é estratexia planificada, (*A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.*) señora Rodil, dígame vostede o que é. Esa é a dobre vara de medir que ten sempre a esquerda; esa é a dobre vara de medir que ten sempre a esquerda, e, para iso, señora Rodil, non contén con nós.

Se veñen aquí trasladar ese tipo de cousas, se teñen unha estratexia predefinida de atacar os medios públicos, de incluso presentar as iniciativas antes de que as partes da querela teñan notificación, (*A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.*) está claro a que se debe; por tanto, con esa estratexia, señora Rodil, non van poder contar con nós.

Nada máis e moitas grazas.

(*Aplausos.*)



A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor conselleiro.

Para a réplica ten a palabra dona Olalla Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidenta.

Mire, señor Calvo, vén aquí desganado, e nin argumentos trae, pero permítame que lle diga algo: os únicos que atacan a CRTVG, as traballadoras e os traballadores dos medios públicos deste país, son vostedes; vostedes e a dirección que puxeron a dedo no ano 2009 e que manteñen en contra do que di a lei. *(Aplausos.)*

E non é unha opinión; non é unha opinión: son feitos e sentenzas firmes que acabo de ler, unha tras outra, do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza e do Tribunal Supremo. ¿Agora o Tribunal Supremo e o Superior de Xustiza de Galiza son parte dun contubernio nacionalista en contra da CRTVG e do Partido Popular, señor Calvo? Pero é que, ademais, son os seus propios datos. Nós, que temos a ben solicitar información para resposta escrita nesta Cámara, pedimos á Xunta de Galiza que nos dixese cantas sentenzas por violación do dereito fundamental aos traballadores acumula a CRTVG; os datos son seus, ¡¿eh?!; ¡seus!, da Xunta de Galiza do Partido Popular. *(A señora Rodil Fernández le un documento que sostén nas mans.)* «A tele pública de Galiza acumula dezaoito condenas nun só ano por violar os dereitos das traballadoras e despedilas de maneira impropcedente».

¿Sabe canto custa ás galegas e aos galegos esa persecución política a que vostedes e os membros da dirección da CRTVG someten os traballadores e as traballadoras dos medios públicos? Case medio millón de euros en indemnizacións que temos que pagar as galegas e os galegos; pero é que desde que levan vostedes gobernando, desde o ano 2009, a Xunta de Galiza, co mando da tele de todos os galegos no seu poder, acumula máis de catrocentas sentenzas xudiciais pola violación dos dereitos fundamentais dos traballadores.

Non me veña falar do chachachá. Volvo facerlle a mesma pregunta: *(Aplausos.)* ¿que máis ten que pasar?; ¿que máis ten que pasar para que cesen a dirección da CRTVG? ¿Cantos dereitos fundamentais máis dos traballadores van ter que pisotear para que vostedes fagan algo? É algo que di a súa lei e que deberían ter feito xa desde o ano 2011.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Réplica do Goberno.

O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): Eu non vou cuestionar as ganas coas que vostedes veñen aquí; non o farei porque me acusarían de todo. *(A señora Prado del Río: ¡Claro!)*

Mire, aquí hai un órgano, dentro do Parlamento, que é a Comisión de Control da CRTVG, e o director da CRTVG vén todos os meses aquí dar explicacións, que é onde ten que dar as



explicacións. Vostedes non o acaban de entender porque vostedes, cando tiveron oportunidade, non a practicaron, señora Rodil; *(A señora Prado del Río: ¡Claro!)* cando vostedes tiveron a oportunidade de mandar na radio e o Partido Socialista na tele foi o maior escándalo dos medios de comunicación deste país; da historia. *(A señora Prado del Río: ¡Claro!)* *(Murmurios.)* E vostedes cren que se pode mandar e dar ordes directamente todos os días, como facían vostedes; e non é así, señora Rodil, non é así.

O artigo 25 da Lei que fala do Estatuto do persoal, do director ou da directora xeral da CRTVG, di: *(O señor vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes le un documento que sostén entre as mans.)* «esta persoa exercerá as súas funcións con absoluta independencia». *(Risos.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non sei se vostede entende isto; seguramente non o entende nin cabe na súa folla de ruta porque non o practicaron cando puideron, e andaron a liortas co Partido Socialista e mesmo —vostede o sabe— o secretario da consellería do señor Anxo Quintana escribiu unha carta ao director da CRTVG. E iso sábeno vostedes. Pero «sen que poida recibir instrucións, directrices ou calquera clase de indicación imperativa do Goberno, da Administración xeral da Comunidade Autónoma ou dos partidos políticos nin outras institucións e entidades».

E vostedes, pese a que o director xeral vén dar explicacións aquí continuamente, queren que o Goberno se meta na dirección da CRTVG. Si, vostedes é o que están pedindo todos os días. Veñen aquí atacar os traballadores e os medios públicos, e pedir o cesamento do director sen coñecer nin sequera a lei, porque non a coñecen; non a coñecen, señora Rodil. Ao mellor, o descoñecemento —como lles dicía antes— é a lembranza dos anos anteriores que son desexados por vostedes. ¡Que lle imos facer!

Pero a verdade é que non merecemos todo este espectáculo. Dixéronlle de todo, acusaron a CRTVG de censores, de manipuladores, de falta de neutralidade e falta de pluralidade. E unha vez máis —como lles dicía antes—, vostedes eríxense en xuíz, parte e fonte do dereito. É o que teñen os do Bloque e o que teñen os dous grupos da esquerda neste Parlamento.

E a mellor proba de que non teñen fundamento son as resolucións da Xunta Electoral acerca do que vostedes están denunciando nesta campaña das eleccións municipais; xa non tiramos cara a atrás, desta campaña que acaba de pasar hai escasamente un mes. Todos os recursos presentados polo Bloque Nacionalista Galego contra a cobertura informativa foron desestimados, todos, do primeiro ao último. ¿Por que? Porque non había nin falta de pluralidade nin falta de neutralidade, que é o que vostedes están denunciando continuamente, señora Rodil. Todos os recursos do BNG na Xunta Electoral, todos. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Entón, ¿de que realidade nos veñen intentar convencer a todos aquí?, ¿de que a realidade tentan convencernos a nós de que existe? Non é verdade. Vostedes son os que non respectan os traballadores nin respectan tampouco a xustiza, porque xa están vostedes aquí para impartir xustiza...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): ¿Para que necesitan...



A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

(O señor Calvo Pouso pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Moitas grazas, señor conselleiro. Moitas grazas.

(Pronúncianse palabras de varios deputados que non se perciben.)

Moitas grazas, señor vicepresidente, rematou o seu tempo.

Moitas grazas.

(Aplausos.)

Continuamos co punto seguinte, de interpelacións.

Interpelación de D^a Susana Díaz Varela e D^a Noelia Otero Lago, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a loita contra a violencia machista

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para formular a interpelación, por un tempo de dez minutos, ten a palabra dona Susana Díaz Varela.

A señora DÍAZ VARELA: Boa tarde.

Grazas, presidenta.

Señora Rivo, benvida a este seu novo cargo, que agardo desenvolva con toda a responsabilidade e tamén con moitos éxitos, que, por suposto, os seus éxitos serán tamén os éxitos de todas nós. Tamén quería felicitar, xa non está aquí, a señora Sandra Vázquez, a excompañeira Sandra Vázquez, no seu novo cargo como secretaria xeral de Igualdade, á que tamén dende aquí lle desexamos moitos éxitos. E saudar tamén a señora López Abella, compañeira xa neste Parlamento, por todos estes anos de dedicación á fronte da Secretaría Xeral de Igualdade.

Eu lamento moitísimo, señora conselleira, que hoxe vostede teña que estrearse nesta Cámara como conselleira Igualdade nun contexto como o actual, e imos poñernos serias. Eu hoxe voume poñer moi seria. Asegúrolle que presentamos esta iniciativa —cando o fixemos pódono ver tamén no rexistro— unicamente motivadas pola preocupación do incremento da violencia machista que nos está destrozando ás mulleres e que nos está matando, só polo feito de ser mulleres, só por iso. Tamén ás galegas, e de aí que presentásemos esta iniciativa. Temos que lembrar o asasinato, feminicidio, de Beatriz, en Baiona, pero tamén este recente o 5 de xuño, en Oia, de Ana Vanessa. Por iso presentamos esta batería de iniciativas, porque son dúas as mulleres galegas asasinadas polo machismo nos seis meses que van do ano. Dúas asasinadas, pero son miles as maltratadas.



De feito, segundo os datos que vostedes achegaron para esa comparecencia da Secretaria Xeral de Igualdade sobre violencia de xénero, violencia sexual, no ano 2022, rexistráronse nos xulgados galegos de violencia sobre a muller 7.029 casos. ¡Uns 7.029 casos nos xulgados de violencia sobre a muller en Galicia no ano 2022!

E con respecto á violencia sexual —e manteñan por favor a atención porque é moi alarmante a violencia sexual— entre o 2016 e o 2022, seis anos, aumentaron os delitos máis dun 87 por cento. E é que ademais no ano 2022 —tamén segundo datos seus— batéronse os máximos históricos en delitos de carácter sexual, os máximos históricos, unhas cifras espeluznantes, que entendo que ninguén de aquí presente podería negar.

Claro, créanme que estes datos eran a nosa única motivación hoxe para falar aquí, para interpelada, para coñecer as accións do Goberno galego neste escenario de incremento da violencia machista e tentar chegar a solucións. Pero fíxese que o contexto hoxe é lamentablemente outro. A nosa preocupación, por suposto, seguen a ser as mulleres vítimas de violencia, pero agora tamén é unha preocupación do Grupo Socialista coñecer a súa postura, do Goberno galego, do Partido Popular, a respecto do branqueo do discurso negacionista da violencia contra as mulleres ao que estamos asistindo. Un discurso que vostedes están branqueando e que nega que nos últimos dez anos foron condenados por maltrato preto de trescentos mil homes condenados —¡condenados trescentos mil homes en dez anos!—. Un discurso que nega que case cinco millóns de mulleres en España sofren, sufrimos ou sufriron violencia machista nalgún momento da súa vida; ¡cinco millóns de mulleres! Un discurso que nega as máis de mil dúascentas asasinadas pola violencia machista dende o ano 2003, dende que hai datos.

E agora resulta que estes agresores non existen e que esas mulleres vítimas tampouco existen. Resulta que non, resulta que xa non lle podemos chamar «violencia contra as mulleres»; agora é só a «violencia» ou «violencia intrafamiliar». Pode ser tamén violencia intrafamiliar, a pesar de que na violencia en parella o 95 por cento dos condenados son homes, e na violencia sexual os agresores son practicamente o cen por cento. A pesar diso, os homes agresores xa non existen; isto é violencia intrafamiliar e as mulleres desaparecemos.

Nós, diante de todo isto, asistimos nestas últimas semanas de conformación das cámaras autonómicas e dos concellos de todo o Estado ao branqueamento máis inaudito e máis inadmisíble da violencia machista por parte dun partido como o seu, que se di demócrata e mesmo tamén ás veces feminista. E comprenda a nosa preocupación, señora conselleira, porque non houbo resposta, —e agora miro para a bancada da dereita— nin resposta nin reaccións por parte do Partido Popular de Galicia ás declaracións do expresidente Feijóo cando dixo para xustificar as numerosas pactos con Vox que a violencia machista é unha obviedade. E como é algo obvio non pasa nada porque non apareza reflectido nos papeis ou nos escritos para conformar gobernos. É unha obviedade e non temos por que deixalo por escrito. Esa foi a primeira falacia e a primeira barbaridade que soltou o señor Feijóo.

Pero hai outra máis recente que non pode quedar só nun mero comentario —por certo, á que tampouco houbo contestación por parte desta bancada de aquí, na que están os máis



altos cargos do Partido Popular —, e é que o señor Feijóo hai poucos días afirmaba, para xustificar un pacto con Vox na Comunidade Valenciana, que o individuo —por chamarlle dalgunha maneira— Carlos Flores tivera un mal divorcio. Non dixo así; exacta e textualmente dixo que «*tuvo un divorcio duro*» e «*conllevó a un abuso verbal hacia su exmujer*». «*Un abuso verbal*», señorías do PP; ¿«*un abuso verbal*»? ¿Sabe o que este individuo Carlos Flores lle dicía á súa muller diante dos seus fillos na rúa? Voullo dicir, pois fun á sentenza e lina, e dicíalle o seguinte: «*¡Loca! ¡Más que loca! ¡Ladrona! ¡Secuestradora de niños! ¡Manipuladora! ¡Imbécil! ¡Cuida a tus hijos! ¡Te falta dinero? ¡Que no te paso bastante? ¡Mantenida, que vives a costa de tus hijos! ¡No te da vergüenza? ¡Dueña de calabozo! ¡Putas!*». Isto diante dos seus nenos. E remataba tamén un día dicíndolle: «*Te voy a estar jodiendo toda la vida hasta que te mueras y acabe contigo*». ¡Violencia! (Aplausos.) Perdón, «*abuso verbal*». ¿Isto é abuso verbal? ¿De verdade isto é abuso verbal? E non escoitei a ningún de vostedes, nin homes nin mulleres, nin rexeitar estas declaracións publicamente. Non o fixeron.

¿«*Divorcio duro*»? Dura foi a persecución que sufriu esta muller durante meses, permanentemente acosada e insultada polo seu exmarido diante dos seus fillos menores de idade. Iso si é duro, non un divorcio.

En calquera país civilizado —e isto xa o digo aquí e fágome responsable das miñas palabras— ese candidato ao Goberno do Estado, ese señor Feijóo, quedaría absolutamente incapacitado para selo, (Aplausos.) incapacitado só por estas declaracións. Pero esta, señores do PP, é a consecuencia de normalizar eses discursos negacionistas e de branquear a violencia machista. A consecuencia é que aquí non pasa nada.

Son vostedes uns auténticos irresponsables por normalizar estes discursos. Pero é que ningún do Partido Popular é consciente do que estou falando. ¿Cantos homes hoxe se sentirán lexitimados a maltratar as súas exparellas porque están tendo un divorcio duro? En serio, ¿non o ven? En serio, ¿non ven que permitir que se invisibilice a violencia contra as mulleres vai ter unhas consecuencias nefastas? En serio, ¿non ven que nese xogo macabro de cambiar dereitos por sillóns as que van sufrir son as mulleres? En serio, ¿non o ven?

E preguntolle a vostede, señor Puy, polas declaracións que fixo e interpéloo xa de paso a vostede, e xa sei que a interpelación non é con vostede: ¿cales son as liñas vermellas do PP? ¿Esas liñas vermellas das que vostede falaba son as mesmas da señora Guardiola, en Estremadura, que tivo que mudar de decisión despois dunha chamada esta fin de semana directa do señor Feijóo?, (Aplausos.) ¿esas mesmas liñas vermellas que dicía a ela?

A nós, ao Partido Socialista, preocúpanos moito, e non saben canto, que parte da sociedade galega asuma tamén eses discursos e actitudes dos seus representantes diante da tibieza do seu Goberno. Porque non houbo contestación, non a houbo. ¿Onde están as declaracións contundentes dos altos cargos do PP de Galicia de rexeitamento deses discursos? Non están, non as houbo.

¿E que están a facer vostedes para rachar con esta desoladora tendencia? Vemos os informes da Secretaría Xeral de Igualdade, e neles a prevención consiste en andainas, campañas con baixo impacto, concursos escolares e demais actividades. ¿Para cando unha acción contun-



dente —como pedimos dende este Grupo Socialista toda esta lexislatura constantemente— que poña o foco no agresor? ¿Para cando medidas efectivas que poñan couto ás violencias dixitais? ¿Para cando a educación afectivo-sexual nos currículos de todas as etapas educativas? ¿Para cando achegar recursos para que todas as mulleres de todo o territorio, tamén as do ámbito rural, teñan recursos? ¿Para cando a formación obrigatoria en materia de igualdade? ¿Para cando accións efectivas e contundentes que poñan de relevo, que ensinen e onde quede de manifesto cales son os dereitos das mulleres, que moitas mulleres lamentablemente aínda non o saben, e moitos homes máis tampouco? ¿Para cando algunha acción efectiva, señora conselleira?

E agora xa interpelo: ¿para cando a volta ao consenso que existía, o consenso democrático, no que a violencia machista era unha prioridade dos gobernos? Porque xa non o é, e iso é o que nos está preocupando.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando.

A señora DÍAZ VARELA: Sei que vai ir rematando o meu tempo.

Como imaxino que vostede non se vai atrever, pois acaba de chegar ao cargo, e porque ademais non creo que haxa moitos argumentos que xustifiquen tal barbaridade, se quere contestar as preguntas que formulabamos na interpelación, xa as coñece. Pero eu agradecería tamén que fose hoxe dende aquí contundente na denuncia do que está acontecendo no resto do Estado, para así poder enviar unha mensaxe de tranquilidade ás mulleres galegas. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

A vostede isto parécelle unha broma, señor Puy, a min non me parece unha broma; dende logo, a min non me parece unha broma.

Grazas.

Pero, en todo caso, estou interpelando a señora conselleira e non a vostede.

(*Aplausos.*)

(*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Prégolles, por favor, aínda que só sexa pola importancia dos asuntos por tratar, que respectemos o uso de palabra e que non nos interrompamos e que non se altere a voz por parte de todos os grupos...

(*O señor Puy Fraga pronuncia palabras que non se perciben.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Señor Puy, ¿quere a palabra?

(*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Por favor, lembren sempre que nos están escoitando.



Ten a palabra a señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE (Rivo López): Grazas, señora presidenta.

Boa tarde, señorías e señora Díaz.

En primeiro lugar, grazas pola súa benvida e pola recepción tamén do nomeamento de Sandra Vázquez como nova secretaria xeral de Igualdade.

Espero sinceramente traballar cóbado con cóbado con vostedes para seguir avanzando entre todos na verdadeira e efectiva igualdade entre mulleres e homes de Galicia. Un avance que de forma obrigada e indiscutible pasa pola loita contra a violencia de xénero, a máis cruenta expresión da desigualdade aínda persistente no mundo.

Unha vez tendida a man para tan necesaria colaboración, tal e como fixo a miña predecesora no cargo hai dúas semanas neste mesmo Parlamento, quero expresar a máis absoluta condena e enérxico rexeitamento da totalidade do Goberno galego aos asasinatos de Ana Vanessa Serén e Beatriz Lijó, vítimas mortais da violencia de xénero en Galicia no que vai de ano. O noso firme apoio ás súas familias e amizades. E o noso inquebrantable compromiso con todas e cada unha das mulleres vítimas da violencia de xénero. *(Aplausos.)*

Para iso estamos a traballar no marco das nosas competencias e a apostar pola tan necesaria cooperación e colaboración entre poderes públicos, como as administracións, os axentes sociais e a sociedade no seu conxunto.

Esta cooperación no ámbito autonómico e municipal materialízase, entre outras medidas, nas mesas locais de coordinación interinstitucional contra a violencia de xénero, polas que pregunta na súa interpelación. Tentarei no transcurso da miña intervención tratar de dar resposta ás súas preguntas.

Señora Díaz, estou segura de que vostede sabe que, aínda que a promoción e a dinamización destas mesas están avaladas polo Goberno galego, a aprobación da súa creación vén dada pola resolución da alcaldía ou polo acordo da Xunta de Goberno local. Polo tanto, a súa constitución depende única e exclusivamente dos concellos e das entidades locais galegas. Pero, como lles dixeran, isto non quita que a Xunta de Galicia as fomente, a través da guía práctica para a súa constitución, do manual de dinamización das mesmas, dos estudos de diagnose da súa situación —o último, do 2021—, con xornadas territoriais —como as desenvoltas a finais de 2022—, para fomentar a súa posta en marcha e o impulso.

Quero dicir, señorías, que foron catro as reunións mantidas, unha por provincia, dirixidas ao persoal técnico e político das áreas de igualdade dos concellos galegos; axentes que son por definición os principais responsables e coordinadores das mesmas.

Ademais, coa finalidade de promover a constitución de novas mesas locais nos concellos onde aínda non existen, así como de dinamizar o funcionamento das mesmas, estamos a



levar a cabo o Programa para o impulso das mesas locais de coordinación interinstitucional fronte á violencia de xénero; un programa con dúas formacións para o persoal dos concellos: unha sobre a constitución e outra para impulsar o seu funcionamento. Estamos a falar de máis de oitenta mesas nas que participan máis de cen concellos.

Ademais, señoría, non debemos esquecer que Galicia conta desde 2012 cunha Rede de entidades locais contra a violencia de xénero. Unha rede que acubilla as anteditas mesas e que persegue o rexeitamento social e institucional da violencia de xénero, sensibilizando a poboación e conseguindo a súa implicación e compromiso real nesta loita. Unha rede na que están adheridos máis de douscentos concellos.

É innegable que estes instrumentos operativos teñen presenza no territorio. Como vimos facendo, seguiremos a promover que os concellos se animen a sumarse tanto a esta Rede contra a violencia de xénero como á creación de mesas de coordinación.

Vostede tamén pregunta pola situación do Protocolo de coordinación e cooperación institucional fronte á violencia de xénero. O Grupo de Traballo 1 do Observatorio Galego de Violencia de Xénero está xa a traballar na súa actualización, un traballo que xa elaborou no 2018. Este é un documento que establece os criterios de coordinación e colaboración institucional entre os distintos axentes implicados na prevención e protección dos datos de violencia de xénero, así como na asistencia ás persoas afectadas, garantindo unha actuación integral, áxil e coordinada. De feito, xa se recompilou información sobre as áreas, os procedementos e as normativas, que cómpre actualizar, e agora estase a dar o seguinte paso, que é a súa modernización.

Este protocolo e agora a súa actualización son tan só dúas das actuacións que nacen ao abeiro do Observatorio Galego da Violencia de Xénero e dos seus grupos de traballos, traballos que deron lugar á guía de actuación ante casos de violencia de xénero nos centros educativos co Grupo de Traballo 3. A guía básica de consulta trata de seres humanos con fins de explotación sexual do Grupo de Traballo 4.

Ademais destes dous exemplos, o Pleno do Observatorio Galego da Violencia de Xénero procedeu á revisión e aprobación dos protocolos de sanidade ante casos de submisión química e agresións sexuais, e difundiu o protocolo de actuación na asistencia integral ás vítimas do delito, con especial consideración ás vítimas de violencia de xénero e outras vítimas especialmente vulnerables, aprobado en marzo de 2023.

Señorías, o Observatorio Galego está activo e dando orixe a documentos e guías elaboradas por persoas profesionais que traballan na loita contra a violencia de xénero, desde diferentes ámbitos, como o xurídico, o sanitario, o social, o educativo e o de seguridade, e que pertencen tamén a distintas estratos da sociedade.

Non deben esquecer que existen outros documentos que analizan a situación da violencia de xénero en Galicia. Presentáronse nesta Cámara tres informes anuais: o de seguimento da Lei, do 27 de xullo do 2007, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, o informe sobre as prestacións periódicas a vítimas de violencia de xénero e o rela-



tivo ás violencias sexuais. De feito, quero aproveitar para agradecer aos tres grupos parlamentarios a súa deferencia ao esperar a que sexa a nova secretaria xeral de Igualdade, Sandra Vázquez —á que coñecen ben—, quen dea conta dos mesmos na Comisión 5ª.

E por último, señorías, respecto dos programas de formación e prevención da violencia de xénero, como vostedes saben, formamos profesionais traballadoras do CIM e moitos outros profesionais que poidan estar en contacto directo con mulleres e menores que precisen axuda ou auxilio. Por exemplo, a formación das forzas e corpos de seguridade a través da Axencia Galega de Seguridade Pública, con máis de quince mil euros no ano pasado; na formación a procuradores e avogados, con máis de oitenta mil euros no 2022; a formación a empregados públicos a través da Escola Galega de Administración Pública, con máis de trinta e cinco mil euros; actividades formativas e de sensibilización dirixidas ao persoal profesional dos centros residenciais autonómicos, máis de dezaoto mil euros; formación especializada en materia de prevención e detección da explotación sexual en menores, para profesionais pertencentes ao sistema de protección de menores, os servizos sociais e os recursos de apoio á infancia en colaboración coa Consellería de Política Social, con máis de corenta mil euros; ou a actuación permanente da formación do profesorado educativo e do persoal sanitario.

A este respecto quero destacar que Galicia conta co Decreto —do ano 2017— polo que se regula a formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero do persoal ao servizo da Administración da nosa Comunidade Autónoma. Unha norma que sitúa Galicia á vangarda no uso de ferramentas e boas prácticas dirixidas a cimentar un patrón igualitario entre mulleres e homes. No día de hoxe temos case preto de duascenas altas no rexistro de formadores.

Señora Díaz, a igualdade exige traballar desde a seriedade, con políticas útiles e coordinadas, porque se trata dunha cuestión de Estado, que ten que unir e non desunir. Espero que vostedes estean do mesmo lado.

Moitas grazas.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señora conselleira.

Rolda de réplica por cinco minutos.

A señora DÍAZ VARELA: Grazas.

Señora conselleira, eu agradézolle a súa resposta, aínda que só falou das mesas, o protocolo e a formación. Gustaríame tamén que dese resposta ao resto das preguntas que lle formulabamos, cando menos que concrete máis.

Entendo tamén que escape do asunto do que falei na miña primeira quenda. Pero comprenda a nosa preocupación —que ademais estou segurísima de que a comparten a totalidade das deputadas e tamén dos deputados do Partido Popular— a respecto da situación actual deste



ascenso do negacionismo, deste situar o negacionismo da violencia machista nas institucións. E ollo: unha actitude que tamén vemos no noso país. Porque, claro, ¿como imos crer o Partido Popular de Galicia se permitiu que concorrera, por exemplo, ás eleccións municipais na Illa un condenado por maltrato? ¿Ou se escoitamos o señor Rueda xustificar a eliminación prometida polo señor Feijóo, se chegase ao goberno —sabemos que non vai chegar, e iso tranquilízanos moito, asegúrolllo, a moitos, sobre todo a moitas—, do Ministerio de Igualdade? ¿Como o imos crer?

Claro, nós as preguntas que facemos son: ¿vai seguir Galicia apoiando ou colaborando co Pacto do Estado? ¿Vai seguir facendo políticas de igualdade? Como son unha obviedade, ¿xa non haberá que facelas? Esas son as preguntas que nós facemos.

¿Queremos realmente volver a un país en branco e negro, no que a violencia machista era unha cousa de parella, un asunto privado, un asunto máis, un crime pasional ou un *divorcio duro*? ¿Como temos que entender a postura do novo Partido Popular ou a nova postura do Partido Popular, que xa non sabemos se é o novo Partido Popular ou se sempre foi así? Non o entendemos.

Mire: eu vou ser moi sincera con vostede, aínda que acaba de chegar. Pero estamos en plena tramitación da nova Lei de igualdade, ¿non? E dende o Grupo Socialista temos que recoñecer con moita desazón ademais que o texto que presentaron vostedes, o proxecto de lei que chegou a este Parlamento, non é un texto normativo nin para todas as mulleres, nin de todas as mulleres. Non o é. Eu non me sinto representada neste texto normativo. A proposta, excepto en materia laboral, que si que hai que recoñecer que hai avances, está excesivamente ideoloxizada pola dereita, e isto —e dío alguén progresista, pero é certo— é de esquerdas. Esta é a opinión da que está traballando nesa lei agora mesmo no Parlamento. Pasa por riba, e ás veces xa nin pasa, de cuestións que si son para nós, as socialistas e os socialistas, liñas vermellas. Esas si son liñas vermellas para nós. Hai cuestións que non aparecen reflectidas en absoluto nese proxecto de lei.

Eu entendo tamén que no proceso de debate de emendas chegaremos a mellorar o texto. Pero é ben certo que nos causa, que nos causou e que nos segue causando neste ambiente e neste contexto no que estamos a vivir moitísima preocupación que sexa unha lei tan desprovista do reflexo de dereitos conseguidos ao longo da historia polo movemento feminista, por todas e todos nós, e tamén de conquistas moi recentes, que non aparecen neste texto hoxe. E de aí a nosa preocupación.

Se non aparece hoxe, ¿a que nos estamos enfrontando, a este PP gobernado por Feijóo dende Madrid, ou seguimos na senda deste PP feminista de aquí de Galicia? ¿En que situación estamos neste momento? A nós, no PSdeG gustaríanos saber en que situación estamos.

Mire: a violencia machista constitúe hoxe o primeiro obstáculo para sermos unha sociedade plenamente democrática. Que exista unha soa muller, unha soa muller!, asasinada, ou que sufra violencia, xa non temos por que ser asasinadas só polo simple feito de ser muller, supón a constatación da peor das desigualdades. E os gobernos de todas as administracións deberan ter esta preocupación nun lugar prioritario das súas axendas políticas, e estámolo



eliminando, estano eliminando ou pretenden eliminalo. Non os imos deixar, pero pretender si que o pretenden.

Nós —e isto temos que recoñecelo— temos andado moito camiño en Galicia, ademais froito do consenso de todos os grupos políticos, e iso é algo do que nos temos que alegrar dalgunha maneira. Pero, claro, todo en materia de asistencia e en materia de protección ás mulleres; aí non o podemos negar. Mais temos pouquísimo traballo feito en prevención, que é a súa gran materia pendente, a gran materia pendente do Goberno do señor Feijóo e agora do señor Rueda.

Así que eu dende esta tribuna, e xa para rematar e con este bo ton co que estou falando agora, porque agora si que me dirixo a vostede, señora conselleira, eu rógole un maior esforzo en materia de prevención, que por fin empezamos a poñer xa o foco tamén nos agresores, nos homes, que deixemos de poñer o ollo ou o foco nas mulleres, e empezamos a poñer o foco nos agresores, que son os homes os que nos matan, os que nos pegan e os que nos maltratan.

E, dende logo, tamén lle pediría dende aquí unha maior contundencia e valentía por parte deste Goberno na denuncia dos discursos e actitudes que negan a violencia contra as mulleres.

Do contrario tamén lle digo: sempre terán o feminismo en fronte para combatelos; sempre terán ao Partido Socialista, ¡sempre!

Nada máis.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Ten novamente a palabra, señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE (Rivo López): Ben, estou convencida de que a loita contra a violencia de xénero require dunha acción coordinada e conxunta —como acaba de dicir a señora Díaz— que implique todos os poderes públicos e, entre eles, por suposto, as administracións estatais, autonómicas e tamén locais. Desde esta certeza, en Galicia, estamos a traballar da man dos concellos —como dixen antes— a través deses instrumentos que mencionei: as mesas locais de coordinación institucional, a Rede de entidades locais contra a violencia de xénero ou os CIM. Ademais, desenvolvemos as ferramentas como o Protocolo de coordinación e cooperación institucional, e collo o guante da prevención.

É unha cooperación que debería replicarse no Estado. E dígolles que a pesar da boa disposición de Galicia en moitas outras comunidades autónomas nos últimos tempos non é doado. De feito, boto en falta —que fixen referencia, por exemplo, ao que aconteceu co Pacto de Estado contra a violencia de xénero— a gran folla de ruta nesta loita que naceu no 2017 cun Goberno do Partido Popular e que implicaba tanto ao Estado como ás comunidades autónomas, como ás entidades locais. Non hai moito que o Ministerio de Igualdade dubidaba da



súa continuidade, e foron algunhas autonomías, entre elas Galicia, as que insistiron para garantir os medios económicos e técnicos que admitisen a súa viabilidade. *(Aplausos.)*

Tampouco fixeron referencia ao que está a acontecer co sistema de seguimento integral nos casos de violencia de xénero Viogén, competencia do Estado. Unha aplicación creada pola Secretaría de Estado de Seguridade do Ministerio do Interior en 2007, que a pesar do inquestionable labor das forzas e corpos de seguridade do Estado está obsoleta; afirmación feita polo Observatorio contra a Violencia Doméstica e de Xénero do Consello Xeral do Poder Xudicial ou do Congreso dos Deputados.

En fin, señorías, hai dúas semanas manifestamos nesta Cámara que cómpre valorar nos foros axeitados consciente e experta e, por suposto, tendo en conta a contribución das comunidades autónomas e das asociacións de vítimas de violencia de xénero o actual funcionamento de instrumentos como o Viogén. ¿Para que? Para que despois as administracións competentes na materia poidan acometer as reformas e actualizacións que sexan necesarias para prestar unha adecuada protección ás vítimas de violencia de xénero.

É máis: estamos dispostos a ofrecer a nosa experiencia e asistencia aos foros que o requiran, a velar polos intereses das mulleres galegas fronte ao Estado e colaborar coas entidades locais e sociais galegas e o Plan galego contra a violencia de xénero, traballando desde o territorio para o territorio. Un plan ao que se engaden o deseño e a posta en marcha de instrumentos para a prevención, sensibilización e detección da violencia de xénero, así como de medidas de intervención social, como, por exemplo, o reforzo de máis dun catorce por cento do orzamento para combater a violencia de xénero; das axudas económicas, este ano, no 2023, case seis millóns de euros para sufragar as diferentes prestacións para que as vítimas poidan gañar independencia dos seus agresores e rachar con este círculo de violencia; a atención psicolóxica gratuíta tanto para as mulleres como para a súa contorna, pois no ano 2022 beneficiáronse máis de mil persoas grazas á participación de máis de oitenta profesionais da psicoloxía; a quenda social a mulleres a través do convenio co Colexio Oficial de Traballo Social; do oitavo Plan estratéxico de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, con máis de novecentos millóns de euros, aprobado en 2022, co obxectivo de asegurar o benestar integral das mulleres na súa ampla diversidade; do primeiro Plan galego contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual, con máis de sete millóns de euros, aprobado o ano pasado, que é un documento estratéxico que sitúa Galicia como referente no fortalecemento dos recursos para as vítimas; ou dos tres informes que se presentaron —como dixeran antes— no Parlamento galego o pasado xuño para avaliar a situación da violencia de xénero na nosa comunidade. Polo tanto, estratexias, orzamentos e accións concretas son o que conforman o Plan galego contra a violencia de xénero.

Señorías, non quixera rematar esta intervención sen referir as accións que no ámbito das súas competencias pon en marcha a Xunta de Galicia ante un caso de violencia machista. Unhas actuacións que —como deberían saber— están previstas no Protocolo de coordinación e cooperación institucional fronte á violencia de xénero na Comunidade Autónoma de Galicia. As funcións da Xunta de Galicia son múltiples e van depender do tipo de agresión exercida contra as mulleres.



Pero se o que pregunta é sobre o que acontece ante un caso de asasinato machista, o papel da Secretaría Xeral de Igualdade é de coordinación coas forzas e corpos de seguridade, a través da Delegación do Goberno en Galicia, para poñer á disposición dos seus familiares e achegados os recursos existentes no ámbito autonómico, principalmente atención psicolóxica e as axudas correspondentes.

Asegúrolle que a Xunta de Galicia seguirá a traballar por unha Galicia libre de violencia, un claro obxectivo para o que non se escatimarán recursos nin esforzos. E farémolo, como non pode ser doutro xeito, contando con vostedes, con todas as formacións políticas, con todo o tecido asociativo e —como lles dixen— con todas as institucións.

E aínda que acabo de chegar ao Goberno, eu non vou escapar da pregunta...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE (Rivo López): Coñezo desde hai máis de vinte anos a Alberto Núñez Feijóo e non me cabe ningunha dúbida do seu compromiso coa igualdade. Sen embargo, non se pode dicir o mesmo do Goberno central —que non sei de que cor é—, o cal aprobou unha lei que rebaixou as penas a máis de mil cen agresores sexuais excarcerados, máis de cen agresores. Un Goberno que non está en posición de dar leccións a ningunha administración, e creo que é da súa cor política.

E remato xa facendo fincapé en que a loita contra a violencia de xénero debe ser transversal e implicar deste xeito a toda a sociedade.

Moitas grazas.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señora conselleira.

(O señor Puy Fraga pide a palabra.)

Déanlle voz ao escano do señor Puy, por favor.

¿Para que pide a palabra, señor Puy?

O señor PUY FRAGA: Pido a palabra polo artigo 76.1, pola apelación e insinuacións directas que acaba de facer a deputada Díaz desde o estrado.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten tres minutos.

O señor PUY FRAGA: Señora Díaz, lamento moito ter que intervir polas desagradables insinuacións que fixo vostede.

En absoluto nos estabamos rindo desta cuestión, senón que estabamos manifestando a nosa indignación pola forma en que vostede se refería a como trata a violencia de xénero o Grupo



Parlamentario Popular. Por suposto que este grupo condena firmemente e sen ningún tipo de reparo toda a violencia de xénero e por suposto que este grupo está comprometido na loita contra a violencia de xénero en Galicia. *(Aplausos.)*

O que é curioso é que faga vostede estas asignacións pertencendo ao partido que —como acaba de dicir a conselleira— ten gardado cinco anos o Pacto contra a violencia de xénero nun caixón, sen facer nada, cando aquí en Galicia houbo avances —por certo, como contra a violencia dixital—; do partido que aprobou a Lei do si é si, e despois de meses de que o Partido Popular se ofrecera para reformalo, *(Murmurios.)* vostedes non o fixeran para acabar como onte na televisión...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Respecten a intervención e o uso da palabra que ten o señor deputado.

O señor PUY FRAGA: ...pedindo perdón. *(Murmurios.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): ¡Respéctena, por favor!

O señor PUY FRAGA: E, por suposto... *(O señor Caballero Miguez pronuncia palabras que non se perciben.)* Perdón, señora presidenta...

A señora PRESIDENTA (Candia López): ¡Señor Caballero!

O señor PUY FRAGA: Señora presidenta...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Non me obriguen a facer algunha chamada á orde, aínda que só sexa polo respecto da temática que estamos a tratar.

Respecten o uso da palabra de cada deputado cando ten os seus tres minutos.

O señor PUY FRAGA: E tamén é curioso que veña dun partido que, por certo, tivo como presidente nunha comunidade autónoma durante doce anos a un señor condenado por malos tamén físicos.

Todo iso o que indica é que isto non é un problema de dereitas ou de esquerdas, é un problema de decencia ou indecencia. *(Murmurios.)* E nós estamos no lado da decencia e non da indecencia. *(Aplausos.)*

E o grave da súa intervención é que neste Parlamento todos traballamos con decencia contra a violencia de xénero. E insinuacións como as que vostede fai sobre o noso grupo arriscan esa unidade pola loita contra a violencia de xénero. *(Murmurios.)*

Así que, señora Díaz, eu solicítolle humildemente que faga o favor de non insinuar que estamos... *(O señor Caballero Miguez pronuncia palabras que non se perciben.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Señor Caballero, prégoles que non volva interromper o deputado que ten o uso da palabra.



O señor PUY FRAGA: ...brankeando a violencia de xénero.

(O señor Caballero Miguez pronuncia palabras que non se perciben.) (Protestas.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): A próxima vez vai ter unha chamada á orde.

(O señor Caballero Miguez pronuncia palabras que non se perciben.) (Protestas.) (A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.)

Señor Caballero, ten unha chamada á orde.

(O señor Caballero Miguez pronuncia palabras que non se perciben.)

Quédanlle trinta e oito segundos, señor Puy.

(A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.)

O señor PUY FRAGA: Estaba dicindo, señora Díaz, *(Murmurios.)* que eu lle pido, por favor, que faga todo o posible —porque supoño que niso estaremos de acordo— en manter esa unidade decente nesta Cámara para loitar contra a violencia de xénero.

Nós ao señor que vostedes din da illa de Arousa foi botado do Partido Popular, nin sequera tomou posesión como concelleiro do Partido Popular. E o de Baleares foi vetado nas conversas que tivemos con eles.

Insisto: é unha cuestión de decencia ou indecencia, *(Murmurios.)* e nós estamos do lado da decencia e queremos seguir estando do lado da decencia en común co conxunto da Cámara.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor Puy.

(Aplausos prolongados.)

Continuamos coas interpelacións.

Interpelación de D^a Iria Carreira Pazos e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as políticas para afrontar os delitos de odio e fobia ao colectivo LGBT

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para formulala e por un tempo de dez minutos ten a palabra dona Iria Carreira.

A señora CARREIRA PAZOS: Grazas, presidenta.

Moi boa tarde.



Señora Rivo, súpome ás palabras da señora Díaz para darlle a benvida a este pleno, para darlle a benvida ao seu novo cargo. Tamén á señora Sandra Vázquez e á señora López Abella despois do seu paso pola Secretaría Xeral de Igualdade.

O próximo luns faranse dous anos do asasinato de Samuel Luiz nunha rúa da Coruña. O último que escoitou Samuel mentres que sufriu unha brutal malleira que rematou por quitarlle a vida foi como lle berraban: «¡Maricón!», «¡Maricón de merda!». Señora conselleira, ¿canto avanzamos nestes dous anos?, ¿canto avanzou Galiza?, ¿que fixo a Xunta de Galiza para poder avanzar?

Os datos do Ministerio de Interior apuntan que en 2021 —o último ano do que temos datos— tiveron lugar no Estado español 466 incidentes relacionados coa lgbtfobia. Aínda que en termos absolutos as agresións de carácter racista e xenófobo son as que teñen maior peso, os delitos relacionados coa orientación sexual e coa identidade de xénero son os que máis aumentan. Incrementáanse en máis dun sesenta e sete por cento a respecto do ano 2019, cunha pandemia por medio. Este informe tamén especifica que as agresións por causa da orientación sexual ou identidade de xénero ocupan o primeiro posto entre mozas e mozos menores de 18 anos.

En 2021, en Galiza, tiveron lugar 23 infraccións penais por este tipo de delitos de odio, das que resultaron 9 detencións e 19 feitos esclarecidos. O Observatorio coruñés contra a lgbtfobia complementa esta análise porque recolle tamén actos ou casos que non computan como delito de odio ou que non chegan a denunciarse ante os corpos e as forzas de seguridade. Este observatorio rexistrou en 2022 uns 68 episodios de odio, dos cales 58 son consideradas agresións directas contra a comunidade LGBT: verbais, físico-verbais, acoso e agresións sexuais. E concorda co que sinalan os datos do Ministerio do Interior: cifra o incremento de agresións lgbtfóbicas na Galiza nun 71 por cento.

A Unión Europea tamén alerta deste incremento da lgbtfobia. A ILGA-Europe publicou recentemente o seu informe anual e establece o ano 2022 como un dos anos máis violentos da última década para as persoas LGBT. A Axencia para os Dereitos Fundamentais da Unión Europea recolle que unha de cada dez persoas LGBT sufriu un ataque físico nos últimos cinco anos dentro da UE, mentres que no contexto educativo un 43 por cento afirma ter sido ridiculizado ou insultado ou ter sufrido ameazas.

Máis achegada a nós, a semana pasada presentouse no seo do Consello da Cultura Galega o informe «Análise, datos e recomendacións para o recoñecemento da diversidade en Galiza». Un informe elaborado polo Foro de Identidades e Disidencias Sexuais que parte dunha investigación profunda sobre a realidade do colectivo LGBT na Galiza, facendo unha diagnose de diferentes áreas, sinalando desafíos que cómpre enfrontar e tamén iniciativas de referencia, e remata por elaborar unha serie de propostas e recomendacións para avanzar na igualdade e no recoñecemento da diversidade. Neste informe salientáanse varios datos importantes: o 88 por cento das entidades e colectivos LGBT galegos non considera que os centros educativos do noso país sexan espazos seguros para as persoas LGBT, ¡o 88 por cento!; o 65 por cento do alumnado de secundaria presenciou nas clases de educación física comportamentos homófobos entre estudantes, algúns deles chegaron a sufrilos en primeira persoa nalgunha ocasión.



Nas violencias lgbtfóbicas, ao igual que ocorre na violencia machista, dáse a particularidade de que o fogar e a familia en moitos casos non son espazos seguros. De feito, ao redor do corenta por cento destas violencias, das violencias lgbtfóbicas, son cometidas por persoas da propia familia.

Só se presenta denuncia nunha porcentaxe moi baixa das agresións. Isto implica que entre o 89 por cento e o 96 por cento das agresións quedan sen denunciar.

E todo isto conclúese sabendo que aínda así son precisas moitas máis análises e moitos máis estudos demorados sobre a realidade do colectivo LGBT. Este informe salienta a necesidade dunha actualización lexislativa, pero, sobre todo, de políticas que melloren a formación de todos os axentes públicos de Galiza. Unha formación que non pode limitarse a un curso non presencial para explicar unhas definicións básicas, senón que son precisas máis ferramentas, máis implicación e, sobre todo, máis empatía.

De feito, os plans de formación —é algo que xa está recollido na Lei 2/2014— aínda están sen desenvolver. Son plans de formación para corpos e forzas de seguridade, para persoal de centros educativos, para persoal do ámbito sanitario, etc. Plans que no día de hoxe ou son testemuñais ou directamente inexistentes. E esta é só unha das cuestións que fican por desenvolver desta lei. Onte xa fixemos un repaso pormenorizado de cantos artigos no día de hoxe se seguen sen cumprir.

No informe anual correspondente ao 2021 da Valedoría do Pobo, a propia valedora resalta a preocupación polo acoso que se está a dar dentro dos centros educativos. Cito textualmente as palabras que se recollen no informe: «Lamentablemente seguen chegando queixas, non só pola actitude do alumnado, senón —o que é máis grave— pola actitude dalgunha persoa do profesorado, que non respecta os protocolos nin a dignidade dos e das menores afectadas».

Vemos día tras día como os discursos de odio medran e se reproducen, como cada vez ocupan máis oco nas redes sociais, nos medios de comunicación, incluso en boca de representantes públicos. Discursos de odio que o sector está deixando de combater para comezar a tolerar, arroupar e incluso alentar. Discursos de odio que ademais se volven máis virulentos e agresivos cando conseguimos que se recoñezan algúns dos nosos dereitos máis básicos, como está a suceder no día de hoxe coas mulleres trans e a grandísima transfobia que están a soportar.

Desde o Bloque Nacionalista Galego estamos profundamente preocupadas por esta situación, tanto pola proliferación desta lgbtfobia como pola acollida que está tendo nalgúns capas da sociedade. Preocúpanos o cuestionamento dos nosos dereitos, que non se nos respecte por ser e existir ou que directamente este sexa un motivo de agresión, incluso física.

Preocúpanos que as crianzas da Galiza vaian a escolas e a institutos que non son espazos seguros para elas, porque se non son seguros para as crianzas LGBT, tampouco o son para todas as demais; que as tres cuartas partes das adolescentes presenciaran algún tipo de agresión nas aulas de educación física; que case a metade da lgbtfobia que recibe unha persoa sexa no ámbito familiar, nas súas propias casas, da súa propia familia.



Preocúpanos que no día de hoxe haxa persoas que despois de sufrir estas agresións tomen a decisión de denuncialas, que sabemos ben que non é unha decisión sinxela, e que ao chegar á comisaría chegue esa denuncia sen poñer porque o que reciben é un «tampouco é para tanto». Reciben desdén e reciben desprezo.

Preocúpanos que as persoas trans denuncien que sofren transfobia dentro do sistema sanitario ou que no día de hoxe se siga recollendo nos protocolos que están vixentes que a orientación sexual de cadaquén é un factor de risco para contraer certas patoloxías.

Preocúpanos, sobre todo, que o Goberno galego parece alleo a toda esta situación.

Por iso, traemos hoxe aquí esta interpelación, para que vostedes expliquen que é o que está a facer o Goberno realmente, cales son os plans, cales son as actuacións, cal é a formación que se vai desenvolver.

Queremos saber se o Executivo comparte a nosa preocupación ou non pola situación e se realiza algún tipo de autocrítica polo que se fixo e, sobre todo, polo que non se fixo; se considera que están a garantir o noso benestar, a nosa posibilidade de ter unha vida libre e en igualdade.

Por iso, señora conselleira, ¿cales foron as ensinanzas aprendidas e as actuacións acometidas despois de que hai dous anos asasinasen a Samuel a berros de «¡Maricón!»?

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señora Carreira.

Ten a palabra a conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade, dona Elena Rivo.

A señora CONSELLEIRA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE (Rivo López): Grazas, señora presidenta.

Boa tarde de novo.

Grazas pola benvida a esta Cámara.

Agardo que poidamos traballar man a man e así chegar a acordos no eido da igualdade, pero tamén no eido laboral. Son dous ámbitos que, sen lugar a dúbidas, están e deben estar vinculados.

Hoxe conmemoramos o Día do Orgullo LGBT, celebración que non debería limitarse a un só día, senón que o deberíamos ter presente durante todo o ano.

Tal e como acaba de facer vostede, comezo esta intervención expresando a máis absoluta condena a todos os crimes, agresións ou discursos de odio cara á comunidade LGBT. O noso compromiso, o noso agarimo e a nosa solidariedade con cada unha das vítimas destes crimes e agresións horrendas. Vítimas das que non nos esqueceremos.



Nun día como o de hoxe, no que se celebra como cada 28 de xuño, desde hai máis de medio século, o Día Internacional das Persoas Lesbianas, Gais, Bisexuais, Trans e Intersexuais, temos tamén que seguir chamando a atención e creando conciencia sobre este problema existente. Non o podemos negar. Pero tampouco podemos negar os pasos dados nas últimas décadas para garantir os dereitos das persoas LGBT.

É indiscutible que para seguir loitando contra a lgbtfobia é preciso un punto de vista integral que permita despregar diferentes políticas públicas en todos os eidos, para dar unha resposta global á violencia de todo tipo, e tamén para mellorar na protección e atención das vítimas.

No Goberno galego somos conscientes do camiño que hai que seguir. De feito, Galicia xa é referente por ter unha lei propia que consolida o principio de igualdade e por contar cun Observatorio contra a Discriminación por Orientación Sexual e Identidade de Xénero, no que participan activamente as entidades galegas máis representativas e que está aberto de xeito permanente á incorporación de novas asociacións. Actualmente, hai nove, e a última incorporouse a comezos de 2023. Un organismo ao que lle corresponde emitir un informe con carácter anual de recollida de datos dos incidentes de odio, e que presentamos precisamente o último na reunión do pasado mes de febreiro. Este observatorio, coa nova secretaria xeral de Igualdade, Sandra Vázquez, convocarase a partir de agora cunha frecuencia trimestral.

Así, a Xunta de Galicia leva anos tratando de acadar unha discriminación cero e unha tolerancia total. E facémolo a través de todos os departamentos con políticas transversais, porque a igualdade está presente en cada unha das nosas actuacións. Díciame a anterior secretaria xeral de Igualdade, Susana, que precisamente nese informe que presentaba colaboraron varios departamentos da Xunta.

No ámbito asociativo, continuamos destinando esforzos e recursos á sensibilización contra os discursos de odio. ¿Como facemos? Pois no Foro de Identidades e Disidencias Sexuais incidimos na educación en igualdade; coa exposición itinerante Sen Cancelas, que realizamos co Consello da Cultura Galega, damos a coñecer nos centros educativos galegos, sen prexuízos nin estereotipos, a historia da comunidade LGBT en Galicia. E seguimos redobrando as axudas económicas. Este ano temos máis de corenta e oito mil euros de apoio directo ao movemento asociativo LGBT, un incremento interanual de máis do dobre e cuns convenios que comezamos a firmar xa no ano 2016.

No ámbito sanitario, contamos co I Plan de igualdade entre mulleres e homes —do que falei antes tamén na outra interpelación—, que no seu eixo quinto contempla medidas para a atención en situación de especial protección, como é o caso da violencia de xénero, acoso sexual, acoso ou discriminación por razón de sexo e de orientación sexual; con instrucións específicas para o acompañamento das persoas transxénero ou con campañas de sensibilización específicas en diversidade sexual enfocadas aos profesionais sanitarios.

No ámbito xudicial, elaboramos no ano 2022 cun grupo de traballo interdisciplinar —creado ad hoc— o protocolo sobre o tratamento das forzas e corpos de seguridade con relación á orientación sexual e identidade de xénero das persoas.



No ámbito educativo, a Estratexia galega de convivencia 2025 é a folla de ruta para que os centros educativos de Galicia contén cun plan de igualdade, no que tamén se recollen medidas para previr e intervir fronte á lgbtfobia, e para que se desenvolvan medidas organizativas no ámbito curricular e tamén a través de diferentes programas educativos, como Maletas viaxeiras, plan Proxecta, etc.

Ademais, esta estratexia prevé un programa piloto de educación afectivo-sexual cun enfoque integral para a súa abordaxe en todas as etapas educativas, con guías de actuación e propostas de actividades.

E tamén se está a traballar na actualización do protocolo educativo para garantir a igualdade e a non-discriminación e a liberdade da identidade de xénero, co fin de avanzar na atención á diversidade do alumnado galego.

No ámbito da Administración pública, a Escola Galega de Administración Pública conta cun plan formativo específico aberto a todos os colectivos de empregados públicos, aos que oferta a formación tal como recolle a Lei galega LGBT. De feito, para este ano prevese a convocatoria do curso «Delitos de odio por orientación sexual e identidade de xénero». Unha acción formativa de vinte horas para dar a coñecer aspectos básicos sobre a diversidade sexual e de xénero, e para fomentar a non-discriminación.

No ámbito social, asesoramos a mocidade desde os centros Quérote Máis, a través de consultas particulares, de xeito anónimo, confidencial e gratuíto, e con obradoiros específicos nos que se transmite a concepción da sexualidade dun xeito plural, promovendo o respecto á diversidade e o dereito á diferenza sexual. E co servizo de apoio á mediación LGBT a través da Rede de centros de información da muller, os CIM, máis de oitenta oficinas repartidas por todo o territorio galego para prestar información, atención e asesoramento.

E, por último, e non por non ser importante, no ámbito laboral, unha Guía para a prevención e o tratamento de acoso sexual e acoso por razón de sexo nas pemes, integrando a diversidade na xestión preventiva e empresarial para garantir a igualdade e a non-discriminación, e para lograr un impacto empresarial, económico e social. E tamén elaboramos o estudo sobre a situación laboral das persoas LGBT, que —como se dixo— foi presentado no observatorio.

As medidas que estamos a implantar comprenden todos os xeitos da vida: política, social, económica e cultural, pero tamén —como dixer— no ámbito policial e de xustiza, no ámbito familiar, de saúde, educativo, deporte ou na comunicación.

Señoría, é evidente que queda moito camiño por percorrer, que as persoas LGBT seguen enfrontando discriminacións e agresións en todos os ámbitos pola súa identidade de xénero ou pola súa orientación sexual, directas e indirectas, como as pintadas homófobas escritas esta semana nun banco pintado coa bandeira LGBT en Cabanas.

Por iso, temos que seguir a traballar desde as institucións, pero en colaboración con todos os actores sociais, a favor da plena inclusión do colectivo LGBT. A violencia segue a estar presente e precisa ser confrontada se queremos unha Galicia inclusiva, igualitaria, xusta e segura.



No Goberno galego témolo claro: queremos lograr unha Galicia aberta, tolerante e en liberdade.

Moitas grazas.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora conselleira.

Rolda de réplica, por cinco minutos, dona Iria Carreira.

A señora CARREIRA PAZOS: Señora Rivo, dicía vostede que o que queren é traballar man a man pola igualdade. Nós imos facelo, xa o levamos facendo moito tempo.

Permítame dicirlle que eu quero confiar na súa palabra. Non teño ningún motivo para desconfiar de vostede. Pero tamén é certo que esta mañá o Partido Popular votou en contra de cumprir a Lei pola igualdade de trato e non-discriminación, que foi aprobada unanimemente neste Parlamento por estas tres mesmas nas forzas políticas no 2014. Votaron en contra de desenvolver o cativo marco normativo que temos na Galiza. Votaron en contra tamén de poñer a funcionar realmente o Observatorio Galego contra a lgbtfobia. Un observatorio que podería ser un ente valiosísimo, pero que o Partido Popular entende pouco menos que como un *photocall* para os días antes do orgullo e ter unha foto. Porque resulta bochornoso que, despois de que as organizacións LGBT do país lles pedisen, os advertisen de que non podía ser esta a tónica xeral de traballo, que non estaban dispostas a poñer a cara para que o Goberno galego quedase ben aínda por riba nos días que máis traballo teñen durante o ano, para ter un tic de traballo ben feito, pois que este ano volverán facelo ata o punto de ter que anular a xuntanza porque non lograron ter quórum suficiente. (Aplausos.)

¿Vostede sabe onde se producen a maior parte das violencias lgbtfóbicas? Nas rúas. O segundo lugar máis frecuente son as aulas. O Partido Popular votou en contra en moitas ocasións dun plan para o ensino para educar en igualdade. Nós volverémolo traer a esta Cámara e agardo a ver se é certo que agora se cambia o sentido de voto.

Vostede presumía do señor Núñez Feixóo e do seu compromiso pola igualdade: «*No me atrevo a tipificarlo*» —falabamos do asasinato de Samuel Luiz— «*como un problema de homofobia ni creo que tenga absoluta relevancia. Es más fácil cambiarse de sexo que aprobar la selectividad. Es más fácil cambiarse de sexo que sacarse el carné de conducir. Hay ministerios que en mi época cuando estuve en el Gobierno de Aznar eran subdirecciones generales, y no estamos para esto*». Estas son as palabras do señor Núñez Feixóo, cargadas de desprezo cara á igualdade e cargadas de lgbtfobia. (Aplausos.)

Señora Rivo, ¿que podemos agardar do Partido Popular que acaba de eliminar a materia de Igualdade dos institutos? ¿Que podemos agardar dese mesmo Partido Popular que non dubida en ir de ganchete repartir consellerías e concellerías coma se fosen cromos cos mesmos que nos tildan de anormais, de enfermos ou que directamente nos representan como lixo que hai que tirar á papeleira? ¿Que podemos agardar do Partido Popular que está encabezado



por un señor que xa anunciou que derrogaría a Lei trans se chegaba ao Goberno do Estado antes incluso de que entrase ningún proxecto de lei no Congreso dos Deputados? ¿Dese mesmo Partido Popular que ten interposto un recurso ante o Tribunal Constitucional contra a Lei trans ou que interpuxo e mantivo durante anos un recurso ante ese mesmo tribunal contra a Lei do matrimonio igualitario?

Eu quero confiar na súa palabra, de verdade, que quero, pero os feitos non son alentadores. E resulta, sobre todo, preocupante a autocompracencia coa que vostede fixo a súa primeira intervención. A lei do 2014 está practicamente sen desenvolver e sen cumprir. Podemos, se quere, volvela repasar artigo por artigo, ver todos os todos os puntos que quedan por desenvolver. E, sobre todo, cando estamos nunha situación crítica, as agresións lgbtfóbicas increméntanse. Falamos de que hai entre un 67 e un 70 por cento de incremento nas agresións lgbtfóbicas. Falamos de que hai dous anos mataron un rapaz na Coruña.

Vostede fala, por exemplo, dos centros Quérote, que quizais sexa ese o resumo das políticas do Partido Popular a favor da igualdade do colectivo LGBT. Os centros Quérote puxéronse en funcionamento no ano 2007, pretendían ser unha rede espallada por todo o territorio galego, na que a mocidade puidese atopar asesoramento afectivo-sexual de calidade e de proximidade. Un ano despois, cando o Partido Popular entrou na Xunta de Galiza, o primeiro que fixo foi comezar a desmantelados, a reducir o seu orzamento, a reducir o seu persoal, a darlle a cada vez máis tarefas. Agora, de feito, os centros Quérote son Quérote Máis, porque non só prestan asesoramento afectivo-sexual senón tamén sobre novas tecnoloxías, sobre adicións a substancias, sobre racionamentos saudables, sen ningún tipo de incremento orzamentario nin de persoal. Esa é a aposta pola igualdade do Partido Popular: directamente dinamitala.

¿Avanzamos moito nestes anos? Avanzamos. Pero non foi grazas ao Goberno da Xunta, foi grazas ás persoas e ás organizacións LGBT, que seguen loitando día tras día, no Día do Orgullo pero tamén nos outros trescentos sesenta e catro, nas rúas e nas institucións, polos seus dereitos, polos nosos dereitos. Porque isto non é un problema dunha parte da sociedade, é un problema de todas e todos. E, sobre todo, imos seguir avanzando...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señora Carreira.

A señora CARREIRA PAZOS: ...e o que queremos saber é se imos avanzar coa Xunta de Galiza ou sen ela, porque nós non imos deixar de existir nin deixar de loitar polas nosas vidas.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Ten novamente a palabra a señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE (Rivo López): Antes de comezar co que tiña preparado, quero dicir que o Partido Popular tendeu a man esta mañá cunha emenda na que trataba de seguir a desenvolver esta lei no marco do observatorio e



contra a discriminación, seguir a promover o apoio dos grupos existentes e poñer en marcha as campañas de información, que vostedes votaron en contra.

Ademais, o luns e o martes, eu como conselleira persoalmente e a nova secretaria xeral de Igualdade puxémonos en contacto co observatorio e coas persoas que compoñen os grupos do observatorio para tender a man ao diálogo e o observatorio, ademais, poñelo en marcha con reunións trimestrais. Iso é unha realidade, iso é tender a man para o diálogo e traballar en conxunto.

A inclusión social plena, con independencia da diversidade de orientación sexual e identidade de xénero, constitúe unha das prioridades deste goberno. De feito, estamos a ultimar os detalles do informe dese desenvolvemento e a aplicación da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e non-discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais de Galicia, tal como se aprobou nesta Cámara. Un documento de carácter trianual que analiza o cumprimento deste texto legal, que consolida o principio de igualdade de trato e non-discriminación por razón de orientación sexual e da identidade de xénero.

Señorías, desde a aprobación da lei no 2014 non deixamos de traballar neste eido, apostando por políticas e iniciativas que fomenten unha sociedade máis diversa e á vez máis igualitaria, para garantir que todas as persoas poidan exercer plenamente os seus dereitos con dignidade e con liberdade. Pero todas as medidas e actuacións que lles enumerei na miña intervención que realizamos de forma transversal desde todos os ámbitos — sanitario, educativo, social, asociativo, laboral, etc. — facémolas fomentando e impulsando unha formación transversal para todos os profesionais implicados. Desenvolvemos iniciativas de formación en diversidade sexual enfocadas aos profesionais sanitarios, cursos desde a Axencia Galega para a xestión do coñecemento en saúde no Plan de formación das profesionais dos CIM ou accións e cursos de formación no ámbito policial a través da Academia Galega de Seguridade Pública. De feito, neste primeiro semestre do ano xa se celebraron unha xornada sobre diversidade afectivo-sexual e seis cursos para a Policía Local e para a Garda Civil. E no ámbito educativo impúlsase a formación de profesorado cunha oferta para actualizar os seus coñecementos na materia e mesmo certificalos.

Preguntaba vostede ao final da súa intervención se consideraba que o Goberno galego está a realizar todas as medidas posibles para garantir a seguridade e o benestar das persoas LGBT. Despois de todo o que lle relatei, é indiscutible que no Goberno galego estamos a poñer en marcha medidas imprescindibles para logralo, no ámbito sanitario, no ámbito da seguridade, no eido social e no eido educativo. Pero neste labor debemos contar con todas e con todos, tamén coas entidades locais e co Goberno estatal, que non hai que esquecer, señoría, que é o que ten as competencias en materia de interior e de seguridade.

Señorías, Galicia foi, é e será sempre unha sociedade respectuosa e aberta á diversidade, que loita desde todos os ámbitos contra calquera forma de discriminación por razón de orientación sexual e identidade de xénero, expresión de xénero ou características sexuais das persoas. E nós, esta consellería e todo o Goberno galego, traballamos neste sentido, tanto desde o eido da igualdade como do emprego, para poder garantir unha contorna laboral inclusiva, xusta e segura para todos os traballadores e traballadoras galegas. E o nivel de tolerancia



ante os ataques e os actos de violencia que seguen sufrindo as persoas LGBT en calquera ámbito é cero. Unha contorna laboral e unha contorna social integradoras.

Señorías, a loita pola igualdade en todos os ámbitos implica a todos e require dun enfoque integral, transversal e multisectorial. Por iso quero rematar hoxe esta intervención reiterando a miña disposición e a de todo o Goberno galego para seguir a traballar por unha Galicia libre, diversa e xusta. E repito: facelo da man de todas e de todos, das administracións, das súas asociacións e da sociedade, porque o orgullo LGBT é o orgullo de Galicia. Xuntas e xuntos é como debemos construír un futuro diverso de respecto e de liberdades. Só así podemos abrazar unha verdadeira cultura da diversidade fronte aos discursos de odio e fronte aos prexuízos. A lgbtfobia non ten que ver cos gobernos senón coas persoas intolerantes.

Remato sinalando que no Goberno galego témolo claro: queremos lograr unha Galicia aberta, tolerante e en liberdade.

Moitas grazas.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora conselleira.

Continuamos con preguntas ao Goberno.

Pregunta de D. José Manuel Balseiro Orol e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o estado das infraestruturas viarias de competencia estatal en Galicia

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para formular a pregunta, polo tempo de tres minutos, ten a palabra o señor Balseiro.

O señor BALSEIRO OROL: Grazas, señora presidenta.

Señora conselleira, se hai un ámbito no que se demostra con total certeza e obxectividade que Sánchez maltrata Galicia, témolo nas infraestruturas. É un clamor entre a cidadanía e o malestar por esta situación.

Son múltiples as deficiencias que presentan as infraestruturas viarias de competencia estatal en Galicia e das que quixemos facernos eco este grupo maioritario, o Popular, nos últimos meses. Teño a seguridade, aínda que non queiran recoñecelo, de que as deputadas e os deputados da oposición cando saen deste Parlamento e percorren o territorio tamén reciben as queixas dos galegos ante o abandono das estradas nacionais. Sobran exemplos: o sorprendente colapso do viaduto do Castro da A-6, que sucedeu xa hai un ano; o desplome da N-642 na Mariña de Lugo, en obras; o firme deteriorado da N-120, da N-540 ou da A-52. E a lista, señora conselleira, sería interminable.

A orixe deste problema está a negativa do Goberno de Pedro Sánchez a facer como fai a Xunta: aprender de quen o fai ben e poñer en marcha un plan de conservación das estradas de competencia estatal.



Señora conselleira, o ministerio nin mantén as estradas en bo estado nin executa as infraestruturas pendentes. Vémolo coa A-74, coa autovía Lugo-Santiago, coa autovía Lugo-Ourense ou coa A-76, entre Ponferrada e Ourense.

E por se isto non fose suficiente, co explicable aplauso do Bloque Nacionalista Galego da señora Pontón, os galegos temos que asumir na AP-9 e na AP-53 as peaxes máis caras de España.

Polo tanto, Sánchez maltrata Galicia sen importarlle que o abandono das estradas nacionais entorpeza as posibilidades de mobilidade dos galegos. E, como vemos, só acertan cando rectifican. E podemos falar de rectificación no feito de que agora si, por fin, anuncien sobre o papel, señora conselleira, que non hai nada máis que un anuncio, que van declarar de urxencia e construír de xeito simultáneo os viadutos da A-6, como viñamos pedindo desde o Goberno de Galicia e desde este Parlamento.

Nada máis e moitas grazas, señora presidenta.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor Balseiro.

Para dar resposta ten a palabra a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, dona Ethel Vázquez.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas.

Señoría, como dicía vostede, o Goberno de España rectificou. Rectificou non porque quixera facelo, rectificou porque non tiña outro remedio. E o certo é que é moi triste dicilo así, pero así é esta longa historia dun ano do colapso do viaduto da A-6. Un informe técnico foi o que obrigou a cambiar de criterio o Goberno de Pedro Sánchez; un informe técnico que veu dar a razón, argumento por argumento, punto por punto, a todo o que viñemos dicindo dende a Xunta de Galicia. Argumentos aos que durante un ano o Goberno de Pedro Sánchez fixo oídos xordos, incluso menosprezaron, pero a realidade pon a cadaquén no seu sitio. E o único certo é que a Xunta tiña razón, as valoracións técnicas eran correctas e a proposta da Xunta de Galicia era a acertada.

O certo é que non falamos por falar, non pediamos a construción simultánea por capricho, solicitábamola por responsabilidade e tamén por necesidade. Esa reconstrución simultánea era o lóxico.

Movémonos, dende logo, señoría, por eses usuarios e eses transportistas que día a día teñen que sufrir na súa pel as consecuencias deses colapsos e deses desvíos, dende logo, inútiles e inseguros. E, realmente, o certo é que nin os usuarios nin ao transportistas son os culpables.

Está claro que ao Goberno de Pedro Sánchez e a Pedro Sánchez non lles quitaba o sono que Galicia estivese sen autovía A-6 durante o último ano e siga durante un ano máis que duren



as obras. Porque para el, para o seu Goberno e para a ministra non era prioritario, e tivemos que agardar un ano a esa decisión, a decisión sensata e a lóxica, que é a reconstrución simultánea de ambos os dous viadutos polo procedemento de emerxencia. Alegrámonos desa rectificación, pero non podemos esquecer o dano causado e o tempo perdido. Por iso solicitamos que se recupere o tempo perdido e que se inicien xa as obras de emerxencia para a construción do segundo viaduto. Non podemos permitirnós nin un minuto máis de demora.

Agardamos que o Ministerio de Transportes concentre as súas decisións para comezar xa o segundo viaduto. Nós non baixaremos a garda. Tamén agardamos que con esa rectificación, con esa autoemenda do propio Goberno de España veña tamén unha rectificación na forma de xestión. Agardamos transparencia, agardamos axilidade e agardamos tamén que de forma urxente constrúan as obras.

Nada temos que agradecer ao Goberno de Pedro Sánchez, nin novas infraestruturas, nin programa de mantemento das infraestruturas axeitadas, dos firmes, nada sabemos da A-74, A-76.

Polo tanto, rectificación que agardamos, pero hai que recuperar o tempo perdido.

Pola miña parte, nada máis.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora conselleira.

Para a réplica, señor Balseiro.

O señor BALSEIRO OROL: Moitas grazas, señora presidenta.

Os galegos, e sobre todo os lucenses en particular, deben ter a seguridade de que este grupo parlamentario imos estar vixiantes e comprobar se esta obra van adiante.

Sabe vostede que hai un refrán que di: «*Nunca es tarde cuando la dicha es buena*». Pero neste caso si é tarde, porque o viaduto colapsou hai un ano, polo cal hai un ano perdido. Porque hai un ano neste Parlamento e no Goberno de Galicia xa dicíamos como tiñamos que facer esa obra, que habería que facer os viadutos simultáneos e por vía de urxencia. E o Goberno de Sánchez non entendía ou non quería entender.

Pero, señora conselleira, neste viaduto hai outro tipo de explicacións que aínda non están claras, porque este viaduto colapsou despois de facer un investimento de 26 millóns de euros. E recentemente viña nun medio de comunicación que os dous viadutos podían custar entre 70 e 80 millóns de euros. Como comprenderá, vostede é técnica, eu non son técnico na materia, e non sei se esa noticia era certa ou non era certa. Pero se o viaduto colapsa despois de investir 26 millóns de euros cando se ía abrir, e agora facer dous viadutos custa entre os 70 e 80 millóns de euros, dirían na Mariña de Lugo: «*Apaga e vámonos*».



Señora conselleira, agardamos que o Goberno Sánchez tome esa decisión e agardamos tamén que eses viadutos xa os levante outro Goberno presidido por Alberto Núñez Feijóo.

Nada máis e moitas grazas.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Réplica do Goberno, señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Por suposto que benvido o cambio de criterio do Goberno de Pedro Sánchez e que se proceda á reconstrución, que agardamos que sexa xa o inicio do segundo viaduto polo procedemento de emerxencia.

Neste proceso vimos improvisación, cabezonería, tamén ocultación e falta de dilixencia, así como falta de transparencia, pero, sobre todo, esa improvisación como denominador común todo o tempo —diría— que dous últimos anos nos viadutos da A-6.

Na Xunta de Galicia mantivemos sempre a mesma postura e fomos coherentes, con argumentos técnicos sobradamente contrastados, que agora son ratificados nun informe técnico do Ministerio de Transportes. Punto por punto dásenos a razón.

E esa actitude teimuda do Executivo de Pedro Sánchez de negar a evidencia, de pechase en banda, agardamos que finalmente, dende logo, rectifique e pase a reconstruír os viadutos. Porque dicía que, primeiro, era o Ministerio de Facenda, que non deixaba a reconstrución simultánea; logo dicía que había informes técnicos que por seguridade non se poden facer de forma simultánea. E, señorías, finalmente, hai un informe técnico do propio ministerio que contradí todo e cada un dos argumentos que no último ano viña realizando o Ministerio de Transportes. E o importante que di ese informe é que é necesario executar polo procedemento de emerxencia os dous viadutos de xeito simultáneo, para garantir a estabilidade das cimentacións —o que viña dicindo a Xunta de Galicia—, tamén para evitar sobrecustos —o que viña dicindo a Xunta de Galicia—, tamén para reducir prazos de execución das obras —o que viña dicindo a Xunta de Galicia— e tamén, por suposto, por seguridade viaria —o que viña dicindo a Xunta de Galicia—.

Polo tanto, a xestión do Goberno de Pedro Sánchez nos últimos dous anos, pero, sobre todo no último ano, en relación co colapso do viaduto da A-6 foi unha auténtica trapallada. E levamos un ano perdido. O que pedimos é que se recupere todo ese tempo perdido, temos un ano polo menos —e habería que velo— por diante para que a A-6 volva ter cinco carrís, que son os necesarios para transitar pola A-6. Teremos tamén que afrontar unha campaña estival complexa porque este inverno seguiremos en Galicia sen autovía A-6 e será un problema.

En resumo, señoría, dende logo que benvida a rectificación do Goberno de Pedro Sánchez para proceder de xeito simultáneo á execución dos dous viadutos da A-6. Perdeuse un tempo moi valioso, e reclamamos ao Goberno de España que non se perda nin un minuto máis, que



se recupere sobre todo o tempo perdido e que se poñan a executar xa de xeito inmediato o segundo viaduto.

Dende a Xunta de Galicia seguiremos vixiantes e seguiremos atentos a que se recupere todo ese tempo perdido.

Pola miña parte, nada máis. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, conselleira.

Pasamos á seguinte pregunta.

Pregunta de D. Xosé Luís Bará Torres e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a valoración por parte do Goberno galego das sentenzas xudiciais contrarias ao desenvolvemento eólico promovido pola Xunta de Galicia

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Ten a palabra o señor Bará Torres.

O señor BARÁ TORRES: Señora conselleira, en primeiro lugar, darlle os parabéns polo seu nomeamento.

A verdade é que ten vostede moito traballo, moitas fronteas abertas. E voulle recordar algunhas informacións dos últimos días. A pasada semana, o 23 de xuño: «O exdirector xeral de Minas deberá declarar ante o xulgado por irregularidades na mina de San Fins». Do día anterior, 22 de xuño: «O Tribunal Superior de Xustiza de Galiza suspende cautelarmente un parque eólico en Santa Comba». Do día 20 de xuño: «O Tribunal Superior de Xustiza de Galiza anula a autorización para construír o parque eólico Bustelo». Do 15 de xuño: «O Tribunal Superior de Xustiza de Galiza suspende a autorización da Xunta da mina de Muras por proximidade a espazos protexidos». Do 1 de xuño: «O Tribunal Superior de Xustiza de Galiza anula a autorización para construír o parque eólico Campelo, de Greenalia, entre Coristanco e Santa Comba». E así sucesivamente.

Señora conselleira, acumúlanse as resolucións xudiciais contra o Goberno da Xunta do Partido Popular por actuacións irregulares, abusivas e ilegais. E non fago xa referencia á anulación dos contratos de Monbus, que isto é unha peza separada da que falaremos no próximo pleno, no que interpelaremos a súa compañeira de escano.

Está caendo un auténtico chaparrón, un vendaval xudicial contra o novo *boom* eólico depredador da Xunta do Partido Popular, que é todo menos ordenado e garantista. É caótico, improvisado, sen garantías e, ademais, ilegal. E isto non o di o BNG, isto dío o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, que é sen garantías e ilegal.

E nos últimos proxectos que foron obxecto das resolucións xudiciais —os do grupo Greenalia e dos portalóns xiratorios da súa excompañeira Bea Mato— en Coristanco, Santa Comba e Carballo, os proxectos eólicos de Campelo, Bustelo e Toural, o que di o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza é que son ilegais por tres razóns: primeira, porque vostedes vulneraron o



dereito ambiental de información pública e reduciron os prazos á metade; en segundo lugar, porque vostedes non someteron os informes ambientais ao procedemento de información pública; e, en terceiro lugar, porque houbo unha fragmentación ilegal dun único proxecto en tres, partiron un proxecto en tres para evitar unha avaliación ambiental conxunta, porque como se ve claramente nos mapas son tres parques que están xuntos, (*O señor Bará Torres amósalle á Cámara un mapa.*) que teñen a mesma subestación, que ocupan o mesmo espazo, que teñen as mesmas liñas de evacuación, que comparten as mesmas infraestruturas. Así que é absolutamente indiscutible.

Polo tanto, señora conselleira, despois desta tunda xudicial, destas labazadas xudiciais, o que lles dicimos é que asuman as responsabilidades, que paren...

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: ...este *boom* eólico depredador.

Moitas grazas.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Para contestar esta pregunta ten a palabra a señora conselleira da Economía, Industria e Innovación, a señora Lorenzana Somoza.

A señora CONSELLEIRA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN (Lorenzana Somoza): Grazas, presidenta.

Señor Bará, o primeiro, o pleno respecto, por suposto, ás resolucións xudiciais. Ademais, sabe que esta é a liña sempre do Goberno galego. Por suposto, tamén será o pleno respecto ao que decida o Tribunal Supremo en casación. Nós imos defender a nosa postura.

E co que, dende logo, non podo estar de acordo é que se afirme, como está firmando aquí, como afirma na súa pregunta, que en Galicia se está violentando a normativa ambiental. Isto é unha afirmación taxativa e, dende logo, falta á verdade. Non é certo.

E non é certo se comparamos, ademais, o que estamos facendo en Galicia co que está facendo o Estado. E poderíamos estar aplicando as diversas modificacións que se deron por parte do Estado nos reais decretos, que, por certo, vostedes votaron a favor. Por iso chámame moi-tísimo a atención que voten a favor no Congreso dunha simplificación dos requisitos ambientais e, sen embargo, neste Parlamento a súa postura non sexa coherente con isto.

En calquera caso, todos os parques en Galicia teñen unha avaliación ambiental ordinaria, todos eles; cousa que —repito— non pasa no Estado. Non se poden implantar parques eólicos en Rede Natura; como sabe moi ben, non se poden autorizar en espazos nos que haxa especies, hábitats sensibles ou vulnerables.

¿Que é o que está facendo o Estado? Todo o contrario: desaparición para todos os proxectos enerxéticos de renovables do que é a declaración de impacto ambiental. Agora mesmo, soa-



mente existe ese informe cualificado de patrimonio natural; desaparece, por certo, toda a participación pública.

E —repito— si me gustaría que mo explicase, pois nese primeiro real decreto lei vostedes votaron a favor desa simplificación e, sen embargo, aquí, cunha normativa, cunha aplicación e cunha tramitación ambiental moitísimo máis complexa, porque se fai como lle estou dicindo unha vía ordinaria en todos os casos, din que estamos violentando a normativa ambiental. Isto non é —penso eu— coherente.

En calquera caso, si estamos facendo unha planificación eólica ordenada e unha planificación eólica compatible co territorio. Estamos traballando con cada expediente. Sabe vostede que coas autorizacións do mes de abril quedaron fóra máis de mil megavatios, é dicir, un 37 por cento do total. E ¿por que? Porque 44 parques se descartaron, porque se reduciu a potencia noutros 24, derivado, precisamente, de toda esta tramitación. Ao longo destes días vanse archivar 66 proxectos, son case dous mil megavatios, precisamente por esa planificación —repito— ordenada e compatible co territorio. Porque non tiveron esa declaración de impacto ambiental que estamos exixindo.

Polo tanto, penso que leccións sobre a compatibilidade do territorio dos proxectos enerxéticos, á Xunta de Galicia non lle poden dar vostedes, máxime como están votando no Congreso dos Deputados.

Nada máis. Moitas grazas.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, conselleira.

Para a réplica, ten a palabra o señor Bará Torres.

O señor BARÁ TORRES: Señora conselleira, póñase como se poña, busque as excusas que busque, a realidade é que o seu Goberno está sendo vapuleado polo Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, (Aplausos.) que este tribunal, o máximo tribunal, é o que está dicindo que vostedes están violentando a normativa ambiental unha e outra vez. E dixérono no caso de Sasdónigas, no caso de Corme, no caso da serra do Iribio, no caso de Campelo, no caso de Bustelo. ¿Como hai que dicilo? É que é o Tribunal Superior de Xustiza quen está dicindo que vostedes reduciron os prazos á metade. Xa me pode dicir vostede que non son firmes; que se van recorrer en casación esas sentenzas. Pero a redución de prazos á metade é unha vulneración do dereito ambiental, non hai escapatoria posíbel.

Despois hai sentenzas firmes; a sentenza da serra do Oribio é firme. O que di esa sentenza é que vostedes utilizaron unha DIA caducada; que permitiron unha enorme agresión á Rede Natura —iso si que son agresións á Rede Natura—. Ou no caso das Sasdónigas, que hai unha sentenza firme que di que vostedes fragmentaron ilegalmente un parque eólico en dous. Iso dío o Tribunal Supremo.

O que lle pregunto a vostede aquí, en sede parlamentaria é: ¿cando van cumprir esas sentenzas? ¿Cando van reparar o dano causado na serra do Oribio, en Rede Natura? ¿Que van



facen? ¿Que van facer vostedes cando as empresas lles pidan as indemnizacións correspondentes por esa cuestión?

Mire, ¿pode dicir vostede que hai seguridade xurídica no desenvolvemento eólico de Galiza cando está caendo este chaparrón xudicial? ¿Cando as mesmas empresas están dicindo que non hai seguridade xurídica? ¿Cando hai unha morea de recursos en marcha contra eses setenta e cinco proxectos aprobados de maneira apresurada e sen garantías? ¿Cando as empresas están pedindo responsabilidades patrimoniais á Administración?

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: ¿Quen se vai facer cargo de todas esas indemnizacións, señora conselleira? ¿Vostedes, do seu bolsillo? Nós pensamos que si; que se terán que facer vostedes cargo do seu bolsillo.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Moitas grazas, señor Bará.

Para a réplica, por parte do Goberno, ten a palabra a conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN (Lorenzana Somoza): Grazas, presidenta.

Señor Bará, non me respondeu cal é a coherencia entre que se vote a favor no Congreso dos Deputados de que desapareza a declaración de impacto ambiental, que desapareza toda a participación pública, incluída esa información pública da que vostede fala de trinta a quince días, e se vote, sen embargo, que en Galicia non poden ser quince, que teñen que ser trinta. *(O señor Bará Torres pronuncia palabras que non se perciben.)* Pero para os parques que leva o Estado, que son de máis de cincuenta megavatios, para iso si que hai que facer un informe; un único informe de Patrimonio Natural. Non é coherente.

En calquera caso, sobre esa redución de prazos da que vostede fala —creo que o dixen ademais publicamente—, houbo un erro na aplicación. Si, houbo un erro; hai unha redución de prazos á metade e reducíronse tamén prazos básicos. Non hai ningún outro parque, volveuse tramitar todo, está executada esa parte da sentenza. Agora, ¿todo o demais? Casación no Tribunal Supremo. Cando o Tribunal Supremo realmente decida a orde na que se teñen que facer as consultas e a información pública, entón veremos.

Nós estamos defendendo un criterio dentro desas declaracións de impacto ordinarias —re-pito, sempre ordinarias— de que tres parques poden ter a mesma liña de evacuación, porque é unha menor afección ao territorio. Iso non implica que sexa un mesmo proxecto. É o que estamos defendendo. E unha interpretación, dende logo, lóxica, con sentido común e que é compatible co territorio.

Por esta razón, porque eses son os debates e os detalles dos que estamos falando, non se pode afirmar dese xeito taxativo que nós estamos violentando a normativa medioambiental.



Cando estamos sendo súper estritos coa aplicación da normativa medioambiental. Cando a estamos aplicando máis aló do que exige agora mesmo a directiva, do que está permitindo flexibilizar. De feito, o Ministerio teno feito e, de feito, —repito— vostedes votaron a favor desa flexibilización.

Así que o único que lles pido é, por favor, máis coherencia neste Parlamento e tamén nas Cortes Xerais; que digan o mesmo alí que aquí. Simplificación alí; pois simplificación tamén aquí. *(Aplausos.)*

Repítolle: planificación enerxética eólica compatible co territorio, sen lugar a ningunha dúbida. Planificación enerxética ordenada. Foi o Estado o que copiou o feito de que, para iniciar a tramitación, teña que existir un permiso de acceso e conexión. E nós xa o estamos facendo dende hai tempo. Polo tanto, si é unha planificación enerxética ordenada, con esa moratoria de dezaioito meses para poder tramitar o que o Estado exixiu a través deses fitos e para poder chegar a tempo.

O que lles digo é que estamos marcando un novo ritmo con esa nova lei, que entrará neste Parlamento, de recursos naturais para o aproveitamento deses recursos. Unha norma que esperamos que sexa de consenso para conseguir unha economía cero de emisións netas e para maximizar os beneficios da cidadanía galega.

En Galicia fan falta agora mesmo xa mil douscentos megawatts adicionais para todos os proxectos industriais que temos en carteira. Necesitamos eses megawatts para que realmente se desenvolva económica e industrialmente Galicia.

Así que, por favor, sentido común.

Moitas grazas.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Moitas grazas, conselleira.

Pasamos á seguinte pregunta.

Pregunta de D^a Raquel Arias Rodríguez e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración que realiza a Xunta de Galicia acerca do compromiso de manter a gratuidade para o cen por cento do alumnado das escolas infantís de Galicia

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Para formular a pregunta ten a palabra a señora Arias Rodríguez.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: Grazas, presidenta.

Benvida, señora conselleira.

Moitas familias galegas levan semanas elixindo un colexio, unha escola infantil para os seus fillos de cara á volta do verán. Eu hoxe voume referir á etapa de cero a tres anos, unha etapa



na que a escolarización non é obrigatoria, pero que, sen embargo, cada vez máis familias galegas optan por ela. De feito, segundo datos do propio ministerio e tamén da Asociación Educa, o 50,5 por cento dos nenos de cero a tres anos están escolarizados en Galicia, o que supón nove puntos por enriba da media nacional e tamén trinta puntos por enriba da taxa que tiñamos en 2009.

Isto é un éxito dos gobernos da Xunta de Galicia, dos gobernos do PP; primeiro, con Alberto Núñez Feijóo á fronte e, agora, con Alfonso Rueda. Hai que recoñecer, e dicir con moito orgullo, unha e outra vez, que os gobernos do PP na Xunta de Galicia converteron esta comunidade na comunidade de referencia tanto nas medidas de conciliación como na escolarización de cero a tres.

Por citar algunha das medidas, podemos dicir que nestes anos houbo máis de setenta escolas infantís públicas que se crearon, pero en 2016 tiñamos as casas niño, esas escolas infantís para o medio rural. Unha medida da que votaron en contra tanto o Bloque Nacionalista Galego como os socialistas. No ano 2020, Galicia convertíase na primeira comunidade en ter gratuidade para os pais que tiñan un segundo fillo e sucesivos, independentemente da idade que tivese o primeiro fillo. Unha vez máis, Bloque e Partido Socialista votaron en contra.

Chegamos ao ano 2021. Temos a Lei de impulso demográfico, unha lei que aposta pola conciliación e pola demografía de forma transversal; e da que, unha vez máis, Bloque e Partido Socialista votaron en contra. Esa lei incluía a gratuidade das escolas infantís de cero a tres anos, unha medida que se está aplicando en Galicia dende setembro de 2022. Unha medida que beneficia trinta e unha mil familias e da que Bloque e Partido Socialista votaron en contra.

Señora conselleira, dende o Grupo Popular queríámoslle preguntar hoxe: ¿que valoración fai o Goberno da Xunta desta medida que permite a escolarización gratis de cero a tres anos? Unha medida na que a Xunta de Galicia inviste cincuenta e cinco millóns de euros, porque o Goberno do Estado danos cero euros para esta medida. Unha vez máis, Galicia non puido contar co Goberno de Sánchez. Esperemos que pronto poida contar coa axuda do Goberno do Estado.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, señora Arias.

Para contestar a esta pregunta ten a palabra a conselleira de Política Social e Xuventude, a señora García Martínez.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE (García Martínez): Grazas, presidenta.

Señora Arias, hai iniciativas que non podemos estimar na súa xusta medida ata que van pasando os anos. Dígoos hoxe con toda a humildade, pero tamén o digo con total convencemento: podemos afirmar que a gratuidade das escolas infantís é un dos fitos que máis



marcarán a vida das familias galegas durante os próximos anos. Podemos comezar a apreciar a repercusión da gratuidade no crecente interese que está xerando nos distintos sectores da nosa sociedade.

Ese camiño iniciámolo aquí, iniciámolo en Galicia. Un camiño que chama a atención tamén de todas as familias que acoden, máis ca nunca, a estes servicios para poder conciliar, para poder compatibilizar a súa vida persoal e laboral. Chama tamén a atención do sector das escolas infantís, que aplauden cada día a súa posta en marcha e que se suman cada vez máis a esta medida. E tamén chama a atención doutros gobernos autonómicos, gobernos de distintas cores políticas que nos chaman cada día para preguntarnos como conseguimos aplicar esta medida.

Hai só unha persoa no noso país, España, á que non lle chama a atención a gratuidade das escolas infantís de cero a tres anos; ese é o presidente do Goberno, Pedro Sánchez. Pese a solicitarlle en reiteradas ocasións a colaboración ao Goberno central para financiar esta medida que beneficia máis de trinta e unha mil familias galegas, segue sendo a Xunta de Galicia a través de fondos propios a que financia a súa posta en marcha; e faino de forma íntegra.

Destinamos cada ano máis de cincuenta e cinco millóns de euros a esta medida para financiar a gratuidade de todas as escolas infantís de Galicia, fronte ao silencio absoluto e á aportación cero por parte do Goberno central. Non foi ata os últimos días cando a gratuidade das escolas infantís logrou situarse no debate político a nivel nacional. Que casualidade que foi precisamente da man do noso expresidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo. Foi precisamente el mesmo o que no ano 2020, aquí en Galicia, aprobou a gratuidade para segundos fillos e sucesivos en todos os centros galegos, con independencia da súa titularidade. Foi o seu legado, recollido polo presidente Rueda, o que nos levou a poñer en marcha a gratuidade total da educación infantil en Galicia.

Foi esta pasada semana cando este debate político, a nivel nacional, mudou un listado interminable de tipoloxías de familias por un compromiso en firme de cofinanciar a gratuidade da educación infantil. Señora Arias, sabe vostede moi ben que os galegos levamos no noso ADN non ser nunca máis que ningún, pero tampouco imos ser menos.

Máis nada e moitas grazas.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Grazas, conselleira.

Para a réplica ten a palabra a señora Arias.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: Por suposto, señora García, non imos ser menos que ningún, porque as familias galegas merecen o noso apoio. Vostede o dicía: a gratuidade das escolas infantís de cero a tres é unha importantísima axuda para todas as familias galegas que levan os seus fillos a unha escola infantil, calquera que sexa a súa titularidade.



Porque ter un fillo é unha gran alegría, pero hai que recoñecer tamén que ten un importante custo, tanto en materia económica como en materia de conciliación. Hai moitas familias que agora van levar os seus nenos ás escolas infantís ou que o están planteando e que antes non o podían facer, simplemente porque para eles era un custo importante, aínda que tivesen necesidades de conciliación.

Por iso, señora García, nos parece incomprensible que a oposición neste Parlamento —o Bloque e o PSOE— votasen en contra da lei que fixo posible esta medida, da Lei de impulso demográfico. Pero claro, non só votaron en contra desta medida, senón que eles querían sacar a palabra «familia» da lei, porque para eles «familia» é un concepto ideolóxico. Non só iso, querían sacar todas as medidas de apoio, porque para eles esas medidas son natalistas. Pois para nós non. E creo que para as familias, para esas trinta e unha mil familias que poden levar gratis os seus nenos ás escolas infantís, tampouco. Tampouco para as familias monoparentais e para as familias numerosas que na lei que a esquerda tiña no Congreso dos Deputados —nesa lei de familias— saían gravemente prexudicadas. Bueno, as numerosas saían tanto que desaparecían como tal denominación.

Esas dúas medidas, ese apoio a eses dous tipos de familia ía tamén na Lei de impulso demográfico, unha lei que apoiaba todo tipo de familias. Conselleira, ¿que máis medidas de impulso e que máis medidas leva para as familias...

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, señora Arias.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: ...esta lei que está tomando a Xunta de Galicia?

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Moitas grazas, señora Arias.

Para a réplica ten a palabra a señora conselleira de Política Social e Xuventude.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE (García Martínez): Grazas, presidenta.

Señora Arias, o Goberno galego procurou durante os últimos anos estar permanentemente ao carón de todas as familias, para atender todas as súas necesidades e todas esas cousas que foron precisando pouco a pouco para poder formar o seu propio proxecto de vida. Esta aposta en firme polas familias levounos a facer de Galicia a comunidade de referencia en materia de conciliación; a comunidade que levou sempre a dianteira en medidas de calado, no día de hoxe, a nivel nacional.

Durante os últimos anos as políticas do Goberno galego en materia de familia converteron a nosa comunidade nunha comunidade pioneira. Convertémonos en pioneiros grazas á aprobación —como dicía vostede— desa primeira lei de impulso demográfico a nivel nacional, que é unha normativa que blindo, unha normativa que recolle os dereitos de todas as familias galegas. Convertémonos en pioneiros a través dese impulso de recursos de conciliación no



rural. Este ano chegamos ás cen casas niño, abertas e en pleno funcionamento, e xa superamos o centenar de casas do maior.

Convertémonos en pioneiros grazas ao impulso de axudas directas para apoiar as familias, con esa Tarxeta Benvida, con ese Bono Concilia Familia, para que os motivos económicos nunca sexan unha eiva para os galegos que desexen ter fillos.

Por suposto, convertémonos tamén en pioneiros con esta gratuidade de todas as escolas infantís: das municipais, das privadas, das de iniciativa social e tamén das da rede pública autonómica, que están permitindo que cada familia galega aforre máis de dous mil euros ao ano.

Unha nova xeración de galegos atópase nestes momentos na recta final deste curso 2022-2023 en todas as escolas infantís de Galicia; o primeiro no que se aplica a gratuidade total para todos os fillos. Son os primeiros nunha longa xeración de galegos que se van beneficiar desta medida histórica. A súa experiencia e a das súas familias serán as que determinen a verdadeira relevancia que esta medida xa ten a día de hoxe nas súas vidas.

Máis nada e moitas grazas.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Moitas grazas, conselleira.

Pasamos agora ao debate acumulado de dúas preguntas.

Alteración da orde do día

Pregunta de D^a Noelia Otero Lago e D^a Noa Susana Díaz Varela, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do grao de mantemento da modalidade de ensino presencial nos ciclos de formación profesional

Pregunta de D^a Mercedes Queixas Zas, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades respecto da modalidade, presencial ou telemática, da docencia na formación profesional

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Para formular a primeira pregunta

ten a palabra a señora Otero Lago, do Partido Socialista.

A señora OTERO LAGO: Grazas, presidenta.

Moi boa tarde, señor conselleiro.

Dicía vostede onte algo así como que estaba encantado de vir a este pleno para informar sobre os cambios na formación profesional, eses cambios que collían a todo o mundo por



sorpreza, a fin de curso, con total unilateralidade. E ben, cómpre lembrar que non vén aquí informar a ninguén por iniciativa propia, senón a contestar a preguntas urxentes tanto do Partido Socialista como, a continuación, do BNG, e ademais con este formato, por desgraza, dun tempo limitado.

Ben, vostede presumía nos medios e anunciaba a maior oferta da historia na formación profesional. Se collemos os números non mente, non. ¿Pero a custa de que? De cargarse un dos principios máis básicos e sagrados: a educación presencial de calidade en igualdade.

Centos de docentes —algúns deles acompañánnos neste pleno— cando se enteraban desta nova, e o alumnado, reaccionaban de xeito inmediato concentrándose arredor de todos os centros do país e tamén falando e advertindo de cales serían as consecuencias desta decisión.

De xeito espontáneo, nós, deputadas e deputados do Grupo Socialista, achegámonos a distintos centros para enterarnos tamén de que era o que estaba acontecendo. Tivemos a oportunidade de escoitar. Nós animámolo a vostede a que faga o mesmo.

En todos eles, como dicía, tamén se pronunciaban os alumnos, preocupados por como quedaría a situación de cara ao vindeiro curso. E entre eles, por exemplo, no IES de Teis, eu escoitaba unha alumna, que xa tiña certos anos, que estaba estudando un ciclo de adultos, que tiña dous fillos e que contaba que, precisamente, despois de varios intentos estudando a distancia un ciclo, decidira este curso anotarse de xeito presencial. E que, precisamente, grazas ao acompañamento do profesorado e do grupo, pasara de ter fracaso en intentos anteriores a ser unha das alumnas máis brillantes. E así o acreditaban —había moitas testemuñas naquela concentración no IES de Teis— as súas propias profesoras.

Tamén outras compañeiras e compañeiros falaban de casos de alumnado, sobre todo en adultos, que viñan de historias de certo fracaso ou dificultades na ESO e en bacharelato, e que na FP, neses ciclos e con esa guía dos profesores e das profesoras, conseguían mellorar, conseguían acadar eses títulos e mellorar así tamén as súas oportunidades laborais de cara ao futuro.

Máis prazas que nunca di vostede, ¿pero a custa de que, señor conselleiro? Porque din vostedes, despois recúan un pouco, que os centros terán a oportunidade de elixir entre un vinte e cinco por cento ou un cen por cento de presencialidade. Pero, claro, pasan de trinta a cincuenta as prazas en cada ciclo, as ratios; aumentan ata cincuenta. ¿Como, se escollen, se elixen o cen por cento de presencialidade, nas mesmas aulas van meter cincuenta alumnos? ¿Que van facer?, preguntan.

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, señora Otero.

A señora OTERO LAGO: ¿Cantos deses cincuenta alumnos van rematar con éxito esa titulación?

(Aplausos.)



A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Moitas grazas, señora Otero.

Polo Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora Queixas Zas.

A señora QUEIXAS ZAS: Grazas, presidenta.

Señor conselleiro, o sistema público educativo galego é recoñecido por ofrecer unha formación profesional de alta calidade. Un obxectivo que foi conseguido grazas, sobre todo, aos investimentos dos últimos anos, nomeadamente procedentes de fondos europeos, mais tamén grazas ao compromiso do profesorado, capaz de soportar os continuos desafíos aos que os ten sometido a Administración galega.

Un novo desafío ocupa e preocupa estes días. Unha reordenación da FP por parte da consellería, imposta unilateralmente, improvisada a fin de curso, carente de diálogo coa comunidade educativa e propia dun talante autoritario e antidemocrático. *(Aplausos.)*

Alumnado e profesorado non son quen de entender por que a consellería actúa comprometendo un modelo público de FP de éxito por unha reforma que conduce a un modelo de baixa calidade, discriminador e excluínte. Alumnado e profesorado agraviado polas súas decisións incomprensíbeis, señor conselleiro, que hoxe en boa parte están aquí neste hemiciclo querendo escoitalle a vostedes as respostas que a directora xeral de Formación Profesional aínda non lles deu, e para a que a CIG —a central sindical maioritaria no ensino— xa pediu a súa dimisión.

¿Por que decide vostede anular a formación presencial de varios ciclos de FP e substituíla unicamente por formación a distancia? ¿Por que asina vostede a supresión de case dúas mil prazas presenciais na FP? ¿Por que non facilita vostede os datos da oferta autorizada na FP privada e na privada sostida con fondos públicos? ¿Por que, se vostede dispón de novecentos millóns de euros da Estratexia galega da FP para o bienio 2022-2024, vostede reduce a oferta formativa presencial e mingua os recursos económicos para gastos materiais e de funcionamento dos centros educativos?

¿Por que fomenta vostede o ensino a distancia cando a pandemia nos demostrou que non garante unha boa calidade educativa nin moito menos mellora o éxito escolar nin aínda moito menos garante un acceso á formación educativa en condicións de igualdade e equidade? ¿Por que non garante que o alumnado matriculado na modalidade presencial neste curso que acaba de rematar poida continuar nesta mesma modalidade no curso seguinte e os pretende obrigir a derivarse unicamente á formación a distancia?

¿Por que eliminan en toda Galiza, señor conselleiro, a oferta formativa presencial en promoción de igualdade de xénero?

En consecuencia, señor conselleiro, a pregunta central é: ¿Vai rectificar inmediatamente a tan lesiva decisión de reducir a oferta presencial na FP substituíndoa a distancia e derivando a oferta ao ensino privado?

(Aplausos.)



A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Moitas grazas, señora Queixas.

Para contestar esta pregunta ten a palabra o señor conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, o señor Rodríguez González.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): Ben, moitas grazas, señora presidenta.

En primeiro lugar, agradezo que o Bloque Nacionalista Galego diga que a formación profesional galega ten unha alta calidade e que é un éxito. Creo que é unha novidade parlamentaria escoitar isto. E dígoo porque, realmente, despois de escoitalos a vostedes e despois de facerlle seguimento ás declaracións que estiveron facendo nos últimos tempos, e cunha certa perspectiva histórica, eu reafírmome en que vostedes non cren na formación profesional. E dígoo porque están deseñando un marco que está absolutamente fóra da realidade, que demostra un descoñecemento bastante palpable desta cuestión, e confunden intereses concretos, particulares, co interese xeral.

E non é nada novo, non é nada que nos sorprenda. Se miramos atrás e vemos o seu discurso político, as votacións nesta Cámara —e estas paredes son testemuña—, eu escoitei aquí, en máis dunha ocasión, un posicionamento radicalmente en contra da FP dual; coas mesmas palabras, coas mesmas voces, cos mesmos conceptos, radicalmente contrario por parte tanto do Partido Socialista como por parte do Bloque Nacionalista Galego e dalgunhas organizacións que non están representadas nesta Cámara.

Tamén o escoitei, por certo, da FP básica. A FP básica que está pensada, basicamente, para dar oportunidades a aqueles alumnos con maiores necesidades educativas, e que, se non collen este itinerario educativo, saírían á rúa sen ningún tipo de formación e sen ningún tipo de acreditación. Escoiteinos en máis dunha ocasión posicionarse en contra da formación profesional básica.

Escoiteinos tamén posicionarse absolutamente en contra dos centros integrados de formación profesional, unha rede de centros que, por certo, en Galicia é a envexa do conxunto das comunidades autónomas. Só é comparable á nosa rede a do País Vasco, unha rede de centros de formación profesional tremendamente conectados co mundo da empresa, tremendamente conectados co mundo laboral, cun control de calidade e cunha empregabilidade practicamente no cen por cento dos seus alumnos, que a nós, sen dúbida, é o que máis nos preocupa: a empregabilidade dos nosos alumnos.

E agora véxoos posicionarse tamén dun xeito que creo que é acrítico, premeditado, absolutamente en contra da FP a distancia, da FP modular a distancia, demonizando unha modalidade educativa que está pensada, deseñada e solicitada basicamente para dar oportunidades de formación a un número crecente de persoas que, por exemplo, están traballando, non teñen tempo libre, non teñen capacidade de desprazarse, queren reciclarse, queren progresar na súa empresa... E é precisamente a ensinanza de adultos modular a distancia a que lles posibilita isto, e estamos vendo ano a ano como se incrementa esta formación.



Non é nada novo, non é nada novo. Témoloo visto en máis ocasións e, certamente, creo que hai unha intención de sobredimensionar algunha cuestión concreta e intentar facer un discurso de causa.

Mire, a oferta de FP —vostede o dixo, vostedes o dixeron, ambas as portavoces— este ano é o ano que ten a maior oferta da historia de Galicia. E non é unha oferta arbitraria, ocorrente, como vostede dixo, unilateral; senón que xorde, precisamente, dun debate activo a través do Plan Conecta, que posibilitou que se deseñase unha oferta acorde, primeiro, ás demandas, ás peticións dos centros; segundo, de acordo ás demandas e ás peticións dos sectores produtivos. Porque entenderá que a educación non é un fin en si mesmo, é un medio para formar profesionais. A educación, neste caso, falando de formación profesional. E tamén en base a moitas demandas de moitísimos cidadáns, de moitísimas persoas, que reclaman ter unha maior oferta modular en adultos a distancia. Porque dá unha maior flexibilidade e dá unha maior oportunidade para que moitos alumnos se poidan formar, e doutro xeito non se poderían formar.

Tamén é certo que temos, en moitas ocasións, unha escasa demanda en determinados módulos presenciais de adultos. E, comparativamente, eses mesmos módulos, en adultos, non presenciais teñen unha altísima demanda. E temos peticións, por parte das persoas, para que poidan participar nese ámbito.

42.000 prazas, máis de 42.000 novas prazas de primeiro ingreso. E medra todo. Medra a FP dual máis dun cen por cento; medran os másters; medra a FP orientada a alumnos con necesidades educativas especiais; medra tamén a FP a distancia e medra tamén a FP en espazos rurais. Todo isto é unha cuestión que é indiscutible. Estamos a falar, estatisticamente, de que, na oferta de máis de 40.000, 34.704 son presenciais, 1.400 son non presenciais; son a distancia. Estamos a falar dun dez por cento, aproximadamente.

E isto non naceu hoxe. Como vostedes saben, a educación modular a distancia ten unha longa traxectoria e ten unha altísima demanda, e o que pretendemos con iso é, en certa medida, darlle resposta a esta demanda. Non entendemos como se pode demonizar un sistema educativo que ten funcionado ben. E aínda, no caso hipotético de que vostedes teñan razón —que non a teñen—, falando de que se perde calidade, de que é un desleixo etc. ..., dos módulos que pasan de presencial a distancia estamos acadando 1,6 do conxunto da oferta.

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, señor conselleiro.

Ten unha quenda de réplica, señor conselleiro.

Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): Intentarei despois seguir explicando, señora presidenta.

(Aplausos.)



A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Antes da quenda de réplica teño que dirixirme ás persoas que nos acompañan hoxe na tribuna de convidados e dicirlles que se teñen que abster de manifestarse nin a favor nin en contra das persoas que interveñen. É o regulamento da Cámara.

Grazas.

Para a quenda de réplica, polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra a señora Otero Lago.

A señora OTERO LAGO: Señor conselleiro, non enrede. Levan días empregando falacias, recuando, enredando, confundindo... ¡Non enrede! Ninguén está demonizando a ensinanza e o ensino a distancia. Estamos a falar doutra cousa.

Vostedes si cren na FP, claro que si. Pero, ¿sabe en que FP cren vostedes? Na privada, que é o quid de toda esta cuestión e destes cambios (*Aplausos.*) que acaban de introducir, insistimos, a fin de curso e sen falar con ninguén, con nocturnidade e aleivosía.

Dicía o señor Rueda, e vostede tamén hai uns días, que eliminaban e suprimían ciclos presenciais alí onde non había demanda presencial. ¡Mentira! Dígame que acontece con Dietética e Educación Infantil, por exemplo, no IES de Chapela, onde ano tras ano hai unha elevadísima matrícula e demanda presencial. Pero, ¿sabe o que acontece? Que vostedes suprimen ciclos presenciais aí onde hai demanda no ensino público e, en cambio, ao mesmo tempo están autorizando impartir eses ciclos de FP no ensino privado. (*Aplausos.*) Mire vostede por onde. ¿A quen queren enganar, señor conselleiro? ¿A quen quere vostede enganar?

O alumnado ten, en definitiva, dereito a recibir a súa formación de xeito presencial. Ten ese dereito. E, como se dicía aquí, temos unha experiencia moi próxima coa pandemia sabendo quen é o primeiro prexudicado de eliminar a formación presencial, como é ese alumnado con necesidades máis específicas e especiais, con maiores dificultades.

Polo tanto, de nada vale que vostedes falen de aumentar esa oferta histórica de prazas na formación profesional cargándose a presencialidade e aumentando as ratios de trinta ata cincuenta alumnos sen aumentar os recursos e sen aumentar os espazos. É dicir, propaganda pura e apostar unha vez máis polo ensino privado, que é o único que están facendo e o único que agocha esta decisión.

(*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, señora Otero. Moitas grazas.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora Queixas Zas.

A señora QUEIXAS ZAS: Grazas, presidenta.

Señor conselleiro, vostede comparece aquí para dar resposta ás preguntas que lle facemos como portavoces da comunidade educativa. Vostede non comparece aquí nin para divagar



co que a vostede lle pareza ou lle interese, nin para mentir, nin para manipular os datos, nin moito menos para difamar. Non o esqueza, por favor. *(Aplausos.)*

Da súa incomparecencia ou da súa incapacidade para responder, desde logo, nós tiramos catro certeza fundamentais. A primeira, a respecto da redución da oferta de prazas presenciais. *(A señora Queixas Zas amósalles dous documentos aos membros da Cámara.)* Non temos máis que facer a comparativa dos dossieres da oferta do curso pasado e do vindeiro. Sabemos sumar e sabemos restar; vostedes sobre todo saben restar. Aquí están os datos e, polo tanto, non mentimos. *(Aplausos.)*

A segunda certeza —e aquí falo como profesora— é que a pandemia demostrou que a casa non é unha escola e que, ademais, o computador non é un profesor. Tamén demostrou que o alumnado non son números nin son fantasmas e tamén demostrou que o profesorado non somos nin *youtubers* nin *instagramers*. Non o esqueza.

Agora respóndame, por favor: ¿vostede cre que é un ensino de calidade aprender a pintar a carrocería dun coche a distancia? ¿Cre que tamén é un ensino de calidade aprender a facer a manobra de reanimación por atragoamento a distancia? ¿Cre de verdade que isto é unha oferta presencial de calidade? ¿Onde queda o papel socializador da escola? ¿Onde queda, señor conselleiro?!

A terceira certeza é que aquí hai unha deriva privatizadora e excluín-te clarísima. Eliminan vostedes oferta pública presencial ao tempo que a concertan e autorizan na privada. Iso é así de claro. Impoñen unha única opción online que non garante para nada a accesibilidade universal, cando vostede sabe que a única que a garante é a modalidade presencial.

E a cuarta certeza é que aquí hai claramente unha deriva discriminadora das mulleres e antifeminista.

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, señora Queixas.

A señora QUEIXAS ZAS: Eliminan vostedes, Partido Popular, en toda Galiza toda oferta presencial de promoción da igualdade de xénero. ¿Por que seguen esa liña propia da ultradereita máis reaccionaria? Modifique, por favor, esta decisión canto antes. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Grazas, señora Queixas.

Para a quenda de réplica ten a palabra o señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): Xa escoitamos as palabras máxicas «privatización», «antifeminismo» ou «recortes». E falan vostedes literalmente de manipulación e difamación. Mire, manipular é dicirlles aos alumnos dun ciclo ordinario de primeiro que estaban en presencial que para o ano van estar en distancia. Iso dixérono vostedes. Iso é manipular e difamar. Manipular e difamar é dicir que estamos recuando, cando dicimos que nos módulos de adultos a distancia hai un vinte e cinco por cento mínimo por parte do centro educativo



para impartir cos alumnos. E vostedes dixéronlles que non había ningún tipo de clase presencial.

Eu creo que ao final se está demostrando o que xa se demostrou antes: vehemencia criticando a FP dual; vehemencia criticando os CIFP, vehemencia criticando a FP básica e despois pedirón máis. Eu estou seguro de que agora vostedes están criticando e demonizando a FP a distancia e cando se dean conta de que hai unha demanda crecente na sociedade desta modalidade educativa, por diferentes motivos, vannos pedir máis. E nós dirémoslles que moitas grazas. O tempo dá e quita razóns.

E falan de que imos dedicar menos recursos. Mire, eu son unha persoa que intento ser prudente e intento non confundirme, sobre todo porque vostedes mo botarán á cara se me confundo; e fan ben. Pero están dicindo que a ensinanza a distancia non serve para nada; están dicindo que non ten validez, que saen peor formados, que ten mala calidade... E eu estoulles dicindo a realidade. Miren, se dende este Goberno hai aproximadamente dez anos lles fixémoso caso a vostedes, a FP non experimentaría a auténtica —nós chamámoslle— «revolución silenciosa» que experimentou nos últimos anos.

Fíxense simplemente nunha cuestión. Cando este Goberno entrou a FP perdía alumnos progresivamente, co Partido Socialista e co Bloque. Durante o Bipartito todos os anos a FP perdía alumnos. Dende o ano 2009 ata hoxe incrementamos as matrículas en máis dun setenta por cento. Estamos en máximos históricos. Cando no ano 2009 este Goberno colleu a formación profesional, igual que o conxunto das políticas públicas de Galicia, a formación profesional tiña unha empregabilidade do trinta e catro por cento, aproximadamente. Hoxe ten un oitenta e cinco por cento nos ciclos ordinarios e practicamente o cen por cento nos ciclos de FP dual.

Vostede entenderá que das medidas que se foron adoptando vostedes sempre se posicionaron en contra, igual que se posicionan agora en contra da FP a distancia coma se fose unha novidade, que non é ningunha novidade. Entenderá que afortunadamente non lles fixemos caso. A FP nos últimos anos mellorou notablemente, grazas sen dúbida ningunha, ao traballo do profesorado dos centros educativos, dos equipos directivos e tamén á crecente confianza das empresas.

E vostede fala de que os datos non son reais ou de que non hai demanda. Eu simplemente voulle poñer encima da mesa uns datos de hoxe á unha —ás trece horas de hoxe— relativos ás solicitudes de formación profesional. O prazo abriuse, saben vostedes, o venres; tres días aproximadamente. Son datos provisorios. Non o vou dicir porque van cambiar, sen dúbida; quedan aínda moitísimos días e sen dúbida vanse incrementar. Cando teña estes datos pechados fareinos públicos para que se vexa se realmente a decisión de incrementar a ensinanza modular de adultos a distancia é un acerto ou non.

Eu pódolles dicir que, no día de hoxe, para os módulos de adultos a distancia, tanto en ciclo medio como en ciclo superior, ao mellor non nos chega a oferta de todo o que facemos. Mire vostede o desastre que é que para a sociedade galega (os traballadores galegos, a poboación galega, os alumnos que queren facer estes ciclos) todo iso que estamos facendo, segundo



vostedes para privatizar e para recortar, que ao mellor non é suficiente. E ao mellor, vaia vostede saber, ata nos piden que incrementemos a oferta modular a distancia para adultos.

Plantexan un discurso, como xa digo, parcial; un discurso absolutamente parcial e absolutamente segmentado. Non coñecen, perdoen que llelo diga, como están funcionando as demandas dos alumnos que desexan facer estes ciclos. Creo que hai un discurso moi ideolóxico, que é contrario ás demandas das persoas que están nesta folla de cálculo de Excel. *(O señor conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, Rodríguez González, amósalles un documento aos membros da Cámara.)* Segundo vostedes é un número, pero son as persoas que están aquí e sonlles moitas. Estou seguro de que dentro de pouco vai haber moitas máis e seguramente vostedes nos cuestionarán e nos dirán: «é que non chega a oferta modular a distancia que vostedes plantexan». E nós dirémoslles: «Pois caemos todos do cabalo como San Pedro».

Pero, ¡por favor! o que non se pode plantexar é unha dinámica en certa medida tan básica. Nós con esta oferta, a maior de Galicia, o que queremos é dar oportunidades aos xoves que demandan formarse para estar cualificados, reciclados e formados para dar resposta ás necesidades dos sectores produtivos e para formar bos profesionais que posibiliten mellorar a competitividade tanto das empresas como dos servizos públicos aos cales van dirixidos os profesionais que se forman na formación profesional.

E miren, nós queremos dar oportunidades...,

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, señor conselleiro. Sabe que nas preguntas o tempo é...

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): ...e o que queremos plantexar é, como xa dixen, unha oferta educativa onde medran todas as modalidades de formación profesional e, por suposto, tamén medra a formación profesional modular a distancia para adultos.

Moitas grazas.

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, señor conselleiro.

Pasamos á seguinte pregunta.

Pregunta de D. Julio Torrado Quintela e D^a Patricia Otero Rodríguez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións do Goberno galego en relación coas medidas que limitan a extracción da mexilla

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Para formular a pregunta ten a palabra o señor Torrado Quintela.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidenta.

Boa tarde a todas e todos.



Boa tarde, señor Villares. Benvido como conselleiro a esta Cámara, con todo o desexo de acertos e de boa fortuna neste período que lle corresponde. Non sabemos se será breve ou moi breve pero, en todo caso, todos os desexos posibles.

O sector necesítalo e por iso lle damos todos os ánimos que poida necesitar. Sobre todo porque vén vostede a unha consellería que estaba protagonizando excesivos conflitos, infinitos. Un deles xa era un gravísimo problema para a propia consellería. Tal é así que a conselleira tivo que fuxir a unha provincia do interior. Tamén é certo que era normal, porque a ver quen ía facer campaña con ela en portos de mar. Pero, en fin, máis alá diso... *(Aplausos.)*

Un deses conflitos que afrontamos no sector que vostede ten que dirixir agora ten que ver coa estación de mexilla, cuestión que vostede seguro que coñece. A mexilla é este conflito, digamos, que se define como unha cuestión moi sinxela: sesenta anos aproximadamente levaban bateiros e percebeiros convivindo e resolvendo os problemas nas rochas ata que entrou esta consellería ou, polo menos, a anterior dirección como elefante en cacharrería a intentar provocar un conflito que por momentos parecía incluso que disfrutaban con el.

A situación volveuse moi difícil, porque os percebeiros víanse atacados e inseguros e os bateiros víanse moi afectados e ninguneados. Non había ningún contento, salvo a dirección da consellería.

Isto afectou probablemente a calidade do produto. Non a de agora, senón a que imos ter nos próximos anos. Perdemos capacidade de ter un bo produto, por exemplo, no percebe ou no mexillón, que son emblemas de Galicia. Isto para nós é moi preocupante.

Os datos preocupan en si. É certo, por exemplo, que os do percebe dos últimos anos tamén preocupan, pero é unha evidencia —e todo o mundo sabe— que acusar a extracción de mexilla diso é un erro absoluto. Polo tanto, vostedes deberían buscar as causas. Niso animámoslos a que as atopen. Pero non provocar conflitos, nin botar a culpa uns aos outros ou intentar que se enfronten uns cos outros para eludir as súas responsabilidades. Porque é moi perigoso buscar que se enfronten os demais.

Nós temos unha proposta coa que levamos tempo intentando convencer a anterior consellería. Pouco éxito tivemos, iso tamén é certo. Con esta cuestión intentabamos resolver a cuestión ou, polo menos, poñer —digamos— as bases para resolver a cuestión. É relativamente sinxela. Aquí houbo unha entrada da consellería que provocou un problema e que explotou por arriba con el e nós pretendíamos volver xusto atrás diso; xusto antes diso, volver á casiña de saída. ¿Por que? Porque é posible que teñamos que facer cambios na regulación e é posible que teñamos que poñer a funcionar o nivel de entendemento e consenso entre os colectivos.

Pero iso hai que facelo antes de provocar un problema como se provocou. Volver a esa casiña de saída e aí traballar con datos actuais e propios. Para vostede será tamén unha sorpresa que a conselleira non tivese datos nin actuais nin propios. E coa participación dos afectados, de verdade e sen imposicións. A pregunta é ¿ten vostede a intención de cambiar a política da consellería e sumarse a ese acordo que lle propoñemos todos?



A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, señor Torrado.

Para contestar a pregunta ten a palabra o señor conselleiro do Mar, o señor Villares Bermúdez, ao que lle damos a benvida a este Parlamento na súa primeira intervención.

O señor CONSELLEIRO DO MAR (Villares Bermúdez): Moitas grazas, señora presidenta. Señor Torrado. Señorías.

Moi boas tardes a todas e a todos.

Primeiro, como non, gustaríame saudalos con motivo desta miña primeira ocasión de comparecer nesta Cámara para dar respostas ás preguntas das súas señorías neste labor de control ao Goberno.

Certamente fago esta primeira asistencia para dar conta dun asunto moi importante para a consellería e para o sector. Por iso quero darlles as grazas polo seu interese con esta iniciativa. Este é un tema no que, rematada a campaña de recolección da cría do mexillón, semella que a cuestión volveu ao seu rumbo de sempre. Semella que este resultado exemplifica que non houbo nin tardanzas nin inmovilismo.

Cabe sinalar que durante esta campaña se foron recollendo moitas das propostas que se nos fixeron desde o sector. Entre estas propostas están as de abrir novas zonas e de incorporar, de xeito xeral, os portos radicados nas costas galegas.

Coa primeira apertura foise dispoñendo a posibilidade de recolección de mexilla en arredor de doce quilómetros adicionais de costa, centrados nos principais espazos de demanda do sector bateiro: en Aguiño, no Grove, en Cangas, en Baiona e en Bueu.

Coa segunda apertura foron dispostos vinte e dous quilómetros de costa atendendo ás distintas peticións das asociacións e bateiros da zona interior da ría de Arousa, que fundamentaban na existencia predominante de mexilla nas zonas sinaladas.

Desde logo, esta apertura e disposición das zonas axudou a desconxestionar este problema. Creo que desmente a suposta inflexibilidade que se lle atribúe a esta consellería e ao seu equipo.

Estes pasos, ademais da rapidez en dalos, foron tamén dirixidos a evitar posibles tensións. Aínda que poden ser controvertidos, van orientados a que ambos sectores poidan convivir e vivir. Incluso, pese a que xa fora compensado o tempo de falla de apertura en decembro, foron atendidas as peticións de extensión da campaña na medida proporcional á demanda real, cuestión que referenda a vontade da Consellería do Mar de traballar de forma flexible.

Pero esta situación danos pé a un plantexamento xa explicitado nesta Cámara, como é a necesaria e recomendable ordenación da extracción da mexilla mediante un plan de xestión. E, créanme, ese é o futuro. Esta ferramenta debería servir para adecuar a extracción ás necesidades e, xunto con outros métodos de produción, solventar eses posibles problemas de axuste entre a disposición da mexilla e as necesidades que teña o sector.



Moitas grazas.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, conselleiro.

Para a quenda de réplica ten a palabra o señor Torrado Quintela.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidenta.

Eu entendo que é difícil afacerse aos cargos. Iso é natural pero, en todo caso, algo hai que afacerse. Dígoo porque vostede contoume todo o que nos contaban hai meses que, en fin, estaría ben para a anterior dirección.

Aquí ultimamente utilízanse moito as referencias musicais. Así, como diría Julio Iglesias, «*la vida sigue igual*». Eu agardo que non. Non é tampouco que me guste moito Julio Iglesias, pero non ten que ver. Dígoo porque vostede contoume o que fixeron os anteriores e pouco menos que considerou, por algo que dixon, que isto é algo que xa pasou e que xa non hai ningunha protesta. ¡E, ala, xa acabou!

Eu tería bastante preocupación se vostede cre que isto xa terminou, como agora non parece haber barullo todos os días. Que o que parece que lle preocupa en realidade é o barullo; que non teñan percebe ou non teñan mexillón parece que lle preocupa menos.

Hai un rato un deputado da Mariña moi enxeñoso mencionaba que na Mariña din «apaga e vámonos». Eu doulle un pouco a volta: se vostede pensa que terminou, cando se vaia apague a luz. Porque creo que vostede ten un problema se pensa que isto terminou.

Nisto están vostedes provocando o inicio dun grave conflito, un grave conflito. Porque xa non é que estean querendo enfrontar bateiros con percebeiros, que o intentaron e o conseguiron en parte. Pero eu creo que xa están todos de acordo en que a culpa é súa; do seu goberno, polo menos. Pero se o que vostede pretende agora é dicir que xa pasou todo, non está entendendo que hai un problema dos produtores co seu produto e, por tanto, de todo un sector económico e social que ten un grave problema a futuro. Porque vai ter menor calidade do produto, porque vai entrar produto estranxeiro en vez de produto propio e porque temos por diante a necesidade de reformular un sector que vostedes están botando para abaixo e afundindo no mar.

Vostede defendeuse de cousas que eu non lle dixen, como a inflexibilidade. *Excusatio non petita*... Pero, en todo caso, eu o que lle digo é que non me fale do de antes, porque acabou cunha conselleira do Mar...

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: ...fuxindo a unha provincia do interior. O que lle pregunto é: ¿que vai facer vostede? Esa é a pregunta.



(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Moitas grazas, señor Torrado.

Para a réplica ten a palabra o señor conselleiro do Mar.

O señor CONSELLEIRO DO MAR (Villares Bermúdez): A verdade é que cando comentaba e falaba ao primeiro dicía que esperemos que dure un tempo máis que prudencial. A verdade é que eu olvideime de dicir ao primeiro que para min foi un honor estar vinte e oito anos na Corporación de Cervo e dezaseis como o máximo representante. Home, a dezaseis igual é moito chegar, pero esas son as cifras coas que xogamos. (Aplausos.)

Por outro lado, o interese que neste caso ten o seu grupo á hora de presentar esta pregunta tamén se pode ver e se pode aclarar, unha vez que a presentaron no mes de decembro e estamos no mes de xuño e aí veñen hoxe falar da mexilla. Polo tanto, durante estes meses a preocupación foi mínima. E foi mínima porque vostedes foron perfectamente conscientes de que, desde que xurdiu a problemática pola falta de mexilla durante esta temporada, no mes de decembro os responsables da Consellería do Mar xuntáronse máis de vinte veces co sector. Porque despois dun mes, neste ano 2023 no que estamos, durante máis de trinta reunións a Consellería do Mar e o seu equipo estiveronse reunindo co sector para solucionar un problema. Un problema que nos veu e un problema o cal nestes momentos podemos dicir que tivo unha solución máis que óptima.

Polo tanto, eu creo que o interese que a Consellería do Mar mostrou foi máis que evidente. Creo que se pode ver con todas as reunións que tiveron lugar durante todo este ano. O interese que vostedes mostraron foi que presentaron unha pregunta hai seis meses e preséntana hoxe. Polo tanto, tamén a comparativa se pode facer fácil.

E sobre a inflexibilidade da que falaba nalgún momento e tamén sobre o que falaba agora de cal era o traballo que iamos facer desde a consellería... A flexibilidade tamén queda reflectida con todos os distintos pasos, as aperturas de espazos para recoller a mexilla, que se fixeron sempre da man de sector durante todo este ano. Polo tanto, fomos flexibles e estivemos ao lado do sector, que ese é o noso traballo.

Eu aprendín moito durante todos os meus anos no servizo público, porque son vinte e oito anos que estiven representando os meus veciños. Para min foi unha auténtica honra, como é unha honra agora mesmo representar todas as mulleres e todos os homes do mar de Galicia. Para iso vou traballar. Evidentemente, non vou escatimar nin unha hora nin un minuto. Para iso me vou dispoñer e para iso estou aquí. Polo tanto, teño o meu aval, o aval de toda unha traxectoria na que traballei ao servizo público. Repítolle, señor Torrado, vinte e oito anos traballando ao servizo público, desde a oposición e tamén desde o goberno, eses dezaseis anos dos que lle acabo de falar.

Quédanos agora mesmo un tempo para traballar, esperemos que sexa abondo. Eu creo que así vai ser, porque tamén eu considero que a xente de Galicia ten moitísimo sentido común e sabe o que ten e a xente que os ten que representar e a que non.



Tamén, xa que vostede aludiu a unha canción, aínda que eu non tiña nada preparado tamén vou aludir a outra —e ademais hoxe é o día—. Unha canción de Sinestro Total que falaba da «miña terra galega». Esa é a miña terra galega, pola que vou traballar; polas súas xentes, pola xente do mar, polas mulleres e polos homes.

Moitas grazas.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Moitas grazas, conselleiro.


Alteración da orde do día

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Toda vez que a pregunta 7.9 foi retirada por petición dos seus autores, rematamos aquí a orde do día e, polo tanto, a sesión.

Moi boa tarde.

Remata a sesión ás sete e vinte e cinco minutos da tarde.





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

